

PLAN ESTRATÉXICO ZONAL

GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA da ZONA 1: COMARCAS DE A MARIÑA E ORTEGAL

Fondo Europeo Da Pesca – Eixe 4

2007-2013

Asociación “Grupo de Acción Costeira

A Mariña Ortegal”

Outubro 2008

ÍNDICE

1.	ANÁLISE E DIAGNOSE	4
1.1.	DELIMITACIÓN DO TERRITORIO E DO MEDIO NATURAL	4
1.1.1.	Situación Xeográfica	4
1.1.2.	Análise do Medio Natural	5
1.1.3.	Análise sociodemográfica.....	16
1.1.3.1	Volume e distribución espacial da poboación	16
1.1.3.2	Evolución da poboación.....	18
1.1.4.	Estrutura demográfica.....	26
1.1.5.	Nivel de instrución	30
1.1.6.	Indicadores de calidade de vida.....	31
1.1.7.	Tecido asociativo	33
1.1.8.	Elementos culturais propios	34
1.1.9.	Mercado de traballo	37
1.1.9.1	Evolución do paro por sectores e por sexo	37
1.1.9.2	Situación laboral de mulleres e mozos.....	38
1.1.10.	Análise sectorial	38
1.1.11.	ESTUDO DA SITUACIÓN DAS CONFRARÍAS.....	40
1.1.11.1	Confraría de Ribadeo	45
1.1.11.2	Confraría de Foz.....	48
1.1.11.3	Confraría de Burela.....	53
1.1.11.4	Confraría de San Cibrao	57
1.1.11.5	Confraría de Celeiro	61
1.1.11.6	Confraría de O Vicedo	65
1.1.11.7	Confraría de O Barqueiro	69
1.1.11.8	Confraría de Espasante	72
1.1.11.9	Confraría de Cariño.....	76
1.1.11.10	Confraría de Cedeira	80
1.2.	ANÁLISIS DAFO.....	85
1.3.	PREVISIÓN DE CREACIÓN DE EMPREGO.....	90
2.	PROPOSTA ESTRATÉXICA DE ACTUACIÓN	91
2.1.	ESTRATEGIA A SEGUIR POLO GAC AO ABEIRO DAS PRIORIDADES ESTABLECIDAS NO FEP.....	91
2.2.	ACTUACIÓNS PREVISTAS SEGUNDO AS LIÑAS ESTRATÉXICAS ESTABLECIDAS NO PEZ, AGRUPADAS NOS EIXOS PRIORITARIOS.....	95
2.3.	CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS: BAREMO E REGLAS PARA A ASIGNACIÓN DAS PORCENTAXE DE AXUDA PÚBLICA.	113

3.	PROPOSTA DE EXECUCIÓN DO PLAN	120
3.1.	PLAN FINANCEIRO	120
3.2.	CRONOGRAMA DE EXECUCIÓN DO PLAN	120
3.3.	GASTOS DE XESTIÓN E PROMOCIÓN	120
3.4.	SISTEMAS DE CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN.....	122
4.	ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO PEZ	125
4.1.	MECANISMOS DE GARANTÍA DOS PRINCIPIOS DE OBXECTIVIDADE, PUBLICIDADE, IMPARCIALIDADE E LIBRE CONCORRENCIA.	125
4.2.	ENFOQUE INNOVADOR DA ESTRATEXIA E DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS	125
4.3.	PLAN DE INFORMACIÓN, PUBLICIDADE E TRANSFERENCIA....	125
4.4.	SUSTENTABILIDADE DO PROXECTO E DO GAC MÁIS ALÁ DA XESTIÓN DO PROGRAMA	128
5.	FONTES DE CONSULTA	130

1. ANÁLISE E DIAGNOSE

1.1. DELIMITACIÓN DO TERRITORIO E DO MEDIO NATURAL

1.1.1. Situación Xeográfica

A zona correspondente ao Grupo de Acción Costeira 1 (GAC 1) comprende os seguintes concellos, de Leste a Oeste:

- Ribadeo
- Barreiros
- Foz
- Burela
- Cervo
- Xove
- Viveiro
- Vicedo
- Mañón
- Ortigueira
- Cariño
- Cedeira
- Valdoviño




Ilustración 1: Zona GAC 1. Fonte: Guía da Candidatura GAC

Cun total de 1.155 km² e 86.073 habitantes, a Zona 1 é un espazo de complexas relacións naturais e sociais, cunha elevada diversidade interna, enlazada con fluxos físicos, humanos e económicos que conforman o seu atractivo turístico.

1.1.2. Análise do Medio Natural

ESPAZOS NATURAIS

A costa galega cos seus 1.195 Km presenta unha morfoloxía moi variada, na que se alternan as enseadas, promontorios, areais, acantilados, marismas, zonas abertas ao temporal ou abrigadas. A riqueza é inmensa e a paisaxe única. No en tanto en gran parte da costa foise producindo dun xeito progresivo un forte proceso urbanizador, que está a provocar unha degradación paulatina de gran parte do noso litoral.

Moitos usos e actividades do litoral son fundamentais dende o punto de vista económico. Cómpre protexer a franxa litoral das fortes demandas ás que está sometida, xa que se trata de espazos moi sensibles e de moi lenta e difícil recuperación.

Os principais riscos ambientais aos que está sometida Galicia (Informe de Sotenibilidade Ambiental do Programa operativo FEDER de Galicia 2007-2013) asócianse principalmente ao desbordamento de canles, riscos de verteduras, contaminación atmosférica e incendios forestais. Por iso faise necesario potenciar estruturas de protección e ordenación a través de plans de preservación e ordenación territorial.

No ámbito enerxético é importante adecuarse á política da UE, que concede un amplo protagonismo ao uso sostible das enerxías, e máis tendo en conta que Galicia conta cunha situación privilexiada para a produción de enerxía renovable.

Ribadeo é o Concello que máis figuras de protección ambiental posúe debido á presenza de Ría na desembocadura do Eo, paraxe natural de gran interese ecolóxico. É importante a presenza de ata un centenar de especies de aves entre sedentarias e migratorias.

Entre as súas praias destacan as de "As Catedrais", con espectaculares formacións rochosas e "Os Castros", entre outras.

Outro punto de interese é O monte de Santa Cruz, cun área recreativa e un miradoiro situados a uns 180 m de altura sobre a ría, do que gran parte repoboouse con árbores autóctonas.

O veciño Concello de Barreiros conta con oito quilómetros de belas praias, situadas entre a desembocadura do río Masma ata a praia de As Catedrais. Cara ao interior a topografía vólvese máis accidentada pola aproximación das estribacións das serras que pechan polo Norte a meseta lucense.

De gran beleza paisaxística é a ría de **Foz**, que xunto a enseada de Vilaxoane son os accidentes máis notables do litoral. Na vexetación existe o bosque mixto de carballos e bidueiros, os ameneiros e especies de repoboación (eucalipto e piñeiro).

O Concello de **Burela** ten un tipo de costa lineal chea de praias formadas aos pés dos cantís e areais, e separados a miúdo por farallóns. O terreo é fértil e pizarroso, atravesado por varios arrosios de pequeno caudal e curso perenne. As especies vexetais máis comúns son toxeirás, salgueiros, piñeirais, eucaliptos e xunqueiras marítimas. A fauna está constituída por corzos, xabaril, esquíos, martas, gaivotas, corvos mariños e abundantes crustáceos e moluscos.

Na zona costeira do Concello de **Cervo** ábrense numerosas praias e calas de gran beleza natural (con abundancia de aves acuáticas, especialmente durante a época invernal e nos desprazamentos migratorios); a zona interior está formada polas estribacións da Serra do Xistral. A drósera e a cuscuta son as especies florais máis destacadas.

A paisaxe costeira do Concello de **Xove** é o seu maior atractivo, cun relevo bastante accidentado intercalando praias e acantilados. A flora e a fauna é moi rica e variada porque conflúen as da franxa costeira e as da zona interior. Con respecto á vexetación combínanse os espazos cultivados coas grandes áreas de repoboacións forestais de eucalipto que substituíron ao bosque autóctono.

En Landrove e debido ao réxime de mareas, a partir da parroquia de Galdo o Landro describe un pronunciado meandro formando á súa vez unha serie de zonas pantanosas. No seu tramo final aparece a Ría de **Viveiro** cuxo estuario comeza a formarse en Portochao. Éste prolóngase ata a desembocadura ao longo de tres quilómetros, formando unha ampla e rica chaira. A fauna é a típica da zona cantábrica: aves rapaces xunto coa colonia de aves acuáticas, sendo notable a abundancia de gaivotas. Anfibios e réptiles: pínegas, lagartas, cobras, ras... e mamíferos (ademais das vacas, ovellas e cabalos que pastan en liberdade poboando os montes do interior), e depredadores como o lobo, raposo, corzo e xabaril.

Polo Concello de **O Vicedo** discorre o río Sor (o cal forma a Ría de O Barqueiro, areais como as de O Vicedo ou San Román), que actúa de límite interprovincial separando Lugo de A Coruña. Ademais do Val do Sor, os illotes costeiros como o da Illa Coelleira funcionan como refuxio e lugar de cría para numerosas aves mariñas.

O Concello de **Mañón** ocupa a vertente occidental do río Sor, cunha particular configuración xeográfica ó ter un ancho que oscila entre os 1000 e os 1400 metros lineais, e unha lonxitude de trinta quilómetros. O río Sor e afluentes dan lugar a vales de abundante vexetación. Destacan as formacións da Faladoira (605 metros), Cruz da Palloza (616 metros), Coriscada (523 metros) e Facho da Meda (331 metros).

No extenso territorio de **Ortigueira** contrastan as paisaxes costeiras con fértiles vales coas do interior con sinaladas serras. Na parte máis occidental do municipio sitúase a serra da Capelada, con alturas como o Concepenido (572 metros) ou Pico de Moles (507 metros).

A ría de Ortigueira e Ladrado é un dos humidais máis importantes de Galicia e destaca a nivel mundial pola súa riqueza faunística e vexetal; pode chegar a xuntar dez mil exemplares entre parrulos, gansos, limícolas, garzas, gaivotas, corvos mariños e outras aves.

Destaca a presenza de mamíferos como a lontra (incluída na Lista Vermella da UICN -de especies ameazadas- e nos anexos II e V da Directiva Hábitats); os anfibios (tres deles son ademais propios e exclusivos da Península Ibérica: rana ibérica, limpafontes común e o sapo das veigas). Ademais de ser zona de paso de milleiras aves migratorias, hai máis de duasetas especies de aves observadas, algunhas delas verdadeiras rarezas no ámbito estatal e europeo. Destacan o Bilurico maculado e os Gansos de cara branca.

Cabo Ortegal, ao norte de **Cariño**, é un promontorio onde confluen as augas do mar Cantábrico e do océano Atlántico fronte aos seus cantís mariños.

O conxunto xeolóxico dos Tres Aguillóns son penedos que figuran coma os máis altos e abruptos da Unión Europea. (A Vixía Herbeira con 613 metros de caída vertical é o cantil costeiro máis alto).

Punta do Limo, no Oeste, ten unha parede rochosa por riba da cal algúns ríos verten as súas augas directamente ao mar formando fervenzas de varios centos de metros de altitude.

Cedeira posúe belas paisaxes ó ter formacións coma a Serra do Eixil, a Serra da Capelada e os cantís máis altos da Europa Atlántica.

O relevo de **Valdoviño** caracterízase pola súa gran variedade de formas e paisaxes, tanto costeiras como interiores.

Na zona setentrional existe un relevo moi articulado con aliñacións de escasa altitude que culminan no pico Monte Agudo de 376 m. Nelas danse vales destacando o do río Forcadas.

A fronte costeira é accidentada con puntas que alternan con praias abertas ao mar como as de Baleo e Pantín ou situadas dentro da ría de Cedeira, como a de Vilarrube.

Na parte meridional a topografía é totalmente diferente, con relevo suave e pequenas praias como Campelo, e o amplo areal de A Frouxeira. Este areal dá lugar a un dos máis atractivos ecosistemas da península ibérica.

En toda a Zona do GAC 1 existen espazos nos que viven importantes comunidades animais e vexetais nunha combinación de figuras de interese natural recoñecido:



Ilustración 2: Espazos protexidos Zona GAC 1. Elaboración propia e mapa de Fonte: Consellería de Medioambiente e Desenvolvemento Sostible.

Río Eo, Oscos e Terras de Buron: nesta zona 1 abrangue so o concello de Ribadeo. Reserva da Biosfera. Superficie total: 158.883 Ha.

Ría de Ribadeo: Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, zona Humida Protexida (563,44 Ha) e Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) (614 ha). Ribadeo. Rede Natura 2000.

Río Eo: Lugar de Importancia Comunitaria (1.003 Ha), Humedal de importancia internacional RAMSAR (1.740 Ha). Ribadeo.

Praia das Catedrais: Monumento Natural (28,94 Ha), Zona de Especial Protección dos Valores Naturais e Lugar de Importancia Comunitaria ("As Catedrais", 297 Ha). Ribadeo.

Ría de Foz-Masma: Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) (Superficie total: 575,17 Ha), Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, Zona

de Especial Protección para as Aves (ZEPA) (superficie total: 564 Ha), Rede Natura 2000. Foz e Barreiros.

Monte Maior: Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. Superficie total: 1243,49 Ha. Viveiro e Xove.

Río Ouro: Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. Superficie total: 72,16 Ha. Foz.

Serra do Xistral: Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. Superficie total: 22480,98 Ha. Viveiro, Xove e Cervo.

Souto da Retorta: Monumento Natural . Superficie total: 3,12 Ha. Viveiro.

Río Landro: Lugar de importancia comunitaria (LIC), Rede Natura 2000, Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. Superficie total: 88,94 Ha. Viveiro.

Costa Mariña Occidental: Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) (2169 Ha), Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) Rede Natura 2000 (487,58 Ha). O Vicedo, Viveiro, Xove e Cervo.

Ría de Ortigueira e Ladrado: Humedal de importancia internacional RAMSAR. Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. Lugar de Importancia Comunitaria (LIC). Zona de Especial Protección para as aves (ZEPA). Superficie total : 2.987 Ha. Humedal Protexido. Cariño, Ortigueira.

Lagoa e areal de Valdoviño: Humedal de importancia internacional RAMSAR. Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. Lugar de Importancia Comunitaria (LIC). Zona de Especial Protección para as aves (ZEPA). Humedal Protexido. Superficie total: 4.266 Ha. Valdoviño.

Estaca de Bares: Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. Superficie total: 935,79 Ha. Mañón, Ortigueira.

Costa de Ferrolterra- Valdoviño: Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, Zona Húmida Protexida ("Lagoa e areal de Valdoviño" 740,70 Ha), Lugar de Importancia Comunitaria ("Costa Ártabra", 7658,53 Ha), Zona Ramsar ("Lagoa e areal de Valdoviño", 255 Ha) e Zona de Especial Protección das Aves (4.266 Ha). Valdoviño.

Outros espazos, aínda que non protexidos, merecen ser sinalados: a área xeolóxica de Castrelo (Burela), a área granítica de monte Castelo (Viveiro-

Ourol), o erbedal da Rúa (Sargadelos), o Pozo da Ferida (Viveiro-Xove), o da Onza (Valadouro), e outros.

Algunhas das rutas sinaladas que se poden facer para disfrutar da zona son "Paisaxes da Mariña", "Pardo de Cela", "Ruta do Ferro", "Camiño Norte de Santiago", "Ruta dos Castelos e Fortarezas", etc.

RESIDUOS

Englobado no marco do Programa de Rexeneración de Espacios Degradados a Consellería de Medio Ambiente elaborou o Plan Xeral de Adecuación, Selado e Clausura de Vertedoiros, no que se formulan as estratexias e solucións necesarias para a adecuación, selado e clausura dos vertedoiros e puntos de vertido incontrolado existentes.

O citado Plan pretende dotar a Galicia das infraestructuras precisas para a recollida selectiva dos residuos; e ao mesmo tempo que se executan estas actuacións aborda-la clausura dos actuais vertedoiros. Como consecuencia do desenvolvemento deste Plan á data de hoxe pecháronse xa algúns vertedoiros na Zona do GAC1:

CONCELLO	SUPERFICIE (m ²)	DISTANCIA AL NÚCLEO URBANO (m)	ANO CLAUSURA DAS OBRAS
BARREIROS	2.730	500	1999
BURELA	800	1.200	2002
CARIÑO	17.800	1.000	2004
CEDEIRA	1.755	2.000	2002
FOZ	3.640	600	2.001
MAÑÓN	2.140	300	2007
O VICEDO	7.700	2.150	2004
ORTIGUEIRA	2.300	800	2006
RIBADEO	20.700	700	2000
VALDOVIÑO	4.000	500	2003
VIVEIRO	3.000	1.800	2.003

Ilustración 3: Vertedoiros clausurados. Elaboración propia. Fonte: Consellería de Medioambiente e Desenvolvemento Sostible.

Tras un pormenorizado estudio sobre a problemática existente debido á frecuente presenza de contedores de residuos (vidro, papel, orgánicos, bricks, latas e plásticos) nas vías públicas, decidiuse desenvolver un sistema mecanizado, que consiste en soterrar os actuais contedores de superficie, para mellora-lo aspecto estético das vías urbanas. Burela, Cariño, Cedeira, Cervo, Foz, Ortigueira E Viveiro son os Concellos da Zona 1 que a día de hoxe contan con este sistema (segundo datos da Consellería de Medioambiente e Desenvolvemento Sostible).

Os puntos limpos son recintos situados no entorno das cidades, vilas, pobos e aldeas e que teñen o obxectivo fundamental de servir aos cidadáns como centro de achega voluntaria para a recollida selectiva dos residuos producidos no ámbito domiciliario.

CONCELLO	ANO EXECUCIÓN OBRAS	COSTE EXECUCIÓN (€)
BARREIROS	2002	193.127
BURELA	2001	199.701
CEDEIRA	2006	182.669
FOZ	2001	198.617
ORTIGUEIRA	2002	245.196
RIBADEO	2001	199.478
VIVEIRO	2002	186.964
XOVE	2004	243.632

Ilustración 4. Puntos limpos. Elaboración propia. Fonte: Consellería de Medioambiente e Desenvolvemento Sostible.

Vertedoiros de residuos de construción e demolición na Zona 1:

CONCELLO	ANO EXECUCIÓN OBRAS	VOL. NETO (m ³) VASO	PLANTA DE VALORACIÓN
ORTIGUEIRA	2005	3.600	SÍ
RIBADEO	2002	55.321	NON
XOVE	2002	24.020	NON

Ilustración 5. Vertedoiros de residuos de construción e demolición. Elaboración propia. Fonte: Consellería de Medioambiente e Desenvolvemento Sostible.

Na seguinte táboa pódense ver os núcleos de poboación da Zona 1 con e sen recollida selectiva de residuos:

NÚCLEO DE POBOACIÓN	CON RECOLLIDA SECTIVA	SEN RECOLLIDA SELECTIVA
BARREIROS	2	20
BURELA	1	0
CARIÑO	5	0
CEDEIRA	0	75
CERVO	7	10
FOZ	3	19
MAÑÓN	7	0
ORTIGUEIRA	63	12
RIBADEO	42	0
VALDOVIÑO	46	0
O VICEDO	13	6
VIVEIRO	12	29
XOVE	12	11

Ilustración 6. Núcleos de poboación con e sen recollida selectiva de residuos Fonte. IGE. Ministerio de Administraciones Públicas. Encuesta de Infraestructura y Equipamientos Locales. Os cadros conteñen os datos correspondentes aos núcleos de poboación, excluindo os diseminados. (06-02-2006)

AUGA

Segundo a *Análise Socioeconómica Augas Galicia Costa*, a pesca é un sector ó que é preciso prestar un especial interese xa que ademáis do litoral hai que unir as características formacións das rías, importantes non só para a pesca senon para a comunidade en xeral. É importante tamén ter en conta o gran tráfico marítimo existente que afecta á costa.

Augas de Galicia está a desenvolver os traballos de implantación da Directiva Marco da Auga no ámbito territorial de Galicia-Costa. Entre os primeiros pasos deste importante proceso, atópanse os seguintes estudos que pretenden ser un reflexo da realidade medioambiental e socioeconómica do territorio:

- Caracterización da Demarcación Hidrográfica.
- Estudo das repercusións da actividade humana no estado das augas superficiais e subterráneas.
- Elaboración dun primeiro rexistro de zonas protexidas.
- Análise económico dos usos da auga da Demarcación.

No ámbito da xestión da auga, a rede de Control da Calidade das augas superficiais de Galicia-Costa consta de 34 estacións, das que na zona estudada están no Masma, Ouro, Landro, Sor e Mera. Para determinar a calidade das augas analízanse un conxunto de parámetros físico-químicos e microbiolóxicos que permiten clasificalas de acordo cos criterios establecidos nas directivas europeas.

No período 1996-2004 realizáronse inversións en Servizos de Distribución e Tratamento de Augas Residuais na zona estudada no:

- Rio Landro E Rio Ouro: 18.527.510 €
- Rio Mera, Ria De Sta. Marta De Ortigueira E Ria De Cedeira: 8.926.489 €
- Rio Sor, Ria De Sta. Marta De Ortigueira E Ria De Viveiro: 3.329.148 €
- Ria De Ribadeo: 2.615.766 €
- Rio Masma: 823.489 €

A proposta realizada polo Plan Hidrolóxico de Galicia - Costa en materia de saneamento ten como principais obxectivos a realización das infraestruturas de saneamento necesario para cumprir as directivas comunitarias, a ampliación da cobertura das redes a tódalas edificacións dos núcleos de

poboación, a agrupación óptima de verquidos, e dotar a tódolos núcleos de máis de 100 habitantes de infraestruturas de saneamento. Neste eido as propostas para a zona 1 corresponden a:

- Saneamento de Ortigueira; execución de colectores e depuración secundaria.
- Saneamento de Cedeira; depuración secundaria.
- Saneamento de O Vicedo; execución de colectores e depuración adecuada.
- Saneamento de Viveiro; depuración primaria.
- Saneamento de Foz; execución de colectores e depuración primaria.
- Saneamento de Barreiros; execución de colectores e depuración primaria.
- Saneamento de Ribadeo; depuración primaria.

A seguinte táboa amosa os núcleos, vivendas e habitantes con e sen servizo de depuración de augas residuais:

CONCELLO	CON SERVIZO	SEN SERVIZO
BARREIROS	1.263	1.805
BURELA	7.939	0
CARIÑO	209	4.767
CEDEIRA	0	7.262
CERVO	2.830	933
FOZ	0	9.249
MAÑÓN	0	1.231
ORTIGUEIRA	1.810	6.083
RIBADEO	5.519	2.541
VALDOVIÑO	0	5.837
O VICEDO	1.303	584
VIVEIRO	11.782	2.402
XOVE	1.115	1.601

Ilustración 7. Núcleos, vivendas e habitantes con e sen servizo de depuración de augas residuais. Elaboración propia. Fonte: Ministerio de Administraciones Públicas. Encuesta de Infraestructura y Equipamientos Locales ANO 2000. Os cadros conteñen os datos correspondentes aos núcleos de poboación, excluindo os diseminados.

En canto ás infraestruturas contra as enchentas, o Plan considera os seguintes escanamentos nesta zona:

SISTEMA DE EXPLOTACIÓN	ZONA	ACTUACIÓN PREVISTA
Río Sor, Ría de Sta. Marta de Ortigueira e Ría de Viveiro	Sor	Eliminar obstáculos
Río Landro e Río Ouro	Cobo (San Cibrao)	Presa existente augas arriba. Estudos de laminación e posibles obras de seguridade de presas.
	Landro (Viveiro)	Dragado e modificación de obstáculos

Ilustración 8: Previsión de infraestruturas contra enchentas. Elaboración propia. Fonte: Augas de Galicia.

ACTUACIÓNS FRONTE AO CAMBIO CLIMÁTICO

Segundo o estudo realizado polo Parlamento Europeo (agosto de 2007) denominado "Climate Change and European Fisheries", unha das principais conclusións que se extraen é que se prevé que o cambio climático desencadee diferentes procesos que poden ter repercusións sobre a produtividade biolóxica dos ecosistemas mariños e sobre a distribución dos recursos.

Os efectos do cambio climático sobre a pesca afectarán a un sector que xa se caracteriza polo pleno aproveitamento dos seus recursos, polo que as modificacións na produtividade do ecosistema terán unhas repercusións moi importantes sobre a sostenibilidade do sector pesqueiro.

O estudo deixa aberta a cuestión de descubrir como se debería manexar a pesca á luz dos efectos do cambio climático sobre o medio ambiente mariño. É dicir, a pesca vai ter que adaptarse e a pregunta é cómo (e cando).

Para resolver a cuestión a tempo o informe destaca a necesidade da investigación en tres campos: efectos sobre as propiedades da auga e as especies clave, efectos sobre o ambiente biolóxico destas especies, e investigación sobre os impactos na pesca.

Segundo a Consellería de Medio ambiente e Desenvolvemento Sostible ("Evidencias do Cambio Climático en Galicia", 11-02-08), o cambio climático está a manifestarse a través de evidencias detectadas na climatoloxía, nos ecosistemas terrestres e nos mariños. Nestes últimos destaca o aumento da temperatura media anual da auga superficial oceánica fronte ás costas galegas nos últimos 30 anos a razón de 0,27°C/década. Os impactos sobre

as especies explotadas son dificilmente avaliábeis pola influencia antrópica, pero evidentes e importantes.

O "Plan Galego de Acción Fronte ao Cambio Climático 2008-2012" da Xunta de Galicia aborda dun xeito integral todo o conxunto de accións necesarias para afrontar os retos que no século XXI suporá o Cambio Climático. Este Plan estrutúrase en catro programas: mitigación do cambio climático; avaliación de impactos e adaptación; observación e investigación; e educación, información e cooperación.

O Plan define como obxectivo a elaboración de guías de adaptación ao cambio climático, unha por cada un dos sectores ou sistemas naturais máis relevantes en Galicia. A correspondente ao ciclo hídrico planifícase para o período 2009-2010, á resposta a eventos meteorolóxicos extremos no 2009, ao sistema litoral e infraestruturas costeiras no 2009-2010, ao turismo no 2010, e pesca e marisqueo 2010-2011, entre outros.

A Rede de Observación Ambiental de Galicia (ROAGA) é outro instrumento do Plan que ten por obxectivo o rexistro e procesado de variables ambientais co fin de estudar e modelar o comportamento dos sistemas naturais máis representativos. Na zona do GAC 1 esta rede está presente segundo indica o seguinte mapa:



Ilustración 9. Rede de observación ambiental de Galicia (ROAGA). Fonte: Plan Galego de Acción fronte ao Cambio Climático.

Unha das medidas de redución de emisión no sector pesqueiro contemplado no devandito Plan é a mellora da eficiencia enerxética nos buques pesqueiros (Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Puerto de Celeiro e socios), que pretende acadar un aforro de emisións de CO₂ debido ao cambio de combustibles de diferentes embarcacións de gasóleo e gasolina en Galicia por Gas Licuado do Petróleo (GLP) e Gas Natural Licuado (GNL) no ámbito do proxecto "Peixe Verde".

1.1.3. Análise sociodemográfica

1.1.3.1 Volume e distribución espacial da poboación

Os concellos a estudo son trece e aséntanse nun territorio de 1155,04 km², correspondendo 642,44 Km² a área da Mariña e 512,60 km² para a área considerada de Ortegal.

Dentro destes destacan como mais poboados Viveiro, Foz e Ribadeo; por outra banda, o que posúe menor poboación é o concello de Mañón.

En canto á densidade destaca, con moita diferenza sobre o resto, o concello de Burela xa que é moi elevada; o que ten menor densidade (e número de habitantes) é Mañón.

CONCELLOS	POBOACIÓN (nº hab.)	SUPERFICIE (Km ²)	DENSIDADE (hab/Km ²)
BARREIROS	3.246	72,42	44,82
BURELA	8.873	7,94	1.117,51
CARIÑO	4.680	46,80	100
CEDEIRA	7.482	85,40	87,61
CERVO	4.776	78,30	60,99
FOZ	9.841	100,29	98,13
MAÑÓN	1.693	82,20	20,60
ORTIGUEIRA	7.406	210	35,27
RIBADEO	9.704	108,94	89,08
VALDOVIÑO (O)	6.978	88,20	79,12
VICEDO (O)	2.086	75,97	27,46
VIVEIRO	15.706	109,39	143,58
XOVE	3.602	89,19	40,39
TOTAL	86.073	1155,04	74,52

Ilustración 10. Densidade de poboación por municipios. Ano 2007. Elaboración propia. Fonte IGE.

Destacan as seguintes **vías de comunicación**: os tramos construídos da A-8 Autovía do Cantábrico que comunica Galicia co resto do continente a través da Costa Cantábrica; a nacional 642 que enlaza a maioría dos núcleos de poboación da Costa Cantábrica; a estrada LU-540 que une Viveiro, e polo tanto tódolos pobos do Cantábrico, coa capital da provincia; a nacional 634 Santiago-Irún, outras estradas coma a AC-566, a AC-861 e a AC-862, e o ferrocarril costeiro de vía estreita Ferrol- Bilbao, con 25 estacións e apeaderos nesta zona. O Transcantábrico de Feve que permite coñecer o litoral Cantábrico.

Dos principais portos, destacan o de Burela e Celeiro cunha gran actividade comercial, o porto de San Cibrao o de maior tráfico (de uso exclusivo da

empresa Alcoa), seguidos polos portos de O Barqueiro, Cedeira, Ortigueira, Cariño e Espasante



Ilustración 11: Rede viaria Zona 1. Fonte: Vía Michelin.

Na maioría dos concellos a poboación está dispersa polas parroquias, e isto provoca unha desvantaxe social e económica, posto que deben desprazarse ata o núcleo poboacional grande mais próximo .

Un indicador desta situación é considerar como núcleo que dispoña da maioría dos servizos, o que conte con mais de 1500 habitantes (ver cadro).

CONCELLOS	DISTANCIA (Km) DAS PARROQUIAS AO NÚCLEO MAIOR DE 1500 HAB. MAIS CERCANO
BARREIROS	9-16
BURELA	0
CARIÑO	0-10
CEDEIRA	1-7
CERVO	8-13
FOZ	4-13
MAÑÓN	17-24
ORTIGUEIRA	1-18
RIBADEO	2-15
VALDOVIÑO	3-9
O VICEDO	9-16
VIVEIRO	1-11
XOVE	10-20

Ilustración 12. Distancia (Km) das parroquias ao núcleo maior de 1500 hab. mais próximo Elaboración propia. Fonte: Guía Campsa.

Segundo este indicador, a poboación mais desfavorecida é a do concello de Mañón, pois é a que maior percorrido ten que realizar.

1.1.3.2 Evolución da poboación.

A dinámica poboacional desta comarca de forma xeral está condicionada pola emigración da xente nova e un saldo vexetativo negativo, o que supón un envellecemento da poboación.

	Ano 1996	Ano 1998	Ano 2000	Ano 2001	Ano 2002	Ano 2003	Ano 2004	Ano 2005	Ano 2006	Ano 2007
BARREIROS	3.574	3.536	3.446	3.370	3.357	3.323	3.278	3.294	3.291	3.246
BURELA	7.925	7.915	8.045	8.105	8.176	8.380	8.348	8.621	8.755	8.873
CARIÑO	5.316	5.199	5.036	4.967	4.861	4.812	4.798	4.788	4.700	4.680
CEDEIRA	7.750	7.699	7.528	7.595	7.572	7.498	7.477	7.429	7.443	7.482
CERVO	5.143	5.086	5.082	5.056	5.016	5.060	4.978	4.949	4.847	4.776
FOZ	9.516	9.520	9.558	9.659	9.612	9.591	9.619	9.664	9.754	9.841
MAÑÓN	2.072	2.034	1.932	1.921	1.898	1.848	1.830	1.803	1.765	1.693
ORTIGUEIRA	8.893	8.748	8.533	8.397	8.299	8.022	7.830	7.697	7.376	7.406
RIBADEO	8.813	8.872	9.034	9.110	9.163	9.186	9.270	9.407	9.619	9.704
VALDOVIÑO	6.736	6.769	6.790	6.795	6.837	6.877	6.854	6.888	6.896	6.978
O VICEDO	2.564	2.460	2.392	2.341	2.303	2.228	2.181	2.146	2.090	2.086
VIVEIRO	15.209	15.298	15.456	15.455	15.444	15.379	15.389	15.505	15.576	15.706
XOVE	3.613	3.599	3.629	3.632	3.625	3.574	3.603	3.636	3.614	3.602
TOTAL	87.124	86.735	86.461	86.403	86.163	85.778	85.455	85.827	85.726	86.073

Ilustración 13: Habitantes por concello e ano. Elaboración propia. Fonte IGE.

	% VARIACIÓN PERÍODO 1996-2007	% VARIACIÓN PERÍODO 2002-2007
BARREIROS	-9	-3
BURELA	12	9
CARIÑO	-12	-4
CEDEIRA	-3	-1
CERVO	-7	-5
FOZ	3	2
MAÑÓN	-18	-11
ORTIGUEIRA	-17	-11
RIBADEO	10	6
VALDOVIÑO	4	2
O VICEDO	-19	-9
VIVEIRO	3	2
XOVE	-0,30	-0,63

Ilustración 14: Porcentaxe de variación da poboación por periodos. Elaboración propia. Fonte IGE.

Comparando os datos dos anos 1996 e 2007, vese unha perda de poboación na maioría dos concellos, agás nos de Burela, Ribadeo, Valdoviño, Foz e Viveiro, nos que a poboación aumenta. Os que sofren maior perda son O Vicedo, Mañón e Ortigueira.

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN POR CONCELLOS PERÍODO 1996-2007




Ilustración 15: Gráfico de Evolución da poboación por concellos período 1996-2007. Elaboración propia. Fonte IGE.

O Índice de envellecemento (relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20), permite apreciar os cambios interxeracionais

derivados do proceso de envellecemento. Estes evidencian un cambio nas demandas sociais, sobre todo en materia de saúde.

	ANOS									
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
BARREIROS	183,0	202,3	216,6	237,5	257,9	271,9	294,8	286,6	307,3	316,0
BURELA	43,7	48,1	52,9	58,4	62,0	65,1	70,6	71,1	71,8	75,7
CARIÑO	119,9	133	146,3	160,3	176,8	187,9	188,2	188,5	200,6	214,8
CEDEIRA	122,5	132,6	145,2	153,8	165,8	171,9	176,3	179,0	180,7	183,8
CERVO	63,7	70,9	77,7	88,4	96,9	105,1	114,6	119,2	132,2	139,8
FOZ	106,4	112,3	122,6	129,9	135,6	139,6	143,5	143,9	150,9	150,0
MAÑÓN	228,3	251,3	273,7	294,0	306,2	345,5	371,7	406,6	435,1	434,9
ORTIGUEIRA	179,3	195,3	208,5	234,3	249,2	266,2	287,1	301,1	332,0	336,2
RIBADEO	136,2	141,1	149,8	157,7	164,1	170,0	168,6	168,8	166,4	163,4
VALDOVIÑO	130,9	146,0	158,1	170,9	184,1	196,9	205,3	211,0	222,0	218,9
O VICEDO	138,3	153,7	169,9	189,0	209,4	218,7	234,3	229,9	247,3	248,5
VIVEIRO	90,1	96,6	104,9	111,8	118,8	124,6	133,4	137,7	140,8	139,1
XOVE	94,7	106,9	119,9	128,4	138,8	154,3	155,8	157,0	170,2	180,1
LUGO	144,3	153,4	162,4	172,6	181,7	187,0	191,5	195,5	200,5	204,3
GALICIA	94,7	102,0	108,7	116,3	121,9	125,6	128,3	130,4	133,5	135,2

Ilustración 16: Índice de Envellecemento 1998-2007. Elaboración propia. Fonte IGE.

Analizando a variación do Índice de envellecemento entre os anos 1998 e 2007, vese que aumentou en todos (ver gráfico), pero os que posúen menor variación son Ribadeo e Burela, que incluso teñen un aumento inferior ao producido en Lugo e en Galicia.

**ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO
PERÍODO 1998-2007**




Ilustración 17: Gráfico de Índice de Envelhecimento 1998-2007. Elaboración propia. Fonte IGE.

Os concellos con maior aumento do Índice de envelhecimento son Mañón, Ortigueira e Barreiros.

A porcentaxe de poboación maior de 64 anos (>64 anos/pob. total x 100), aumenta en tódolos concellos comparando os anos 1998 e 2007, agás no de Ribadeo que permanece igual. Os concellos con maior aumento desta porcentaxe son Mañón e O Vicedo.

Comparando os valores destes concellos cos de Galicia, os que están por debaixo son os de Burela e Cervo.

	PORCENTAXE DE POBOACIÓN >64 ANOS (%)	
	1998	2007
BARREIROS	29	31
BURELA	11	14
CARIÑO	22	27
CEDEIRA	23	26
CERVO	15	18
FOZ	21	22
MAÑÓN	33	39
ORTIGUEIRA	28	33
RIBADEO	24	24
VALDOVIÑO	23	26
O VICEDO	25	31
VIVEIRO	19	22
XOVE	20	24
LUGO	26	28
GALICIA	19	22

Ilustración 18: Porcentaxe de Poboación maior de 64 anos. Elaboración propia. Fonte IGE.

A evolución da poboación está afectada por varios factores: saldo vexetativo (diferenza entre nacementos e defuncións) e saldos migratorios, que inclúen emigracións e inmigracións.

SALDO VEXETATIVO

Durante o período 1996-2007 en tódolos concellos desta zona o número de defuncións é superior ao número de nacementos, dando lugar a un saldo vexetativo negativo (ver gráfico), agás no concello de Burela, que durante varios anos rexistra mais nacementos que defuncións (polo que o saldo é positivo).

	ANOS											
	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
BARREIROS	-35	-53	-62	-43	-61	-32	-30	-52	-29	-31	-50	-29
BURELA	-5	6	-18	-9	-12	4	5	-7	4	-7	23	21
CARIÑO	-50	-27	-44	-46	-31	-24	-34	-26	-34	-29	-38	-40
CEDEIRA	-57	-51	-54	-65	-69	-19	-63	-32	-66	-45	-37	-37
CERVO	-25	-23	-3	-9	-37	-21	-20	-21	-23	-24	-17	-16
FOZ	-87	-106	-58	-67	-58	-78	-64	-54	-65	-48	-36	-47
MAÑÓN	-27	-22	-30	-27	-25	-25	-23	-18	-13	-22	-22	-19
ORTIGUEIRA	-99	-96	-99	-125	-93	-98	-79	-96	-104	-109	-66	-83
RIBADEO	-61	-74	-64	-64	-61	-62	-49	-38	-49	-41	-36	-45
VALDOVIÑO	-64	-53	-51	-73	-59	-49	-65	-46	-43	-68	-59	-53
O VICEDO	-23	-29	-17	-18	-23	-10	-29	-20	-18	-27	-6	-13
VIVEIRO	-86	-89	-82	-91	-71	-95	-89	-82	-74	-64	-66	-41
XOVE	-25	-37	-22	-22	-6	-22	-17	-6	-13	-23	-41	-32
LUGO	-3030	-2928	-2858	-3178	-2944	-3039	-2999	-3020	-2760	-2766	-2830	-2663
GALICIA	-10267	-9455	-9547	-10509	-9440	-8939	-9026	-9382	-7919	-8286	-7997	-8129

Ilustración 19: Saldo vexetativo 1996-2007. Elaboración propia. Fonte IGE




Ilustración 20: Gráfico de saldo vexetativo 1996-2007. Elaboración propia. Fonte IGE

SALDO MIGRATORIO

	INMIGRACIÓN ANO 1996			INMIGRACIÓN ANO 2006		
	taxa total	taxa externa	taxa interna	taxa total	taxa externa	taxa interna
BARREIROS	0,9	41,9	58,1	4,0	52,7	47,3
BURELA	1,5	16,0	84,0	5,4	56,8	43,2
CARIÑO	1,1	58,3	41,7	2,5	62,7	37,3
CEDEIRA	0,8	33,9	66,1	3,6	59,8	40,2
CERVO	1,0	18,9	81,1	2,6	38,4	61,6
FOZ	1,2	49,2	50,8	4,4	50,9	49,1
MAÑÓN	0,3	28,6	71,4	2,4	20,9	79,1
ORTIGUEIRA	0,4	34,2	65,8	1,9	55,1	44,9
RIBADEO	1,4	67,5	32,5	4,7	64,3	35,7
VALDOVIÑO	2,0	11,8	88,2	4,6	17,9	82,1
O VICEDO	0,9	13,6	86,4	2,5	26,4	73,6
VIVEIRO	1,5	31,0	69,0	3,7	59,5	40,5
XOVE	1,6	6,8	93,2	3,8	20,3	79,7
LUGO	1,0	32,8	67,2	3,3	45,7	54,3
GALICIA	1,2	29,2	70,8	3,8	40,3	59,7

Ilustración 21: Datos de inmigración 1996-2006. Elaboración propia. Fonte IGE.

A migración externa fai referencia á que ten a orixe noutro concello de España ou no estranxeiro e na migración interna, a orixe é outro concello de Galicia.

A taxa de inmigración externa e interna está calculada sobre a taxa total de inmigración de cada concello; a taxa total de inmigración, está calculada sobre o total da poboación de cada concello.

Analizando a taxa total de inmigración, na última década vese un aumento da inmigración en tódolos concellos da comarca (ver gráfico). No ano 2006 é maior a taxa externa que a interna na maioría dos concellos, agás nos de Mañón, Cervo, Valdoviño, O Vicedo e Xove, onde a taxa interna é superior.

Comparando a taxa total dos concellos coa de Galicia, os que se disparan son: por abaixo Ortigueira e por arriba Burela.




Ilustración 22: Gráfico da taxa de inmigración anos 1996-2006. Elaboración propia. Fonte IGE.

Referente á emigración, como no caso da inmigración, a taxa externa e interna está calculada sobre a taxa total de emigración de cada concello e a taxa total, está calculada sobre o total da poboación de cada concello.

	EMIGRACIÓN ANO 1996			EMIGRACIÓN ANO 2006		
	taxa total	taxa externa	taxa interna	taxa total	taxa externa	taxa interna
BARREIROS	0,8	33,3	66,7	3,6	21,4	78,6
BURELA	1,5	14,5	85,5	4,1	30,3	69,7
CARIÑO	0,9	28,0	72,0	2,4	21,4	78,6
CEDEIRA	0,7	20,4	79,6	2,6	34,7	65,3
CERVO	1,7	41,2	58,8	3,4	31,7	68,3
FOZ	1,0	35,1	64,9	3,0	39,9	60,1
MAÑÓN	0,6	23,1	76,9	4,2	21,3	78,7

ORTIGUEIRA	0,9	13,8	86,3	2,4	20,5	79,5
RIBADEO	1,1	54,3	45,7	2,9	57,2	42,8
VALDOVIÑO	1,7	22,2	77,8	2,6	10,0	90,0
O VICEDO	2,5	0,0	100,0	2,3	10,2	89,8
VIVEIRO	0,8	21,4	78,6	2,5	35,5	64,5
XOVE	1,0	5,4	94,6	3,5	22,0	78,0
LUGO	0,9	23,4	76,6	2,7	30,9	69,1
GALICIA	1,1	25,8	74,2	3,2	28,5	71,5

Ilustración 23: Datos de emigración 1996-2006. Elaboración propia. Fonte IGE.

Na última década a emigración aumentou en tódolos concellos, agás no de O Vicedo, que descendeu no último ano (ver gráfico).

A taxa total de emigración, con respecto á de Galicia, non reflicte unha gran variación en xeral; os concellos que destacan, pero non de xeito esaxerado, son O Vicedo con menos emigración e Mañón con mais emigración que a nivel de Galicia.

Analizando os dous tipos de emigración no ano 2006, predomina a interna, é dicir, a maioría da poboación emigra cara a outros concellos de Galicia, agás no concello de Ribadeo, onde é maior a emigración externa.




Ilustración 24: Gráfico de taxa de emigración anos 1996-2006. Elaboración propia. Fonte IGE.

Coa unión destes dous datos podemos calcular o saldo migratorio, que é o número de inmigracións menos o de emigracións.

Realizando unha comparativa entre os anos 1996 e 2006, os datos de migración aumentaron en tódolos concellos agás nos de Cariño, O Vicedo e

Xove (ver gráfico). No caso de Cervo, Mañón e Ortigueira o saldo migratorio neste último ano é negativo.





Ilustración 25: Gráfico de saldo migratorio período 1996-2006. Elaboración propia. Fonte IGE.

1.1.4. Estrutura demográfica

Estrutura demográfica por parroquias







Ilustración 26: Estrutura demográfica por parroquias Ano 2007. Elaboración propia en base ós mapas aportados polo Sistema de Información Territorial de Galicia - SITGA. Fonte IGE.

Como se aprecia nos mapas de distribución, tanto na zona de A Mariña como na de Ortega, a poboación está bastante espallada polas parroquias, contando a maioría delas con menos de 500 habitantes; feito que provoca que esta poboación se vexa desfavorecida, como se ve no apartado 1.1.3.1.

Estrutura demográfica por idades e sexo

En tódolos concellos a poboación de máis de 64 anos supera a poboación mais nova, o que confirma o alto índice de envellecemento da poboación. O único concello no cal a diferenza entre estes dous intervalos de idade é mínimo é no de Burela, que se ve favorecido polas elevadas taxas de inmigración e de nacementos.

As pirámides poboacionais representan o número de habitantes de cada concello segundo a idade e o sexo; a parte esquerda, de cor azul claro reflicte os homes e a parte dereita, de azul escuro, reflicte as mulleres.






Ilustración 27. Pirámides poboacionais por concellos ano 2007. Elaboración propia. Fonte IGE.

Se realizamos a análise por sexos, en tódolos concellos é superior o número de mulleres ao de homes, agás en Burela que amosa unha diferenza mínima a favor dos homes.

1.1.5. Nivel de instrución

A análise da situación do nivel de formación dos habitantes da área xeográfica de estudo realízase a partires dos datos proporcionados polo censo de poboación e vivenda 2001.

	Non sabe ler ou escribir		Menos de cinco anos de escolarización, sen bacharelato, ESO ou EXB		Bacharelato elemental, ESO ou EXB		Bacharelato superior, BUP, COU		FPI, FPII		Estudios universitarios	
	H.	M.	H.	M.	H.	M.	H.	M.	H.	M.	H.	M.
BARREIROS	0,8	1,3	23,9	30,3	11,1	8,8	4,6	3,8	4,4	4,3	2,5	4,3
BURELA	0,2	1,1	16,4	18,9	12,9	11,7	7,4	7,3	7,6	5,5	4,8	6,1
CARIÑO	0,5	1,8	26,8	30,0	10,3	9,3	3,8	4,0	4,8	2,8	2,1	3,8
CEDEIRA	0,3	1,9	23,1	25,9	11,8	10,4	4,5	5,0	5,5	4,2	3,3	4,2
CERVO	0,5	1,4	18,3	21,2	12,7	12,0	6,1	6,0	8,3	4,2	3,9	5,5
FOZ	0,2	1,6	20,0	24,5	12,8	10,6	5,1	5,9	5,3	4,5	4,1	5,4
MAÑÓN	0,9	2,6	20,7	26,8	15,7	13,0	4,7	4,3	4,0	2,2	2,4	2,8
ORTIGUEIRA	0,3	1,5	25,4	30,1	10,2	9,6	6,1	6,2	3,0	1,7	2,3	3,7
RIBADEO	0,3	0,8	18,9	24,7	13,3	11,9	5,2	5,7	4,3	4,5	4,5	5,8
VALDOVIÑO	0,8	2,2	25,1	27,9	11,2	9,0	4,6	4,0	4,6	4,1	2,9	3,7
O VICEDO	1,0	1,7	25,5	28,6	13,5	12,6	2,7	3,1	4,0	2,7	2,2	2,5
VIVEIRO	0,4	1,6	20,0	24,5	11,9	12,2	5,0	6,2	6,5	3,2	3,9	4,5
XOVE	0,5	2,3	25,1	26,1	13,2	12,0	5,6	5,5	3,3	2,7	1,7	1,9
LUGO	0,4	1,4	16,7	19,8	13,2	12,0	6,2	6,9	4,2	3,9	6,4	9,0
GALICIA	0,5	1,6	19,5	23,4	13,1	12,0	5,5	5,7	4,2	3,7	4,7	6,0

Ilustración 28: Nivel de instrución por concellos ano 2001. Elaboración propia. Fonte IGE.

Do total de habitantes de máis de 16 anos en vivendas familiares, a taxa de analfabetismo é do 28,6%, porcentaxe da que un 6,9% son homes e 21,7% mulleres.

Destaca a elevada porcentaxe de mulleres que non saben ler ou escribir en Xove, Valdoviño e Mañón, correspondendo este último co concello con maior índice de envellecemento.

Cabe destacar tamén o concello de O Vicedo en canto a estudos de bacharelato superior, pola baixa taxa con respecto ao valor provincial e galego, o mesmo que Xove en canto a estudos universitarios, que está moi por debaixo da media.

1.1.6. Indicadores de calidade de vida

Indicadores Municipais de Renda dos Fogares (IMRF)

INDICADOR MUNICIPAL DA RENDA DOS FOGARES. ANO 2002	
CONCELLOS	% IMRF
BARREIROS	101
BURELA	101
CARIÑO	88
CEDEIRA	90
CERVO	100
FOZ	104
MAÑÓN	85
ORTIGUEIRA	82
RIBADEO	104
VALDOVIÑO	94
VICEDO (O)	89
VIVEIRO	100
XOVE	89
LUGO	116
GALICIA	100

Ilustración 29: Indicador municipal da renda dos fogares 2002. Elaboración propia.
Fonte IGE.

Equipamentos de uso público existente:

CONCELLOS	Centros Asistencia Social	Residencia de anciáns	Garderías infantís	Centros atención á infancia	Centro de menores	Centro de información ás mulleres	Información Xuvenil e de emprego
BARREIROS	0	0	0	1	0	0	1
BURELA	0	1	1	1	1	1	1
CARIÑO	0	0	0	1	0	0	1
CEDEIRA	0	0	0	1	0	0	1
CERVO	0	0	0	1	0	0	1
FOZ	0	0	1	1	0	0	1
MAÑÓN	1	0	0	0	1	0	1
ORTIGUEIRA	1	1	0	1	0	1	1
RIBADEO	0	1	3	1	0	1	1
VALDOVIÑO	0	0	0	0	0	0	1
O VICEDO	0	0	0	1	0	0	1
VIVEIRO	1	1	1	3	1	1	2
XOVE	0	0	0*	0	0	0	1
TOTAL	3	4	6	12	3	4	14

Ilustración 30: Equipamentos de uso público existentes ano 2006. Elaboración propia. Fonte IGE.

(1) A partires de datos do 2007.

(2) A partires de datos do 2006.

*Existe 1 gardería, datos oficiais anteriores.

Facendo unha análise dos datos da táboa anterior obervase que os equipamentos de uso público mais abundantes son os Centros de Atención a Infancia e os Centros de Información Xuvenil e de emprego contando a meirande parte dos municipios cun ou máis de un. Pola contra, os equipamentos de uso público menos representativos son os Centros de

Asistencia Social (so contan con él os concellos de Mañón, Ortigueira e Viveiro) e os Centros de Menores (so contan con el os municipios de Burela, Mañón e Viveiro).

1.1.7. Tecido asociativo




Ilustración 31: Rexistros Administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia. Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Cun total de 642 asociacións, a nivel xeral da comarca o tipo predominante é a que ten un carácter social (incluíndo nel ás amas de casa, inmigrantes, mulleres, pais de alumnos, veciñais, ecoloxistas, educativas, naturistas, relixiosas, xubilados, xitanas, xuvenís, discapacitados e rehabilitación de alcohólicos), cun total de 36,60% sobre o total. As asociacións culturais-deportivas e recreativas representan o 33,80%, mentres que as rural-agrogandeiras teñen un 0,62% do total, seguido das forestais cun só 0,16%.

Por concellos, a maior capacidade asociativa tena Viveiro, Foz e Ribadeo (con máis dunha centea de asociacións cada un deles) seguidos por Cervo, Burela, Barreiros e Xove. Pola contra Cariño, Mañón e Valdoviño son os concellos que menor asociacións presentan.

1.1.8. Elementos culturais propios

Os concellos que conforman o GAC 1 caracterízanse pola presenza, na meirande parte deles, de mar e de montaña, posibilitando deste xeito a practica de deportes náuticos ou de montaña nos que se inclúen o windsurf, o piragüismo, a vela, a pesca marítima, o surf, a pesca fluvial, as rutas de sendeirismo ou a caza entre outros moitos.

Tamén cabe mencionar que a maior parte destes concellos posúen un gran patrimonio histórico, entre o que se atopan dende vestixios culturais, mosteiros, igrexas, ermidas, pazos, ata vilas medievais, que dotan a zona de gran interese cultural.

Ademais destacan o gran número de festas e feiras ao longo do ano, entre as que atopamos festas gastronómicas, as relixiosas e culturais. Algunhas delas contan con recoñecemento de interese estatal ou rexional, destacando:

- Festas de interese turístico internacional: o Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira.
- Festas de interese turístico nacional: a Semana Santa de Viveiro, as Festas Patronais de San Lorenzo en Foz, a Romaría de Naseiro, en Viveiro ou o festival Ortegale Rock.
- Festas de Galicia de interese turístico: Feira do Bonito de Burela, Festa do Ourizo e A Maruxaina de San Cibrao, e a Queimada Popular de Cervo.

Un dos principais reclamos desta zona é o gastronómico, rico tanto en pratos de montaña coma de mar, algúns deles exaltados en festas e feiras que atraen a multitude de visitantes. Como produtos do mar destacan a pescada do pincho de Celeiro, recoñecida como de primeira calidade; o ourizo de mar de San Cibrao; a cadelucha de O Vicedo, o bonito de Burela; os berberechos de Foz; o polbo en Ribadeo, os percebes dos cantís de Cedeira, entre outros. No interior destacan os produtos agrícolas e gandeiros relacionados coas actividades tradicionais; a riqueza piscícola dos ríos Sor, Landro, Masma e Eo,...

Esta zona tamén destaca no campo artesanal, sendo de relevancia a cerámica de Sargadelos en Cervo de recoñecemento fóra de Galicia, Burelarte ou Regal en Burela e Viveiro respectivamente, artesáns da madeira en Cervo, confección de bordados e traxes e fabricación de

instrumentos musicais tradicionais en Ortigueira amparado polo Festival de Verán.

Ademais dende hai uns anos en Viveiro e noutros moitos pobos desta zona danse actividades artesanais e feiras medievais abertas ao turismo co fin de recuperar a cultura popular.

Un dos concellos que sobresaie por ofrecer quilómetros de fermosos e pintorescos areais, e por ser un dos centros turísticos máis importantes da zona é **Barreiros**, onde destaca dentro da súa paisaxe o Monte Comado, lugar frecuentemente utilizado para a práctica de deportes como o parapente. Da súa cultura destaca a Pena de Altar, Casas de Indianos, Capelas de San Estebo de Pagá, San Caetano e San Bartolomé, e a Igrexa de San Xusto de Cabarcos.

Ademais do seu importante porto, o concello de **Burela** está dotado da máis ampla variedade de servizos e establecementos comerciais. Da súa cultura, destaca o Barrio de Os Castros e a Igrexa de Vila do Medio.

O concello de **Cariño** posúe importantes representacións da arquitectura popular (hórreos, Casa de San Xiao...), civil (Casa 1923, Pazo da Cerca), relixiosa (ermita de San Xiao do Trebo, Igrexa de San Roque), así como xacementos arqueolóxicos.

O máis representativo da arquitectura de **Cedeira** é o Santuario de San Andrés de Teixido, considerado un mito etnográfico e paisaxístico, ata onde se despraza un gran número de visitantes (co popular dito "Vai de morto quen non foi de vivo").

O concello de **Cervo** destaca por ter a Real Fábrica de Sargadelos, a Igrexa de Santa María, o Pazo de Pedrosa e a ponte de O Bao.

O concello de **Foz** é un importante centro turístico no que destacan os Castros de Fazouro, Marzán e Punta dos Castros; Catedral de San Martiño, Fonte da Zapata e casas blasonadas en Cangas, Fazouro e Nois.

O concello de **Mañón**, no que se conxuga serra, río e mar, de apenas 1400 metros de ancho, pódese destacar a pintoresca parroquia de O Barqueiro onde se desenvolve a actividade pesqueira do concello, que apesares de ser un porto de pequenas dimensións é base dunha vintena de barcos que saen a pescar peixe e marisco.

Da cultura de **Ortigueira** é de resaltar os numerosos vestixios das primitivas culturas de Ortigueira, as pinturas do Teatro de Beneficencia ou os restos da Pedra Fermosa de construción da Cultura Castrexa.

Ribadeo destaca pola antigüidade das súas orixes e pola importancia actual no aspecto comercial, portuario e de servizos. Destacan as casas blasonadas, a Torre dos Morenos, os Pazos de Ibáñez, de Cedofeita e de Quinta Longa, así como a Igrexa de Santa María do Campo e algunhas capelas románicas.

O concello de **Valdoviño** posúe importante patrimonio relixioso (Igrexa de Santa Olalla de Valdoviño e a igrexa de San Martín de Villarrube).

O Vicedo é un dos concellos mais litorais desta comarca, xa que a maior parte do seu territorio encóntrase asentada sobre unha Península. Destacan os Castros de Suegos, A Pena e San Vidal, e a Medorra de San Miguel de Negradas. Conta tamén coas casas blasonadas de Alexos e O Pereiro, e no ámbito relixioso cabe mencionar as Igrexas de Cabanas e Ribarba.

O concello de **Viveiro** resulta de gran importancia por ser a súa capital a mais grande das cidades da comarca e posuír o casco histórico mais antigo do norte de Galicia, converténdose así en importante centro cultural.

Conta con Miradoiros como os de San Roque, Monte Castelo e Faro, dotados todos eles de áreas recreativas. Así mesmo, podemos atopar nesta zona os Castros de Condomiña e de Loureiro e a Porta de Carlos V, considerada como Monumento Nacional.

Destacan tamén Igrexas como as de San Francisco, de Santa María do Campo, de San Pedro, a Capela Ecce-Homo e o Mosteiro de Valdeflores.

Xove posúe os Castros de Illade, Súmoas e Coto da Vela, pazos, hórreos e numerosos muíños de auga. No ámbito relixioso, cabe citar as Igrexas de Xuances e de Xove.

1.1.9. Mercado de traballo

1.1.9.1 Evolución do paro por sectores e por sexo

Analizando a evolución do índice de paro nestes tres anos observamos que diminuíu en tódolos concellos agás en Burela xa que no ano 2006, produciuse un incremento.

**EVOLUCIÓN DO ÍNDICE DE PARO
PERIODO 2005-2007**




Ilustración 32: Evolución da taxa de paro 2005-2007. Elaboración propia. Fonte IGE.

Analizando os datos do ano 2008, por sectores, podemos ver no gráfico que se produce un descenso acusado no sector de servizos pero que éste volve a aumentar; para o sector da gandería, industria e construción o número de parados mantense máis ou menos constante agás no mes de xullo que diminúe pero en agosto volve a aumentar.

**PARO POR SECTORES
ANO 2008**




Ilustración 33: Paro por sectores ano 2008. Fonte Consellería de Traballo.

1.1.9.2 Situación laboral de mulleres e mozos

	POBOACIÓN ACTIVA (%)		POBOACIÓN OCUPADA (%)		POBOACIÓN PARADA (%)	
	H	M	H	M	H	M
BARREIROS	51,4	48,6	49,3	46,1	2,1	2,5
BURELA	50,9	49,1	49,0	45,0	1,8	4,1
CARIÑO	51,6	48,4	48,2	44,1	3,4	4,3
CEDEIRA	51,9	48,1	49,4	44,2	2,4	3,9
CERVO	51,3	48,7	49,4	45,3	1,9	3,4
FOZ	50,5	49,5	48,7	45,7	1,8	3,8
MAÑÓN	54,4	45,6	52,0	42,5	2,4	3,1
ORTIGUEIRA	50,9	49,1	48,2	45,4	2,7	3,7
RIBADEO	49,3	50,7	46,9	46,8	2,4	3,9
VALDOVIÑO	50,5	49,5	47,8	43,7	2,7	5,7
O VICEDO	51,3	48,7	49,0	44,5	2,2	4,3
VIVEIRO	50,5	49,5	48,1	44,2	2,4	5,3
XOVE	51,4	48,6	49,8	45,4	1,6	3,2

Ilustración 34: Situación laboral de mulleres e mozos ano 2007. Elaboración propia. Fonte IGE.

Elaborando unha táboa resumo que recolla as porcentaxes de poboación activa, ocupada e parada segundo o sexo, vese que a poboación activa masculina é maior que a feminina en tódolos concellos, agás no de Ribadeo, onde é maior a feminina.

En tódolos concellos hai maior porcentaxe de homes ocupados que de mulleres, destacando pola maior diferenza o concello de Mañón, que é casi dun 10% mais a favor do xénero masculino.

En canto á poboación parada, sempre é maior a feminina, destacando a diferenza entre ámbolos dous sexos nos concellos de Valdoviño e Viveiro.

1.1.10. Análise sectorial

A zona que estamos a analizar constituíu no seu conxunto unha área emprendedora dende o punto de vista das actividades económicas. Transformación de materias primas, explotacións mineiras, ferrarías, industria textil ou establecementos de transformación relacionadas coa actividade pesqueira, fixeron desta zona un referente en toda Galicia. Debido á súa situación xeográfica, entre a Cornixa Cantábrica e a Galicia occidental, puido aproveitar os mercados e as posibilidades de progreso que ámbalas dúas ofrecían dun xeito diferente.

Os principais núcleos administrativos desta zona son Viveiro, Ribadeo e Ortigueira. Foz e Burela teñen importantes actividades terciarias e de promoción empresarial.

O litoral diversificou a economía a partires das actividades pesqueiras e agrícolas, cara a un sector industrial diverso (pemes principalmente), e o sector servizos (que intentan adaptarse ás esixencias turísticas).

Na Mariña Lucense Burela é o maior núcleo urbán, destaca pola actividade pesqueira e por tener o Hospital da Costa Lucense. Viveiro é a cabeza demográfica desta zona, sendo ademáis o principal centro terciario e de concentración empresarial do territorio. San Cibrao, no municipio de Cervo e sen peso administrativo, destaca polo crecemento que experimentou ao amparo da gran empresa de transformación de aluminio Alcoa, un dos principais motores económicos da comarca.

Integrados no Plan de Dinamización de Produto Turístico das comarcas de Ferrol e Ortegal (na zona estudada afecta aos cinco concellos), a potenciación deste sector está baseada na calidade e modernización do sector. Fronte á importancia da pesca no litoral, no interior predomina o aproveitamento forestal e a gandería, aínda que en concellos como Mañón tamén destaca o sector turístico.

Os datos mais actuais dos que se dipón son os seguintes:

	SECTORES					
	Agro-gandeiro ⁽¹⁾	Industria ⁽¹⁾	Construción ⁽¹⁾	Servizos ⁽¹⁾	Forestal ⁽²⁾	Pesca ⁽³⁾
BARREIROS	176	23	62	166	7	0
BURELA	5	36	89	544	8	101
CARIÑO	52	16	54	219	6	81
CEDEIRA	274	36	77	369	31	112
CERVO	95	22	32	182	8	9
FOZ	173	54	160	504	12	19
MAÑÓN	122	4	12	57	2	29
ORTIGUEIRA	314	32	94	371	34	41
RIBADEO	236	51	127	583	11	25
VALDOVIÑO	162	28	77	261	13	2
O VICEDO	107	4	19	67	4	38
VIVEIRO	165	73	145	794	21	93
XOVE	172	9	25	113	10	1
TOTAL	2053	388	973	4230	167	551

Ilustración 35: Sectores Económicos por Concellos. Elaboración propia.

(1) Son datos do ano 2007. Fonte IGE-CMR (Consellería do Medio Rural).

(2) Son datos do ano 2008. Fonte CMR.

(3) Os datos do sector pesqueiro inclúen buques, mariscadores, acuicultura e transformación, e están detallados na seguinte táboa:

Concellos	Ano 2008	Ano 2008	Ano 2008	Ano 2007
	Buques con porto base (1)	nº mariscadores (2)	acuicultura (3)	Transformación (4)
BARREIROS	0	0	0	0
BURELA	98	2	0	1
CARIÑO	49	28	1	3
CEDEIRA	75	37	0	0
CERVO	0	6	2	1
FOZ	9	9	0	1
MAÑÓN	13	16	0	0
ORTIGUEIRA (5)	14	18	9	0
RIBADEO	8	17	0	0
VALDOVIÑO	0	0	2	0
O VICEDO	5	32	1	0
VIVEIRO	89	3	0	1
XOVE	0	0	1	0

(1) Datos extraídos de pescadegalicia.com

(2) Datos extraídos das entrevistas coas confrarías

(3) Servizo de Producción Pesqueira

(4) IGE

(5) Confraría de Espasante

O sector agro-gandeiro destaca nos concellos de Ribadeo, Ortigueira e Cedeira, mentres que o forestal destaca en Viveiro, Ortigueira e Cedeira.

Viveiro, Ribadeo, Burela, Foz e Ortigueira, pola contra destacan no sector servizos; así como en construción e industria, que destacan Foz, Viveiro e Ribadeo e Ortigueira.

O sector pesqueiro destaca nos concellos de Cedeira, Burela e Viveiro.

1.1.11. ESTUDO DA SITUACIÓN DAS CONFRARÍAS

Coa finalidade de poder realizar una diagnose máis concreta da zona en canto á pesca se refire, realizouse unha entrevista en cada unha das confrarías existentes na Zona 1 deste GAC. Deste xeito pódese contar neste

estudo coa valiosa información ofrecida polos principais axentes involucrados na actividade pesqueira en cada unha delas.

Confeccionouse unha enquisa que permitira orienta-las entrevistas cara aos temas mais relevantes:

RECURSOS NATURAIS E CULTURAIS DISPOÑIBLES

- ¿Cáles son os recursos naturais que pode explotar a Confraría?
- ¿Cál é o modelo de xestión de dita explotación?
- ¿Percíbese algún conflito de intereses entre diferentes axentes para a explotación dos recursos?
- ¿Hai recursos ameazados que deben conservarse prioritariamente?
- ¿Houbo cambios nos últimos anos nas técnicas de explotación?, ¿qué consecuencias tiveron estes cambios?
- ¿Houbo nos últimos anos extincións / diminucións irreversibles de recursos?
- ¿O sistema de explotación actual permite sacar proveito dos recursos dispoñibles?
- ¿Fomentouse a valorización dos recursos naturais e culturais a través da formación, sensibilización e/ou divulgación?
- ¿Existe algún instrumento para controlar-determinar a contaminación que afecta aos recursos?

RECURSOS HUMANOS

Pescadores, mariscadores, percebeiros.

- ¿Cantas persoas na confraría están dedicadas ás diferentes formas de extracción dos recursos mariños?
- ¿Cal é a súa distribución por sexo e idade? ¿Nivel de estudos?

- ¿Cales son os problemas aos que se afrontan para desenvolver-manter a súa profesión?
- ¿Descendeu nos últimos anos o número de persoas dedicadas a estas actividades? ¿Por qué?
- ¿Facilítase o relevo xeracional?
- ¿É importante a inmigración para o desenvolvemento destas actividades?
- ¿Adoptouse algún tipo de medidas para favorecer a integración dos inmigrantes?
- ¿Existe algún tipo de cooperación co país de orixe para facilitar a integración dos inmigrantes?

Traballadores da Confraría

- ¿Cantas persoas traballan para a Confraría?
- ¿Cal é a súa dedicación?
- ¿Qué nivel formativo teñen? ¿Sexo e idade?
- ¿Cál é o sistema de acceso (público / privado)?

FORMACIÓN E SEGURIDADE NO MAR

- ¿Asistiu a cursos de formación?
- Cree que lle serviu para mellorar a súa seguridade no traballo ou a eficacia no desenvolvemento do seu traballo?
- ¿Cree que os requisitos de seguridade esixidos son realmente eficaces?
- ¿Eliminaría/modificaría/ engadiría algún máis?

INFRAESTRUCTURAS PORTUARIAS E COMUNICACIÓNS VIARIAS

- ¿Cáles son os medios cos que conta a Confraría para a recepción e venda das especies extraídas?
- ¿Cál é o estado de conservación da lonxa?
- ¿Existe algún programa de modernización da infraestrutura da lonxa?, ¿Cáles foron as últimas modificacións realizadas? ¿Accedeu a algunha axuda pública para a mellora de infraestruturas da lonxa?
- ¿Para qué actividades, ademais da pesqueira, se utiliza o porto?
- ¿É adecuado o sistema de comunicacións viarias para a comercialización das especies?

NOVAS TECNOLOXÍAS

- ¿Cál foi a evolución das novas tecnoloxías na Confraría?
- ¿Con qué medios contan para acceder á información sobre novas tecnoloxías?
- ¿Existen obstáculos para a introdución de novas tecnoloxías?, ¿Cáles?
- ¿Provocou algún problema a adaptación ás novas tecnoloxías?
- ¿Existen medios financeiros, técnicos ou de asesoramento para a adaptación ás novas tecnoloxías?
- ¿Lévanse a cabo programas de cooperación con outros axentes para a transferencia de coñecementos nesta materia?

SISTEMA EMPRESARIAL

- ¿Cal é o modelo empresarial predominante?
- ¿Cales son as actividades empresariais vinculadas á pesca (autónomos, armadores, transformación, exportadores, turismo, transporte, etc.)?

- Con relación á anterior, ¿cantas empresas e cantos empregos xeran?
- ¿Cáles son os principais problemas destas empresas?
- ¿Deuse nos últimos anos unha implantación de novas actividades, ou a desaparición dalgunhas tradicionais?
- ¿Utilizáronse medios para valorizar os produtos da zona?
- ¿Existe algún plan na zona para consolidar ou manter as actividades e os empregos?
- ¿Existen mecanismos de axuda aos mozos para a posta en marcha de empresas?

VENDAS

- ¿Conta a Confraría con algún tipo de rexistro de datos de venda? ¿Qué tipo de datos contén (prezo, volume, comprador, vendedor,...)
- ¿Cáles son as principais especies comercializadas no último ano en volume?
- ¿Cáles son as principais especies comercializadas no último ano en valor?
- ¿Houbo algunha evolución ascendente ou descendente apreciable nos últimos cinco anos por valor e/ou volume de especie?
- ¿Cantos compradores existen por especie?
- ¿Cal é o seu ámbito de venda (peixerías, restaurantes...)?

A continuación amósanse os resúmenes das devanditas entrevistas:

1.1.11.1 Confraría de Ribadeo

Ribadeo foi o único caso cuxa enquisa realizouse telefónicamente co Patrón Maior da Confraría (Domingo Fernández) e unha representante dos percebeiros e marisqueiros (María Rodríguez).

1. Recursos naturais e culturais dispoñibles

Os recursos naturais que se explotan na confraría de Ribadeo con respecto á pesca son os propios da flota artesanal destacando o polbo, pescadilla, robaliza e sargo; con respecto ao marisqueo son: percebe, ourizo, lapa, ameixa fina e babosa, longueiró e bígaro.

Os modelos de xestión da explotación destes recursos son en xeral os Plans de Explotación e para determinadas especies os paros biolóxicos, e non se percibiron conflitos de interese entre os diferentes axentes para a explotación dos recursos.

Nos últimos anos non houbo cambios nas técnicas de explotación. Destacan o problema importante nesta zona provocado polo furtivismo, sobre todo en percebe, o que está a provocar unha importante diminución deste recurso nos últimos anos..

Realízase unha festa gastronómica para a exaltación do percebe.

O control da contaminación da Ría realízase a través de muestreos semanais por parte da asistencia técnica da Confraría que os envía ó Intecmar. Como medida correctiva existe una EDAR que na actualidade atópase en obras para a súa ampliación e mellora.

Carecen de depuradora de marisco polo que vense obrigados a vendelo a intermediarios a menor prezo.

2. Recursos humanos

O número de persoas dedicadas ás diferentes formas de extracción dos recursos mariños son:

- 60 pescadores artesanais todos eles varones.
- 17 persoas adicadas ao marisqueo e o percebe, dos cales 2 son homes e 15 mulleres.

A maioría posúen estudos primarios, aínda que algún posúe o título de Bacharelato ou de F.P.

O problema mais grande co que se encontran é a comercialización do produto, que deixa pouca marxe de beneficio, máis acuciado no caso do marisqueo. Noutros casos (como o polbo) realizan a venda en Asturias onde o venden a precio pactado.

Nos últimos anos descendeu o número de persoas dedicadas á pesca, porén no caso do marisco o número mantívose.

So hai un inmigrante adicado á pesca, polo que non destaca a inmigración para o desenvolvemento da actividade extractiva.

Formación e seguridade no mar

Asisten aos cursos de formación obrigatorios considerando que son útiles porque sempre aprenden algo novo, e pensan que os requisitos de seguridade son eficaces pero no caso dos percebeiros eliminarían o uso obrigatorio do casco.

Traballadores da confraría

A confraría de Ribadeo conta na actualidade con 5 empregados: 1 secretario, 1 asistencia técnica, 1 vixiante e 1 ruleiro, todos eles menores de 50 anos. A única muller é a asistencia técnica.

3. Infraestruturas portuarias e comunicacións viarias

A lonxa pertence á confraría; o seu estado de conservación é bo dado que é relativamente nova.

Consideran que o sistema de comunicacións viarias para a comercialización das especies é axeitada, estando ben comunicados por estrada tanto hacia Asturias como hacia Galicia.

No porto ademáis das actividades pesqueiras realízanse actividades deportivas e comerciais. Existe un Club Náutico e Porto Deportivo.

4. Novas tecnoloxías

No referente ás novas tecnoloxías están satisfeitos coa dotación que posúe a confraría, que é un equipo informático e conexión a internet. Non teñen dificultades para adaptarse a elas, e o único obstáculo ao que se enfrontan é á falta de presuposto para levar a cabo melloras neste sentido.

5. Sistema empresarial

O modelo empresarial predominante é o sistema de autónomos. As actividades empresariais vinculadas ó mar máis destacables son as deportivas, derivadas da existencia do Porto Deportivo e o Club Náutico, que desenvolven actividades recreativas, deportivas e recreativas. Hai na zona unha empresa adicada á reparación de embarcacións de recreo.

Nos últimos anos moitos barcos que con anterioridad pertencían a Ribadeo foron vender a Burela e Celeiro, debido ó efecto "sumidoiro" derivado da crecente importancia de ambos portos.

Os únicos medios que se utilizan para valorizar os produtos da zona son as festas gastronómicas e a participación nalgunas feiras, e non existe ningún plan zonal para consolidar ou manter as actividades e os empregos, así como non existe ningún tipo de axuda aos mozos para por en marcha novas empresas.

6.Vendas

A Confraría registra os datos de venda de carácter obligatorio. O percebe, o polbo e a robaliza foron as especies máis importantes nas vendas.

Hai seis compradores de baixura (tres galegos e mais tres asturianos) que venden en peixerías da zona. O maior beneficio ben dado pola venda da robaliza.

Conclusións

Os aspectos máis destacables son:

- perda de recursos debido ó furtivismo
- tendencia do abandono da actividade pesqueira

- escasa marxe de beneficio no marisqueo

1.1.11.2 Confraría de Foz

A reunión celebrouse na Confraría de Foz o día 17 de xullo de 2008 ás 10:30 horas. Asistiron o Patrón Maior (representante do cerco), un representante da pesca de baixura, catro Mariscadoras a pé, Asistencia Técnica e un representante da empresa extractora de poliquetos.

1. Recursos naturais e culturais dispoñibles

Os recursos naturais que se explotan na confraría de Foz con respecto á pesca son: sardiña, chicharro, budión, nécora, centolo, polbo; con respecto ao marisqueo a pé son: ameixa fina, longueirón, coquina, bígaro, poliquetos, ourizo, berberecho.

Os modelos de xestión da explotación destes recursos son, para o marisqueo a pé os Plans de Explotación, nos que participa a Agrupación de Mariscadoras en tódalas especies de marisqueo a pé, agás no caso do poliqueto, no que participan ademais desta Agrupación, unha empresa familiar constituída para tal fin; para a pesca non existen os Plans de Explotación, pero levan a cabo os paros biolóxicos.

Ambos sectores opinan que estes modelos de xestión son axeitados para a recuperación dos recursos a explotar, aínda que os integrantes do Plan de Explotación de poliquetos ven un inconveniente no feito de que a Xunta de Galicia non autorice extraer poliquetos a partir das 17:00 h. Pensan que era mellor rexerse polas mareas, sobre todo en verán, xa que ás horas permitidas de recollida son as máis calorosas, resultando máis difícil a extracción.

Con respecto aos paros biolóxicos na pesca, o do polbo non é subvencionado, polo que poden dedicarse a outras artes. No caso de que o paro fose subvencionado, non terían autorización para dedicarse a outras artes.

Dos recursos mencionados anteriormente, no marisqueo atópanse ameazados a ameixa fina e a coquina; na pesca apreciase un descenso no volume de nécora e de bocarte. No caso do bocarte, hai uns anos supoñía o 30% dos ingresos para varios barcos desta Confraría, pero levan cinco anos sen ir a esta pesqueira, e non se aprecia recuperación algunha.

En canto ás técnicas de explotación, non houbo cambios nos últimos anos, e a única exaltación dos recursos que se leva a cabo é a “Festa do Berberecho” organizada polo Concello de Foz. Esta festa serve para atraer o turismo, xa que dende hai varios anos, nos bancos marisqueiros de Foz, practicamente non hai berberecho de talla comercial, sendo necesario mercado noutras Confrarías.

Referente á contaminación que pode afectar aos recursos, no marisqueo a pé realízanse mostraxes semanais de auga e moluscos, que son analizados polo INTECMAR, servizo pertencente á Xunta de Galicia; no caso da pesca non se realiza ningún control.

Neste concello existe unha EDAR que verte ao lado dos bancos marisqueiros, polo que dende hai dous anos, durante os meses de verán (que é cando aumenta a poboación), a Ría de Foz pasa de ser **Zona B** a **Zona C**, estando prohibida a extracción de marisco durante estes meses; este feito prexudica gravemente ás mariscadoras, pois nesta época era cando mais volume de marisco extraían e cun maior valor económico.

2. Recursos humanos

Nesta Confraría existen na actualidade 63 persoas dedicadas ás diferentes formas de extracción dos recursos mariños. A distribución é a seguinte:

- 54 pescadores (na súa totalidade homes) repartidos en 4 barcos do cerco (40 homes) e 5 barcos de baixura (14 homes) con estudos básicos e de idades comprendidas entre 25 e 50 anos.
- 6 mariscadoras a pé (na súa totalidade mulleres) con estudos básicos e con idades comprendidas entre os 50 e 60 anos.
- 3 mariscadores de poliquetos (2 homes e 1 muller), tamén con estudos básicos e con idades comprendidas entre 21 e 49 anos.

Un dos problemas ao que se enfrontan ambos sectores é o descenso nos últimos anos do número de persoas que se dedican a estas actividades, xa que non hai xente interesada en entrar nestes sectores, debido a que o traballo non é fácil e os ingresos non son moi elevados. Coinciden pois en que non ven un futuro relevo xeracional.

No caso da pesca, a maioría da xente nova son inmigrantes. No marisqueo non se amplía o número de mariscadoras dende hai moitos anos, en parte, porque non hai solicitudes.

Tanto no caso da pesca como do marisqueo, asistiron a cursos de formación e de seguridade, pero no sector da pesca, normalmente realizan solo ós obrigatorios. Os asistentes á reunión opinan que os cursos de formación non son moi eficaces para desenvolver o seu traballo nin mellorar a súa seguridade.

En canto ás medidas de seguridade, no caso do marisqueo ven moi útil o uso dos traxes de neopreno, sen embargo, o sector pesqueiro considera inviable o uso de chalecos salvavidas, pois son moi incómodos para desenvolver o seu traballo dentro do barco; pola contra ven mais operativos os sistema de seguridade que leva o barco.

A confraría de Foz conta con 2 empregados (Secretario e Subhastador), ámbolos dous homes, que entraron a través de acceso público.

En realidade na lonxa non se leva a cabo a venda de peixe nin de marisco, e a persoa que desempeña as labores de Secretario, forma parte do cadro de persoal da Delegación de Pesca de Celeiro, e traballa na Confraría durante dous días á semana; o resto da semana a Confraría permanece pechada e isto provoca unha falta de control nas tarefas a desenvolver. Por este motivo a Agrupación de Mariscadoras este ano negouse a pagar o retorno (do 1%) que levaba pagando dende sempre, xa que non pode utilizar os servizos da Confraría como debera; este feito provoca un enfrontamento entre o sector pesqueiro e marisqueiro, pois estes ingresos serven para soste-la dita Confraría.

Debido á situación actual, dende a Confraría demandan algunha axuda para poder contratar persoal propio que permita ter actualizadas tódalas cuestións referentes a Plans de Explotación, subvencións, etc.

3. Infraestruturas portuarias e comunicacións viarias

Como dixemos anteriormente, na lonxa de Foz non hai venda, e isto débese ao problema de acceso que ten o porto polo seu pouco calado; a venda realizase na Lonxa de Burela. Este feito fai que esta lonxa non se poida incluír na marca PescadeRías, pois é requisito indispensable vender no mesmo porto que se pesca.

O cerco descarga directamente en Burela; a baixura ten a lonxa de Foz como "punto de descarga", pero non conta coas infraestruturas necesarias, xa que non ten fábrica de xeo, a cámara de frío é moi antiga, etc.

Na actualidade desenvólvense mais actividades de tipo deportivo que pesqueiro.

A confraría está en réxime de aluguer e pertence a Portos de Galicia. O estado de conservación no que se encontra é aceptable, e están pendentes de algunhas obras de mellora como por exemplo o acristalamento da zona de redes. Estas obras son financiadas por Portos de Galicia; asómesmo acceden a axudas da Consellería de Pesca para Asistencia Técnica (para control dos recursos mariños) e Vixilancia (para vixiar os bancos marisqueiros e parques de cultivo), a través da Agrupación de Mariscadoras.

Outra desvantaxe de ser un porto pequeno reflíctese no prezo do combustible, que resulta mais caro que en Burela e Celeiro (0,08 €), o que motiva que os barcos teñan que desprazarse ata alí para surtir.

En canto ás comunicacións viarias, non as consideran como un grave problema.

4. Novas tecnoloxías

No referente a novas tecnoloxías, consideran que son suficientes os equipos dos que dispoñen (ordenadores, fax, impresora, etc), e ademais non son moi antigos, xa que se renovaron hai catro anos.

Tamén dispón dunha sonda multiparamétrica para controlar de xeito mais exhaustivo a contaminación da ría, así como dun GMDS; este equipamento, en realidade non é da Confraría, senón que é propiedade da Agrupación de Mariscadoras.

5. Sistema empresarial

No caso do marisqueo a pé, son todas autónomas. En canto ao sector da pesca, hai autónomos, S.L.e C.B. Cotizan a Seguridade Social no Réxime Especial do Mar.

Nos últimos anos descendeu o número de barcos por venda, pero non se levou a cabo ningún despece, aínda que si a crise continúa, acabaran elixindo esta opción.

As actividades empresariais vinculadas coa pesca son de vela, piragüismo e talleres náuticos de recreo.

6. Ventas

No que se refire a vendas, nesta confraría non hai ningún rexistro de datos, pois non se vende nesta lonxa. Toda esta información encontrase rexistrada na lonxa de Burela, que é onde se desenvolve a venda diariamente.

No último ano as especies comercializadas son as mesmas que anos anteriores, e non se aprecia unha variación excesiva en volume nos últimos cinco anos. En canto ao valor, si que se notou un descenso no prezo da sardiña e do polbo.

O número de compradores é suficiente, aínda que a veces son poucos. O sistema de venda tanto do peixe como do marisco é a subhasta á baixa; non obstante no caso dos poliquetos non está permitido vendelos en lonxa, polo que xa existen uns compradores fixos que realizan as súas encargas por anticipado ás empresas extractoras.

7. Conclusións

Pódese destacar da entrevista que:

- O relevo xeracional é case nulo.
- Hai problemas de comercialización dos recursos, polo que intentarían potenciar a venda directa.
- O prezo do combustible é un problema.
- Existe a necesidade de persoal para atender a Confraría diariamente.
- Necesidade dunha pequena fábrica de xeo.
- Necesidade de tomar medidas urxentes en canto á contaminación da ría, pois cada vez hai menos recursos.

1.1.11.3 Confraría de Burela

Respostas ao cuestionario na reunión levada a cabo na Confraría de Burela (Xoves, 03/10/08, 11:30h).

Asistentes: Belén López Cayón (Secretaria da Confraría) e Alfonso García Ben (Patrón Maior).

1. Recursos naturais e culturais dispoñibles

Os recursos naturais que se explotan na Confraría son principalmente:

- Marisqueo: é particular xa que non hai ría, polo cal só hai tres percebeiros (2 a pé e 1 a flote) que o resto do ano se dedican á baixura.
- Baixura: hai un arrastreiro de litoral.
- Altura e grande altura: bonito, pescada, espada...

O modelo de xestión da explotación depende da especie obxectivo, así hai establecidos paros biolóxicos para os arrastreiros de litoral, paros de recuperación para determinadas especies de altura así como para o polbo en baixura (dous meses de parada) ou o ourizo. Nos últimos anos detectáronse recursos ameazados que é necesario conservar como o polbo, o bonito, ou a sardiña, da que se detectou un menor volume de capturas nos últimos anos.

Non se detectan conflitos de interese entre os diferentes axentes para a explotación dos recursos.

Fomentouse pouco a valorización dos recursos naturais e culturais a través da formación, sensibilización ou divulgación entre a poboación. Non obstante a Fundación Expomar realiza cursos nos colexios ao respecto.

Non existe un instrumento específico para controlar ou determinar a contaminación que afecta aos recursos, pero sinalan que gracias á aplicación de Marpol a xestión dos residuos mellorou moito.

2. Recursos humanos

Hai un total de 450 persoas dedicadas á pesca de altura, 141 á pesca de baixura e 3 percebeiros (que tamén se dedican á baixura). Son todos varóns, sendo máis novos os que se dedican á pesca de altura, se ben a maioría teñen máis de corenta anos. En xeral os estudos que teñen son básicos.

Os principais problemas aos que se enfrontan para desenvolver e mesmo manter a súa profesión, é a falta de recursos humanos ou relevo xeracional, o aumento do prezo do combustible e o baixo prezo das vendas en lonxa.

O número de persoas da zona dedicadas a esta actividade foi descendendo nos últimos anos debido principalmente a que os pais non incentivan aos fillos a traballar no mar: é un traballo moi sacrificado física e socialmente (longos períodos fóra da casa), e non está tan ben pagado como antes polo que non se fai demasiado atractivo. En xeral os pais non desexan para os seus fillos que vaian ao mar.

A inmigración converteuse nun elemento moi importante para a pesca en Burela xa que sen ela non se poderían sacar os barcos a faenar en moitas ocasións. Neste sentido realízanse cursos e xornadas para favorecer a integración dos inmigrantes, ademais da achega de axudas dende o concello, e a realización de contactos con países (destacando o caso de Cabo Verde, aínda que tamén houbo contactos con Perú).

En canto a formación e seguridade no mar, a asistencia a cursos deste tipo é obrigatoria e aseguran que lles serviu para mellorar a seguridade do traballo bordo. Pensan que os requisitos de seguridade esixidos son eficaces e que ademais son moito mellores que antes, sendo moi importante coñecerlos e dominalos para evitar desgracias. Non obstante critican a incomodidade dos chalecos actuais.

Na actualidade traballan 6 funcionarios na Confraría (1 administrativo do antigo grupo C, 1 puesto base do antigo grupo D, 4 lonxeiros do antigo grupo E) máis 6 traballadores contratados pola Confraría (1 licenciada nas oficinas, 4 FP2 na fábrica de xeo, e 1 FP2 a tempo parcial nas cámaras frigoríficas).

3. Infraestruturas portuarias e comunicacións viarias

A lonxa é propiedade de Armadores de Burela S.A. (ABSA). É unha instalación moderna en moi bo estado que conta con cinco salas de poxa

climatizadas, dúas fábricas de xeo, dúas cámaras de fresco e tres de conxelado. A última modificación levada a cabo foi a creación dun novo almacén de caixas. Recibiuse unha subvención para estas melloras.

Ademais da pesqueira, o porto utilízase para actividades comerciais, sobre todo para carga de caolín, madeira e cemento. Ademais, existe un club náutico.

Califican de moi malo o sistema de comunicacións viarias existentes para a comercialización da pesca. Estase a realizar un acceso directo dende a entrada de Burela ata o porto, aínda que no momento actual está paralizado.

4. Novas tecnoloxías

A Confraría conta con tódolos equipos informáticos renovados e conectados a Internet. A lonxa está preparada para a venda on line, e estase a poñer en marcha a aplicación dun autodispensador de xeo con sistema electrónico.

Os medios para acceder á información sobre novas tecnoloxías son principalmente a Federación de Confrarías, a Xunta, Internet e publicacións do DOGA e BOE.

O principal obstáculo que atopan para a introdución de novas tecnoloxías é a reticencia dos propios traballadores, que xa provocou problemas no pasado para a adaptación, a pesar de dispoñerse de medios financeiros, técnicos e de asesoramento para a súa adaptación.

Lévanse a cabo programas de cooperación con outros axentes para a transferencia de coñecementos nesta materia, como o Concello, Expomar, ou a través das Federacións de Confrarías tanto galega como española.

5. Sistema empresarial

O modelo empresarial predominante é a Comunidade de Bens (C.B.) e as Sociedades Limitadas (S.L.).

As principais actividades empresariais vinculadas á pesca son a Asociación de Exportadores (Adexmar) e a de transportistas. As conserveras foron pechando, a última o pasado ano.

Realízanse actividades de valorización dos produtos da zona, como a Festa do Bonito (denominado Príncipe Azul) ou as Xornadas Gastronómicas coa Concellería do Mar (pescada, polbo,...).

Para a consolidación das actividades pesqueiras están previstos plans de emprego dende a Diputación. Existen mecanismos de asesoramento para a creación de empresas pero non axudas económicas.

6. Vendas

O rexistro dos datos de venda realízao ABSA, que diariamente transfere tódolos datos obrigatorios á Consellería de Pesca.

No último ano as principais especies comercializadas en volume foron nesta orde pescada, cabala, chicharro, sardiña e bonito; en valor, pescada, bonito, pescadilla, chicharro e cabala.

Nos últimos cinco anos apréciase unha evolución descendente no volume de espada (se ben neste caso pode deberse á comercialización en Vigo) e da sardiña. En xeral, hai unha tendencia á baixa nos prezos.

Existe un bo número de compradores sobre todo na baixura; neste caso o ámbito das vendas son peixarías, restaurantes... mentres que no caso da altura o destino principal son os exportadores.

7. Conclusións

- Destacan como total prioridade a comercialización.
- O prezo do gasoleo.
- Que o consumidor saiba o que compra.
- Control dos produtos pesqueiros no mercado.
- Relevo xeracional

1.1.11.4 Confraría de San Cibrao

A reunión celebrouse na Confraría de San Cibrao o día 24 de xullo de 2008 ás 09:30 horas. Asistiron o Patrón Maior (de artes menores), un representante de artes menores, unha mariscadora a pé e dous representantes de marisqueo a flote.

1. Recursos naturais e culturais dispoñibles

Os recursos naturais que se explotan na confraría de San Cibrao con respecto á pesca son: nécora, camarón, polbo, centola, santiaguíños e as especies típicas de artes de enmalle; con respecto ao marisqueo son: percebe, ourizo e lapa (desta última, solo cando teñen demanda dos compradores habituais).

Os modelos de xestión da explotación destes recursos son: para o marisqueo elaboran Plans de Explotación, que no caso do ourizo foi conxunto con outras Confrarías; este feito produciulles beneficios, xa que poden extraer en bancos doutras confrarías que posúen mais recurso que nos da súa propia. Con respecto á pesca, non elaboran Plans de Explotación, pero teñen paros biolóxicos, como o do polbo, que o non ser subvencionado, poden pescar con outros artes.

Todos estes recursos encóntranse ameazados debido á contaminación que sofre esta zona, xa que se encontra entre tres grandes empresas (Alcoa e 2 piscifactorías). Incluso advirten a desaparición de algas nos substratos rochosos en toda a zona.

No caso da ameixa fina, teñen pouca cantidade por falta de bancos marisqueiros axeitados.

Nos últimos anos non houbo cambios nas técnicas de explotación, agás na extracción do ourizo co novo sistema a mergullo con subministro de aire. Este sistema empregase en marisqueo a flote e practícano embarcacións que non pertencen á Confraría; o inconveniente que presenta esta modalidade é que teñen un tope de capturas moi elevado por embarcación, e como poden ir tódolos días (non é como no marisqueo a pé, que solo poden ir os días de mareas moi boas), están arrasando cos proxenitores desta especie; por este motivo cada vez hai menos ourizo nos bancos de marisqueo a pé.

Outro problema importante nesta zona é o furtivismo, sobre todo en percebe.

A única exaltación dos recursos son as festas gastronómicas do ourizo, do polbo e do mexillón, aínda que desta última especie non hai cultivo nin extracción.

Dende a Confraría non se realiza ningún control da contaminación, pero Técnicos especializados da Xunta realizan mostraxes periodicamente para analizar as augas; non acostuman a comunicar á Confraría os resultados destas análises.

O Concello non conta con depuradora, e pensan que as piscifactorías verten directamente ao mar.

2. Recursos humanos

O número de persoas dedicadas ás diferentes formas de extracción dos recursos mariños son:

- entre 10-12 persoas dedicadas a artes menores, sen permiso de marisqueo
- 6 persoas dedicadas ao marisqueo a pé, dos cales 5 son mulleres con idades comprendidas entre os 50-62 anos.
- 24 persoas dedicadas ao marisqueo a flote, todos eles homes entre 20-60 anos.

A maioría posúen estudos primarios, aínda que algún posúe o título de Bacharelato ou de F.P.

O problema mais grande co que se encontran é a comercialización do produto, xa que para a venda teñen que desprazarse ata outras lonxas, como por exemplo o polbo en Burela.

Nos últimos anos descendeu o número de persoas dedicadas ao marisqueo a pé, pero, como existe xente nova interesada, proximamente abranse ás listas para poder entrar no sector; se non se abriron antes, foi debido á existencia de furtivos cos que a Confraría tiña problemas.

Na pesca, a única xente nova interesada son inmigrantes, principalmente indonesios, que non teñen ningún problema de integración.

En canto a formación e seguridade no mar, Asisten aos cursos de formación obrigatorios, e parécelles que non son moi útiles para mellorar a súa seguridade, nin o desenvolvemento do seu traballo.

Consideran un inconveniente que cada vez lles esixan mais requisitos para poder desenvolver esta actividade.

Referente ás medidas de seguridade na pesca, o chaleco salvavidas veno inútil, porque é moi incómodo traballar con el, polo que practicamente non o utilizan. Non obstante, no marisqueo están moi contentos coa utilización dos traxes de neopreno.

A confraría de San Cibrao conta na actualidade con 1 empregada, de 49 anos con dedicación de subalterna e por acceso público.

Non dispoñían de servizo de vixilancia ata hai pouco tempo, e isto notouse no furtivismo, que descendeu.

3. Infraestruturas portuarias e comunicacións viarias

As infraestruturas viarias non son as mais axeitadas para a comercialización do produto.

A lonxa está bastante deteriorada. Posúe unha cámara de conxelación e outra de fresco.

Nos últimos anos non se realizou ningunha modificación nas súas infraestruturas, e non se accedeu a ningunha axuda pública para este fin. Un dos problemas que teñen é a falta de información e asesoramento sobre as convocatorias de axudas para investimentos.

Mostran interese en adecuar a lonxa e así cumprir os requisitos esixidos para integrarse na marca PescadeRías.

Ademais das actividades pesqueiras no porto realízanse actividades deportivas (pesca, piragüismo...), pero non posúen Club Náutico.

4. Novas tecnoloxías

No referente ás novas tecnoloxías están satisfeitos coa dotación que posúe a confraría, que é un equipo informático e conexión a internet. Non teñen

dificultades para adaptarse a elas, e o único obstáculo ao que se enfrontan é á falta de presuposto para levar a cabo melloras neste sentido.

5. Sistema empresarial

No marisqueo a pé son autónomos, mentres que no marisqueo a flote e pesca de baixura, a maioría son CB.

No polígono industrial de San Cibrao desenvólvense actividades vinculadas coa pesca, como as da empresa Frigomar (que pertence a Burela) e dúas cetarias.

Os únicos medios que se utilizan para valorizar os produtos da zona son as festas gastronómicas, e non existe ningún plan zonal para consolidar ou manter as actividades e os empregos, así como non existe ningún tipo de axuda aos mozos para por en marcha novas empresas.

6. Vendas

No que se refire a vendas nesta confraría non hai ningún rexistro de datos, xa que as vendas lévanse a cabo en Burela e Celeiro. Os datos relativos a esta actividade encóntranse na lonxa de Celeiro, porque a lonxa de San Cibrao está asociada a Puerto de Celeiro.

No último ano as principais especies comercializadas en volume son a centola e o ourizo, e en valor a centola, a nécora, o santiaguíño, o percebe e o polbo.

O ano pasado houbo un ascenso en volume de centola, pero este ano nótase un descenso de mais da metade.

En valor nótase un descenso importante no prezo do polbo.

O número de compradores é irregular, varía dun día para outro, pero por norma xeral, son suficientes.

7. Conclusións

Cabe destacar desta entrevista a dificultade na comercialización; a falta de existencia dunha EDAR, así como a xeración de contaminación provocada (creen eles) polas grandes empresas instaladas na zona; a falta dunha pequena depuradora para o marisco; a existencia de furtivismo; as

necesidades de mellora das instalacións da lonxa para poder acceder á marca PescadeRías.

1.1.11.5 Confraría de Celeiro

A reunión celebrouse na Confraría de Celeiro o día 9 de Outubro de 2008 ás 10:00 horas. Asistiron Elena Barceló (Asistencia Técnica), Domingo Rey (Patrón Maior) e Máximo Díaz (Secretario).

1. Recursos naturais e culturais dispoñibles

Os recursos que a Confraría pode explotar son ameixa fina e xapónica, coquina, ourizo, bígaro e lapa (ocasional) no marisqueo a pé; a flote o percebe e o ourizo; en baixura pescadilla, lirio, xulliana, bertorella, pota, caballa e xurel entroutros; e en altura pescada, bertorella, congrio, cabra, dorara, mero, ollomol, maruca, palometa negra, rape, cigala, etc.

A explotación está xestionada baseándose en Plans de Explotación anuais, tanto en recursos específicos como non específicos no caso do marisqueo; Plans de Pesca e paros biolóxicos para a pesca.

De momento non se detectaron conflitos de interese entre os diferentes axentes para a explotación dos recursos, se ben este ano xurdiron discrepancias entre o marisqueo a pé e a flote para a extracción de ourizo.

Existen recursos ameazados que é prioritario conservar, como é o caso de tódalas especies de marisqueo, así como na baixura as especies de cerco en xeral. Por iso estase a traballar dende hai meses na implantación dunha reserva mariña na zona.

Nos últimos anos houbo melloras técnicas para a explotación dos recursos extractivos que deron lugar a un incremento da cualificación do persoal e da técnica co conseguinte incremento da calidade do produto e do confort do pescador.

Sufriuse a extinción de especies como a ameixa babosa, e a diminución preocupante doutras como o ollomol.

O sistema de explotación actual dos recursos consideran que é bo en canto á xestión; o problema vén dado pola influencia sobre estes tanto da contaminación coma das obras públicas.

Foméntase a valorización dos recursos naturais e culturais a través da formación e divulgación en Xornadas de Pesca (van trece edicións con importante éxito), participación en feiras e eventos...

Realízanse mostraxes semanais por parte da Asistencia Técnica, que son enviadas ao Intecmar para determinar a contaminación que afecta aos recursos, pero non se levan a cabo medidas correctivas. Unha das zonas extractivas está catalogada como "C", por mor da contaminación.

2. Recursos humanos

O numero de persoas dedicadas ás diferentes formas de extracción na Confraría son:

- Altura 600 e Baixura 100. Son varóns case o 100%; os seus estudos son de especialidade segundo o seu traballo habendo Patróns Costeiros Polivalentes, de Litoral e Capitáns.
- Percebeiros: 19. Varóns con estudos básicos.
- Mariscadores: 3. Dúas mulleres e un varón con estudos básicos.

Os principais problemas aos que teñen que enfrontarse para o desenvolvemento da súa profesión veñen determinados principalmente polo elevado grao de endebedamento derivado da recente renovación da flota; a iso hai que sumar os elevados custos de explotación e o baixo prezo das primeiras vendas (comercialización), o que deixa unha escasa marxe de beneficio.

No caso de Celeiro o número de persoas dedicadas á actividade pesqueira non decreceu, feito que si se deu de forma significativa no marisqueo, debido principalmente á falta do propio recurso e á adecuación aos requisitos legais dos mariscadores (seguridade social e outros).

O relevo xeracional facilitouse en boa medida debido á renovación da flota, que funcionou como estímulo para a transmisión de pais a fillos da profesión ou negocio familiar. Non é o caso dos mariscadores.

A inmigración converteuse nun axente importante para o desenvolvemento da actividade, principalmente de indonesios e peruanos. Para a súa integración existe unha empresa que realiza os trámites necesarios para o

desenvolvemento da súa actividade laboral. Dende a Confraría non existen acordos de cooperación cos países de orixe, isto levase a cabo dende o ISM.

Tódolos pescadores, mariscadores e percebeiros reciben a formación necesaria para exercer a súa profesión, e cualifícanos como positiva respecto á mellora da seguridade, se ben modificarían o chaleco salvavidas. Neste sentido consideran que é un problema a existencia de diferentes niveis competenciais.

Na Confraría traballan directamente doce persoas que accederon por convocatoria pública (1 secretario, 3 administrativos, 1 asistencia técnica, 1 mantemento-limpeza, 4 tripulantes do barco-escola e 2 vixilantes de marisqueo). Salvo a asistencia técnica e a persoa encargada do mantemento son todos varóns. As súas idades oscilan entre os 34 e os 51 anos, con niveis de estudos que van dende básicos a licenciados universitarios en función dos requisitos dos seus postos respectivos.

3. Infraestruturas portuarias e comunicacións viarias

Para a recepción e venda das especies extraídas cóntase coa lonxa de carácter privado de Puerto de Celeiro S.A., construída no ano 2000 coas últimas técnicas para a boa conservación do peixe durante a venda: seis salas climatizadas, fábrica de xeo, salas de conxelado e fresco, etc. O seu programa de modernización é continuo coa axuda de subvencións (básculas electrónicas, lavado automático de caixas, zona WIFI...).

O porto utilízase non só para a actividade pesqueira senón que é moi importante a comercial como a madeira e o cuarzo. Ademais existe un importante porto deportivo na zona.

O sistema de comunicacións viarias é malo e limitante para a comercialización.

4. Novas tecnoloxías

A evolución das novas tecnoloxías na Confraría foi moi boa e a adaptación dos traballadores inmediata, non existindo obstáculos para a súa introdución. Para a súa mellora procúrase acceder a subvencións; realízanse cursos e xornadas para a transferencia de coñecementos nesta materia con outros axentes.

5. Sistema empresarial

O modelo empresarial predominante é o de Sociedade Anónima (S.A.) e Sociedade limitada (S.L.); no caso dos mariscadores son todos autónomos.

Empresas exportadoras e fábricas de conservas son as principais actividades empresariais vinculadas á pesca. No caso das segundas destacan pola súa elevada repercusión no emprego feminino; un problema importante para as conserveiras é a súa situación, xa que non están situadas nun Polígono Industrial (con todo o que iso implica dende o punto de vista urbanístico, ambiental, normativo e loxístico).

Nas últimas décadas desapareceron todas as fábricas de salazón da zona, que tiñan unha repercusión económica moi forte. Non obstante xurdiron novas actividades vinculadas á pesca como a Fundación para a I+D+i no sector pesqueiro de Celeiro, dende a que se puxo en marcha e desenvolve o Centro Tecnolóxico da Pesca (CETPEC) integrado na rede de centros tecnolóxicos de Galicia - Tecnalía.

Os medios que se utilizaron ata o momento para revalorizar os produtos da zona son as marcas de calidade (Pescada do pincho de Celeiro co selo de Galicia Calidade) así como a realización de Xornadas Gastronómicas e participación en feiras nacionais e internacionais.

Non se puxeron en marcha dende a Confraría plans para a consolidación ou mantemento dos empregos nin hai mecanismos de axuda aos mozos para a posta en marcha de empresas.

6. Ventas

Tódolos datos de venda están rexistrados diariamente e recollen toda a información referente á venda do produto.

As principais especies comercializadas en Puerto de Celeiro en 2007 en canto a volume foron pescada do pincho, lirio, pescadilla e estorniño; en canto a valor foron pescada do pincho, pescadilla, xuliana e pescada da volanta.

A evolución xeral do valor de venda de tódalas especies (salvo determinadas puntuais sen repercusión no balance global) foi á baixa, é dicir, o peixe en primeira venda desvalorizouse.

Existe unha cantidade importante de compradores, o ámbito de venda dos cales son principalmente grandes superficies, outros intermediarios e mercas (Madrid e Barcelona). As vendas a peixarías locais e restaurantes ten carácter puntual dentro do balance xeral.

7. Conclusións

- Elevados gastos de explotación (combustible, custos sociais, avituallamento, agravado polo elevado nivel de endebedamento debido á renovación da flota).
- Comercialización: beneficio mínimo ao pescador que fai que se teña que reformular a súa actividade e non dedicarse soamente á extracción senón implicarse directamente na comercialización.

1.1.11.6 Confraría de O Vicedo

Respostas ao cuestionario na reunión levada a cabo na Confraría de O Vicedo (Luns, 28/07/08, 19:00h).

Asistentes; Patrona Maior (Faustina Solloso), Asistencia Técnica (Aitor), 2 representantes de marisqueo a pé (M^a Carmen e Rosa), 2 percebeiros e un representante de baixura.

1. Recursos naturais e culturais dispoñibles.

Os recursos naturais que se explotan referente ao marisqueo son coquina, berberecho, ameixa fina, ameixa xapónica, percebe e nécora. Referente á pesca artesanal, polbo, ourizo e peixes habituais neste tipo de actividade.

Os modelos de xestión da explotación destes recursos son, para o marisqueo os Plans de Explotación e para a pesca os paros biolóxicos. Están satisfeitos con estes modelos de xestión, pero non están de acordo co horario no que se lles permite a extracción do recurso, sobre todo os percebeiros, xa que non poden ir a partir das 17:00 h.

Tiveron problemas na explotación dos recursos na praia de Arealonga. Dende o Concello quería rexenerar a praia cunha gran cantidade de area. Esta area debido ao oleaxe non se aguanta e acumúlase sobre un banco importante de coquina. Polo demais non existe ningún conflito de intereses na explotación dos distintos recursos.

Non houbo cambios nas técnicas de explotación, seguen a ser as mesmas que as que se viñan a utilizar nos últimos anos. Un dos cambios que se fixo por parte de algúns pescadores foi deixar o arte dos trasmallos para poder ir ao ourizo. Este cambio é debido a que soamente se pode ir como máximo a 5 artes distintas.

Non se fomenta de ningunha forma a valoración dos recursos naturais.

Posúen unha pequena depuradora de augas. Nestes intres estase a facer un estudo sobre a contaminación da zona. Pero pensan que este non é un dos maiores problemas que afecta aos recursos, xa que é unha ría bastante limpa e na zona non hai ningunha empresa que poidar verter residuos contaminantes, nin unha forte presión urbanística. Creen que o recurso se ve moi esquilado polo furtivismo ao que non se ven capaces de facer fronte.

Están pendentes da administración para poder optar pola certificación de PescadeRías.

2. Recursos humanos

O número de persoas dedicadas ás diferentes formas de extraccións dos recursos mariños son:

- 32 mariscadoras, todas elas mulleres con estudos básicos
- 9 homes en total sumando percebeiros e pescadores

Nos últimos anos descendeu significativamente o número de persoas dedicadas a estas actividades. No marisqueo pasouse de 64 traballadores a 32, supoñendo un 50% de descenso. O mesmo sucede na pesca, na que se aprecia outro 50% de descenso .

Non hai relevo xeracional e ven como posible solución para o desenvolvemento das actividades a integración dos inmigrantes, aínda que na actualidade, non hai ningún inmigrante traballando no sector da pesca nin no marisqueo nesta confraría.

Formación e seguridade no mar

Os asistentes á reunión opinan que os cursos de formación non son moi eficaces para desenvolver o seu traballo nin mellorar a súa seguridade.

No referente a asistencia a cursos soamente asisten aos obrigatorios, e cren que se lles esixe cada vez mais requisitos.

Traballadores da confraría

A confraría de O Vicedo conta cun total de tres empregados, dous dedícanse á labores de vixilancia e un á asistencia técnica .

Todos son homes e contan con estudos de FP, bacharelato e licenciatura, respectivamente.

Os contratos son por obra, xeralmente dun ano de duración, e establécense a través de convenios entre a Confraría e a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Dende hai uns anos non dispoñen de secretario.

4. Infraestruturas portuarias e comunicacións viarias

En marisqueo dispoñen de suficientes medios para poder levar a cabo a extracción do recurso: un tractor, básculas...

Posuen unha cámara de conservación para a carnada e para o produto fresco, unha furgoneta isotérmica para os percebeiros e outra para as mariscadoras.

Posuen programa de modernización da lonxa e accederon a axudas públicas para a mellora das infraestuturas.

Ademáis da actividade pesqueira o porto utilízase para a pesca deportiva, aínda que non contan con club náutico.

O sistema de comunicacións viarias é deficiente, e o feito de ter que desprazarse a outras lonxas para a venda dos recursos, supón un gasto grande.

5. Novas tecnoloxías

A confraría conta con 2 ordenadores e a adaptación as novas tecnoloxías levouse a cabo a través de cursos, non presentándose ningún problema neste aspecto por parte do persoal.

6. Sistema empresarial

A maioría dos pescadores son autónomos, o mesmo que as mariscadoras, que cotizan no réxime especial do mar. As mariscadoras, redeiras e percebeiros a pé reivindican a necesidade de aumentar o coeficiente reductor a 1.5 anos e que se recoñezan algunhas das enfermidades que sofren estes colectivos como enfermidades profesionais.

As actividades empresariais derivadas da pesca son nulas, non hai ningunha empresa na zona que se dedique ao aproveitamento dos recursos naturais. Non se promove ningún tipo de actividade para fomentar nin impulsar os recursos naturais da zona. Debido a esto non se xeran empregos.

Nos últimos anos non houbo implantación de novas actividades e soamente desapareceu a extracción do longueirón.

7.Vendas

Na confraría de O Vicedo realizase unha subhasta previa, coa finalidade de evitar intermediarios. A coquina véndese na lonxa de O Vicedo, e as mariscadoras non extraen este recurso se non se alcanza un prezo mínimo establecido.

O resto das especies, debido á falta de compradores, véndenas en outras lonxas: o percebe véndese en Cedeira, o peixe en Celeiro e o marisco en San Cibrao.

Para a venda do ourizo ven un camión dende Xixón, xa que extraen cantidades suficiente grandes como para que lles saia rendible.

Os datos das vendas desta confraría encóntranse nas loxas onde venden.

No último ano as especies comercializadas mais importantes en canto ao volume son a ameixa xapónica e o berberecho no marisqueo, e polbo para a baixura.

En canto ao valor, as especies máis rendibles son o ourizo e o percebe. No percebe este ano notouse un descenso con respecto ao ano pasado. Tanto a centola como o ourizo sufriron un aumento de prezo no último ano.

Conclusións

- Existe un grado de furtivismo moi importante.
- Escaseza de recurso no marisqueo.
- Non ven problemática á comercialización, pero si ó prezo.
- Vantaxes da venda directa.

1.1.11.7 Confraría de O Barqueiro

A reunión celebrouse na Confraría de O Barqueiro o día 15 de xullo de 2008 ás 17:00 horas. Asistiron Guillermo del Rio (Asistencia Técnica), Celestino Gómez (Patrón Maior), Isabel Rodríguez (Presidenta das mariscadoras) e Pilar Vázquez (Secretaria).

1. Recursos naturais e culturais dispoñibles

Os recursos naturais que pode explotar esta Confraría son: en baixura (centolo, rape, rodaballo e polbo) e en marisqueo berberecho, ameixa fina, xaponesa, babosa e coquina.

Cada un destes recursos naturais posúe o seu propio modelo de xestión para a súa explotación, así pois, no caso do marisqueo existen Plans de Explotación e para o caso da pesca (baixura) existen tamén Plans de Pesca ou paradas de 2 meses ao ano no caso do polbo, mentres que para o percebe altéranse as zonas. Estes Plans de Explotación son de gran importancia, xa que por exemplo no caso do polbo implicou un notable aumento das capturas.

No caso do marisco estes Plans de Explotación aínda non deron os resultados desexados xa que as capturas seguiron a diminuír considerablemente, destacando o caso da coquina e da ameixa fina, dun xeito tan acusado que xa non permite a súa explotación comercial.

Os distintos axentes encargados da explotación dos distintos tipos de recursos naturais nesta Confraría manifestan non ter ningún tipo de conflito de intereses.

Non houbo cambios nas técnicas de explotación agás para o caso do polbo. Ademais de técnicas de explotación para os recursos naturais tamén se fomentou a súa valorización a través da formación, sensibilización ou divulgación, como por exemplo a través da festa do marisco.

No ámbito da contaminación que pode afectar aos recursos, os instrumentos utilizados son controles de calidade de auga cada semana tendo en conta que hai unha zona C, e que non dispón de depuradora de augas residuais.

2. Recursos humanos

Na Confraría na actualidade hai un total de 62 persoas dedicadas ás diferentes formas de extracción dos recursos mariños. Deste total:

- 11 embarcacións con 23 pescadores (na súa totalidade homes) con estudos básicos e de idades comprendidas entre 20 e 53 anos.
- 16 mariscadores dos cales 1 é un home, con estudos básicos e con idades que comprenden entre os 30 e 64 anos.
- 23 son percebeiros, todos eles homes.

Dentro dos problemas aos que se enfrontan cada un destes sectores destaca a falta de persoal, a pesar de que no caso da pesca trátase de empresas familiares nas que é máis doado o relevo xeracional, cousa que non ocorre no marisqueo, onde dita actividade non resulta atractiva para os mozos da zona. Ademais existen problemas de saúde ocasionados polo desenvolvemento da actividade tales como lumbagos, sobreesforzos, malas posturas...

Nesta confraría os inmigrantes non xogan un papel destacado en canto o desenvolvemento das actividades pesqueiras.

Por un lado, en canto a formación e seguridade no mar, os pescadores, as mariscadoras e os percebeiros asistiron a algún curso de formación os cales declaran que serviron para mellorar a súa seguridade ou eficacia no traballo. Non obstante sinalan que os requisitos de seguridade esixidos non

lles resultan realmente eficaces tal é o caso dos chalecos, dos que din ser incómodos para desenvolver os seus traballos. Así pois afirman que estes, ao seu modo de ver, deberían modificarse e facelos máis ergonómicos.

O número de persoas que traballan para a Confraría son 3, cuxo sistema de acceso foi público (funcionarios) ou privado por conta da confraría, desempeñando os postos correspondentes a administración, asistencia técnica e vixilancia. Os estudos que cada un deles teñen cursados van dende os básicos ata licenciados. Segundo unha distribución por sexos, so hai unha muller.

3. Infraestruturas portuarias e comunicacións viarias

Os medios cos que a Confraría conta para a recepción e venda das especies extraídas é a lonxa (pertencente a Portos) que se construíu fai 4 anos e posúe cámara de fresco e de conxelado; nela soamente se subhasta o marisco xa que o peixe e o percebe véndese en Cedeira por falta de compradores. Calquera modificación ou reparación da lonxa depende única e exclusivamente da Confraría.

Ademais das actividades pesqueiras, no porto realízanse actividades para o turismo a pequena escala.

Falando do sistema de comunicacións viarias para a comercialización de especies manifestan que non é o máis axeitado, xa que as estradas que acceden ao porto son antigas e moi estreitas.

4. Novas tecnoloxías

No ámbito da evolución das novas tecnoloxías na Confraría destaca o sistema informático de venda na lonxa; os únicos obstáculos para a introdución de novas tecnoloxías son os económicos. Destacan a falta dunha cinta clasificadora por tallas para o marisco, o que facilitaría a venda do produto. En canto aos recursos financeiros existentes son aqueles que proceden da Consellería de pesca .

Os medios cos que se conta para acceder á información sobre novas tecnoloxías son a través da Consellería.

5. Sistema empresarial

O modelo empresarial predominante é autónomos ou CB.

Dentro das empresas vinculadas á pesca hai unha compradora (que moitas veces é a única) e unha empresa de actividades deportivas. Por outro lado non se produciu a desaparición de ningunha empresa tradicional relacionada coa pesca nos últimos anos.

Non coñecen ningún tipo de plan para consolidar ou manter as actividades e empregos da zona e tampouco ningún mecanismo de axuda aos mozos para a posta en marcha de novas empresas.

6. Vendas

A Confraría conta cun rexistro informatizado de datos de venda tanto en volume como en valor dos recursos naturais explotados. As principais especies comercializadas no último ano en volume son, no caso do marisco: ameixa xaponesa, fina e berberecho; na pesca, polbo e rape.

Nos últimos anos apreciouse unha evolución descendente no caso do marisco, destacando o caso da ameixa fina.

En canto a compradores só existe unha compradora no Barqueiro. Normalmente, os produtos comprados son destinados a algún restaurante, peixerías...

7. Conclusións

- Destacan os problemas xerados pola falta dunha depuradora para o marisco, o que provoca a diminución do prezo de primeira venda.
- É importante a gran proliferación da ostra xaponesa e a diminución dos recursos máis produtivos como era a coquina.
- Mal sistema de comunicacións.

1.1.11.8 Confraría de Espasante

A reunión celebrouse na Confraría de Espasante o día 21 de xullo de 2008 ás 14:00 horas. Nesta Confraría o cuestionario só foi recollido xa que se encargaron eles mesmos de cubri-lo.

1. Recursos naturais e culturais dispoñibles

Os recursos naturais que pode explotar esta Confraría son dunha **amplia variedade**: peixes, moluscos, crustáceos, poliquetos e algas; ameixa fina, babosa e xaponesa, berberecho, bígaro, lapa, percebe, longueirón, anémonas, ostra, mexillón, etc...

Cada un destes recursos naturais posúe o seu propio modelo de xestión para a súa explotación, así pois, utilízanse plans de explotación. Cabe engadir que de momento non houbo unha extinción ou diminución irreversible de ningún recurso natural.

Cabe destacar que os distintos axentes encargados da explotación dos recursos naturais nesta Confraría, teñen conflito de intereses debido aos parquistas, á venda de produto foráneo por autóctono, patoloxías, ...

Nos últimos anos non se produciu ningún tipo de cambio sobre as técnicas de explotación, pero estívose traballando na mecanización da actividade.

Non se fomentou a valorización de recursos naturais e culturais a través da formación, sensibilización ou divulgación.

Utilízanse instrumentos para o control e a determinación da contaminación facilitados polo INTECMAR; os controis realízanse semanalmente.

2.- Recursos humanos

Na Confraría nestes momentos hai un total de 35 persoas dedicadas as diferentes formas de extracción dos recursos mariños (mariscadoras, percebeiros e pescadores). Deste total:

- 6 mulleres de idades comprendidas entre 40-50 anos e 14 maiores de 50 anos cun nivel de estudos básico.
- 2 homes menores de 40 anos, 3 de idades entre 40-50 anos e 10 maiores de 50 anos, todos eles con estudos básicos.

O relevo xeracional é un dos maiores problemas ao que se enfrontan, xa que non se trata de manter a profesión senón de cubrir as prazas da xente que se xubila. Á xente nova non lle interesa dedicarse á pesca. Deste xeito é importante a inmigración para o desenvolvemento deste tipo de actividades. Actualmente a Confraría estase mobilizando para que os seus

socios poidan traballar durante todo o ano, especialmente as mariscadoras, pensando en Plans de Explotación novos para diversificar o máximo posible as extraccións.

En canto a formación e seguridade no mar, si se asistiu a cursos de formación os cales serviron para mellorar a súa seguridade ou eficacia no traballo.

Por outro lado, en canto aos traballadores da Confraría, o número de persoas que traballa aquí son 3, con sistemas de acceso privados, desempeñando os postos correspondentes a administración, vixilancia e asistencia técnica. Os estudos que cada un deles teñen cursados van dende os básicos, pasando por administrativo ata o título de técnico superior.

Segundo unha distribución por sexos, so hai unha muller o resto son homes.

3.- Infraestruturas portuarias e comunicacións viarias

A Confraría conta cunha lonxa para a recepción e venda de moluscos, cun estado máis ou menos aceptable pero sen ningún tipo de modernización nos últimos anos. Só pequenas reparacións (cristais, pinturas, portas) por parte de Portos de Galicia.

Falando do sistema de comunicacións viarias para a comercialización de especies este é o adecuado, as estradas que acceden ao porto son amplías e novas.

4.- Novas tecnoloxías

As novas tecnoloxías da lonxa son as axeitadas para os labores realizados e os obstáculos para a súa implantación son sobre todo económicos.

Os medios para acceder á información sobre novas tecnoloxías son á súa vez informáticos.

5.- Sistema empresarial

O modelo empresarial predominante é por conta propia, autónomos.

As empresas vinculadas á pesca son unicamente as dedicadas á compra de produtos pesqueiros frescos. O nivel de vendas é moi baixo polo que son os

armadores/mariscadores os que transportan o produto ata o centro de venda e alí é entregado ao comprador.

Cabe citar que ao longo dos anos non desapareceu ningún tipo de empresa tradicional.

En canto aos produtos xerados non se valorizan de ningunha maneira.

Co fin de consolidar e manter as actividades e os empregos no ámbito pesqueiro e axudar a xuventude para poñer en marcha novas empresas, nesta Confraría, recórrase aos Axentes de Emprego do Concello.

6.- Ventas

A Confraría conta cun rexistro informatizado de datos a través dun programa de contabilidade e xestión de SACE: empresa, cliente, proveedor, especie, cantidade e prezo. Destes rexistros obtense que as principais especies comercializadas no último ano en volume son: ourizo, ameixa xapónica, berberecho e ameixa fina. E en valor: ameixa fina, xapónica, ourizo e berberecho.

Nos últimos anos houbo unha evolución descendente apreciable debido á xubilación dos mariscadores, que produce como consecuencia a diminución da cantidade de recursos naturais capturados.

Os compradores por especie son mais ou menos 3 por subhasta para a ameixa, berberecho e bígaro, e 1 sen subhasta para o ourizo. Normalmente, os produtos comprados son destinados a algún restaurante, peixerías...

7.- Conclusións

- Dificultades en canto ao relevo xeracional.
- Dificultades na comercialización.
- Nun futuro sinalan que se pretende potenciar a calidade dos produtos, ampliar as zonas de produción, a creación de parques de cultivo e a venda directa.

1.1.11.9 Confraría de Cariño

A reunión celebrouse na Confraría de Cariño o día 21 de xullo de 2008 ás 12:00 horas. Asistiron Anabel (Secretaria), José Antonio (Chechu, Asistencia Técnica), Juan (Patrón Maior) e Carmen (Presidenta das mariscadoras).

1.- Recursos naturais e culturais dispoñibles

Os recursos naturais que pode explotar esta Confraría son dunha ampla variedade dende mariscos como percebe (a flote), ameixa fina e xaponesa, longueirón e berberecho; en cerco: xurelo, sardiña, cabala, robaliza, abadexo, pescada, congro, e outros.

Cada un destes recursos naturais posúe o seu propio modelo de xestión para a súa explotación, así pois, no caso do marisqueo existen Plans de Explotación con rotación de bancos e para o caso da pesca existen tamén Plans de Pesca e paros biolóxicos.

Estes Plans de Explotación son de vital importancia e de gran proveito para a explotación, deste xeito especies que non estean incluídas neles poden estar en perigo en canto a súa conservación. Tal é o caso da ameixa fina, que leva uns anos decrecendo por causas que están a ser estudadas, ou o San Martiño, posiblemente debido ao furtivismo; no caso dos percebes, un problema de gran importancia é a pesca deportiva xa que antes a lei só permitía esta practica durante determinados días e en determinadas zonas e agora non hai tales restricións.

Os distintos axentes encargados da explotación dos distintos tipos de recursos naturais nesta Confraría non manifestan ter ningún conflito de intereses.

Non se produciu ningún cambio nos últimos anos nas técnicas de explotación dos recursos. Nesta Confraría tampouco se realiza ningún tipo de valorización dos recursos naturais.

No ámbito da contaminación que pode afectar aos recursos destaca que non se dispón de EDAR. Sen embargo, posúen 4 minidepuradoras que a pesar de estar instaladas ningunha delas funciona.

2. Recursos humanos

Na Confraría nestes momentos hai un total de 218 persoas dedicadas ás diferentes formas de extracción dos recursos mariños. Deste total:

- 122 pescadores (na súa totalidade homes) con estudos básicos e de idades de entre 16-65 anos.
- 28 mariscadoras con estudos básicos e con idades comprendidas entre os 45-61 anos.
- 68 son percebeiros, dos cales todos son homes excepto unha muller, tamén con estudos básicos e con idades comprendidas entre os 17-60 anos.

O problema máis destacado ao que se enfrontan cada un dos sectores son o descenso nos últimos anos do número de persoas dedicadas a este tipo de actividades. Para o caso dos pescadores non se producen grandes ingresos co cal trátase dun traballo pouco atractivo debido ás duras condicións do mar, sendo necesario recorrer aos inmigrantes para cubrir esas vacantes. Os inmigrantes son sobre todo portugueses, indonesios e peruanos, os cales son tratados por igual, aínda que non hai ningún tipo de cursos de integración para eles.

No caso das mariscadoras, e debido á diminución dos recursos, tamén ven diminuír paralelamente o número de traballadoras. Sen embargo, para o caso dos percebeiros o número de persoas dedicadas a esta actividade mantense.

Por un lado, en canto a formación e seguridade no mar, pescadores, mariscadoras e percebeiros asistiron a algún tipo de curso de formación, os cales manifestan que serviron para mellorar a súa seguridade ou eficacia no traballo. Sen embargo, sinalan que os requisitos de seguridade esixidos non son realmente eficaces como é o caso dos chalecos, que son incómodos para desenvolver os seus traballos producindo dor de cervicais. Así pois afirman que estes, ao seu modo de ver, poderían modificarse. Polo que respecta aos demais requisitos de seguridade, como neoprenos para mariscar están moi satisfeitos.

O número de persoas que traballan na Confraría son 13, con sistemas de acceso público. Os estudos que cada un deles teñen cursados van dende os básicos pasando por diplomados ata licenciados.

Segundo unha distribución por sexos e idade, 4 son mulleres de idades comprendidas entre 29-64 anos e 9 homes de idades entre os 32-64 anos.

3. Infraestruturas portuarias e comunicacións viarias

Os medios cos que a Confraría conta para a recepción e venda das especies extraídas son: unha lonxa con cámaras frigoríficas, unha fábrica de xeo, vehículos isoterms, lavado de caixas, e está en proceso un túnel de conxelado para polbo.

A lonxa atopase en mal estado e non está refrixerada, non existindo ningún programa de modernización da infraestrutura da mesma. As últimas modificacións foron a creación dun novo pavimento antiescorregadizo e o teito dos almacéns dos armadores. Para estas melloras na infraestrutura da lonxa recorreuse a unha subvención de Portos.

Ademais das actividades pesqueiras, no porto realízanse actividades de carga de mercancía de pedra da canteira.

O sistema de comunicacións viarias para a comercialización de especies non é o axeitado para vehículos pesados. Ademais os vehículos da mina fan as estradas mais perigosas ao desprender grava provocando que os demais vehículos poidan esvarar ou ter algún tipo de accidente.

4. Novas tecnoloxías

A evolución das novas tecnoloxías na Confraría considéranse axeitadas, en canto a instalación de ordenadores, fotocopiadoras... pero na lonxa hai moitas limitacións. Sen embargo non existe ningún tipo de obstáculo para introducir novas tecnoloxías, sendo os recursos financeiros existentes aqueles que proceden da Administración.

Non se leva a cabo un programa de cooperación con outros axentes para a transferencia de coñecementos nesta materia salvo envío de capturas por SACE á Xunta.

5. Sistema empresarial

O modelo empresarial no caso de mariscadoras e percebeiros é **autónomo**, para o caso dos pescadores de baixura é autónomo aínda que tamén hai S.A, S.L. e C.B.

As actividades empresariais vinculadas á pesca son 3 conserveiras, talleres náuticos, empresas privadas de actividades deportivas... O Concello pon a disposición do turista o barco "Artal" como Aula Museo do Mar para realizar rutas. Existe un Hotel da Natureza que tamén posúe un barco para desfrute dos seus hóspedes e da xente que o desexe co fin de facer rutas. Cabe destacar que estas empresas xeran moitos postos de traballo.

Os principais problemas para as empresas pesqueiras son o prezo do combustible, a importación de peixe, o baixo prezo da primeira venda, e a competencia desleal no caso do marisqueo co etiquetado...

Cabe citar que ao longo dos anos foron desaparecendo actividades tradicionais como por exemplo a fábrica de fariña ademais de moitas outras conserveiras debido á falta de xente e de produto.

En canto á valorización do produto só está contemplado no caso do percebe a creación dunha marca.

Por outro lado, e co fin de consolidar e manter as actividades e os empregos no ámbito pesqueiro implantouse unha cota social, aínda que a maior parte dos pescadores non están de acordo. Porén non existe ningún mecanismo para axudar á xuventude na posta en marcha de novas empresas.

6. Ventas

A Confraría conta cun rexistro informatizado de datos de venda tanto en volume como en valor dos recursos naturais explotados (programa SACE) e que está a funcionar dende 1999. Destes rexistros obtense que as principais especies comercializadas no último ano en volume son: sardiña, xurelo, cabala, polbo, percebe, robaliza e congro. En canto a valor, as mais importantes son percebe, sardiña, xurelo, cabala, robaliza e polbo.

Nos últimos anos apreciouse unha evolución descendente das vendas. Os compradores por especie son máis ou menos 15 para peixe, 6 para marisco e 8 ou 10 para percebe. Normalmente, os produtos comprados son destinados a algún restaurante, peixerías...

7.- Conclusións

- Dificultades en canto á comercialización.
- Problemas de furtivismo.

- Carencias en infraestruturas.
- Falta de recursos humanos.

1.1.11.10 Confraría de Cedeira

A reunión celebrouse na Confraría de Cedeira o día 21 de xullo de 2008 ás 09:00 horas. Asistiu a secretaria Irene Estevez.

1. Recursos naturais e culturais dispoñibles

Os recursos naturais que pode explotar esta Confraría son dunha ampla variedade como pescada, rape, polbo, coquina, percebe, ameixa fina, berberecho e bígaro. No caso da ameixa fina a falta de depuradora impide a súa venda.

Cada un destes recursos naturais posúe o seu propio modelo de xestión para a súa explotación. Incluso no caso da pesca (toda ela de baixura) existen tamén Plans de Pesca, vedas e un proxecto (xa moi avanzado) de implantación dunha reserva mariña. No marisqueo utilizan os Plans de Explotación, que son de vital importancia e de gran proveito para xestionar os recursos.

Destaca o brusco descenso no último ano de rape. Sen embargo hai que engadir que de momento non houbo unha extinción ou diminución irreversible de ningún recurso natural.

Os distintos axentes encargados da explotación dos distintos tipos de recursos naturais nesta Confraría non manifestan ningún tipo de conflito de intereses xa que todo está moi definido para cada un dos sectores, e os conflitos que existen son de pouca relevancia.

En canto a cambios nos últimos anos nas técnicas de explotación, o único que puido influír foi a decisión de converter a ría nunha Reserva Mariña de Interese Pesqueiro.

Ademais de técnicas de explotación para os recursos naturais tamén se fomentou a súa valorización a través da formación, sensibilización ou divulgación, como por exemplo coa festa do percebe que ten lugar no mes de xullo.

No ámbito da contaminación que pode afectar aos recursos, acabase de poñer en marcha unha EDAR e tamén se conta coas mostraxes que a Asistencia Técnica realiza semanalmente, para ser analizadas polo INTECMAR.

2. Recursos humanos

Actualmente na Confraría hai un total de 289 persoas dedicadas ás diferentes formas de extracción dos recursos mariños. Deste total:

- 153 pescadores (na súa totalidade homes) con estudos básicos e de idades de entre 18-65 anos, unha idade media de 45 anos.
- 37 mariscadoras con estudos básicos e con idades que comprenden entre os 55-60 anos.
- 99 son percebeiros, dos cales todos son homes excepto unha muller, tamén con estudos básicos e con idades comprendidas entre os 18 e os 65 anos.

Os problemas máis destacables aos que se enfrontan cada un dos sectores son o prezo do combustible e o relevo xeracional. Para o caso dos pescadores o relevo xeracional é un factor moi importante xa que non hai xente disposta a ir ao mar, aínda que se están a cubrir as vacantes debido a inmigración sobre todo de peruanos, os cales son tratados con igualdade non existindo ningún tipo de cursos de integración.

Sen embargo, no caso das mariscadoras e dos percebeiros non é apreciable esta necesidade.

Por un lado, en canto a formación e seguridade no mar, só os pescadores asistiron a algún tipo de curso de formación que serviron para mellorar a súa seguridade ou eficacia no traballo. Sen embargo sinalan que os requisitos de seguridade esixidos non son realmente eficaces tal é o caso dos chalecos que son incómodos para desenvolver os seus traballos, polo que consideran que sería bo modificalos.

En canto aos traballadores da Confraría, son 15 ,con sistemas de acceso público (funcionarios, a extinguir) e outros privados, desempeñando os postos correspondentes ás oficinas, lonxa, secretario, patrón maior... Os estudos que cada un deles teñen cursados van dende os básicos pasando por FPs ata licenciados.

Segundo unha distribución por sexos e idade, 5 son mulleres e 10 homes de idades comprendidas entre os 26-62 anos.

3. Infraestruturas portuarias e comunicacións viarias

Os medios cos que a Confraría conta para a recepción e venda das especies extraídas son unha lonxa, que ten cámaras (non se usan porque a venda é diaria e polo tanto fresca), e unha fábrica de xeo (na cal é necesaria unha modernización).

A lonxa atopase en mal estado xa que a súa construción data de fai moitos anos, sen embargo está prevista a construción dunha nova a principios de setembro, despois de varios anos de retraso.

Ademais das actividades pesqueiras, no porto realízanse actividades náuticas a pequena escala; está prevista a construción dun porto deportivo aínda que a Confraría non esta de acordo, xa que afectaría nalgunha medida aos recursos mariños. Antes tamén entraban mercantes pero agora xa non se pode debido ao pouco calado da ría.

Falando do sistema de comunicacións viarias para a comercialización de especies, non é o axeitado, xa que as estradas que acceden o porto son moi antigas e moi estreitas. Por exemplo se é preciso a entrada dalgún tráiler, é necesario avisar con antelación para deixar desocupada a rúa e en moitos casos cómpre cambiar o sentido da circulación.

4. Novas tecnoloxías

A evolución das novas tecnoloxías na Confraría foi sobre todo o sistema informático de venda na lonxa, non existindo ningún tipo de obstáculo na súa implantación. En canto aos recursos financeiros existentes son aqueles que proceden da Administración.

Os medios para acceder á información son tódolos tecnicamente posibles, como un cableado de fibra óptica dende a Confraría ata a lonxa. Porén, non se leva a cabo un programa de cooperación con outros axentes para a transferencia de coñecementos nesta materia.

5. Sistema empresarial

O modelo empresarial no caso de mariscadoras e percebeiros é autónomos, no caso dos pescadores de baixura hai dende autónomos ata sociedades civís, comunidade de bens, etc...

Non existe ningún outro tipo de empresa vinculada á pesca pero a meirande parte da poboación vive directa ou indirectamente da pesca extractiva.

Cabe citar que ao longo dos anos foron desaparecendo actividades tradicionais como por exemplo as fabrica de salazón e de conservas.

En canto aos recursos naturais, revalorízanse a través da festa do percebe e a participación en feiras (Fitur, Barcelona,...).

Por outro lado hai pouco que se rodou un spot publicitario nesta zona, co fin de incentivar a consolidación e mantemento das actividades e os empregos no ámbito pesqueiro. É importante que dende a Confraría realizase un servizo de asesoramento, convenios con Caixa Galicia e servizos para avalar a compra de embarcacións, co obxectivo de incentivar á xuventude na posta en marcha de empresas.

6. Vendas

A Confraría conta cun rexistro informatizado de datos de venda tanto en volume como en valor dos recursos naturais explotados. Destes rexistros obtense que as principais especies comercializadas no último ano en volume son: pescada, rape, polbo e percebe. E en valor: percebe, rape, pescada, polbo, coquina e san Martiño.

Nos últimos anos non houbo unha evolución ascendente ou descendente apreciable por valor ou por volume, a situación mantívose mais ou menos estable, exceptuando o descenso do rape e o gran aumento da coquina en volume no ano 2004.

Os compradores por especies son aproximadamente 70 para peixe e soamente hai un comprador para marisco.

7. Conclusións

- Malas infraestruturas.

- Falta de recursos humanos.
- Falta de información e campañas para captar persoal.
- Sinalan que nun futuro se pretende potenciar a extracción baixo pedido de marisco e o aumento de mozos que inverten na compra de embarcacións alegando que se trata dun traballo no que se gaña bastante diñeiro a pesar de que as veces é moi duro.

1.2. ANÁLISE DAFO

A presente análise describe a situación actual do sector pesqueiro e o sector social da Zona 1 atendendo as súas debilidades e fortalezas internas, así como as ameazas e oportunidades que o entorno, tanto social como natural e económico, ofrecen con vistas ós vindeiros anos.

ANÁLISE INTERNA	ANÁLISE EXTERNA
DEBILIDADES	AMEAZAS
<p>RECURSOS DA ZONA</p> <ul style="list-style-type: none"> Os litorais son espazos moi sensibles e de moi lenta e difícil recuperación. Uso de enerxías caras e contaminantes no sector pesqueiro. Distribución espacial da maioría da poboación en núcleos dispersos, o que provoca o déficit de moitos servizos a determinada poboación. Rede viaria obsoleta en gran parte da zona. Infraestruturas insuficientes. Sobreexplotación crecente dos caladoiros. <p>POBOACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> Progresivo envellecemento e perda de poboación (salvo en determinados núcleos). Na última década a emigración aumentou en case tódolos concellos. Elevado nivel de analfabetismo en determinados núcleos, moito máis acusado nas mulleres. Equipamentos de uso público para a atención a dependentes (maiores e nenos) insuficiente. Maior porcentaxe de paro feminino. <p>PESCA E MARISQUEO</p> <ul style="list-style-type: none"> Forte dependencia económica da actividade extractiva. Altos custos de explotación. Falta xeral de relevo xeracional. Repercusión negativa das agresións ambientais nos caladoiros. Riscos sanitarios crecentes. Falta de conciliación entre vida laboral e familiar como consecuencia 	<p>RECURSOS DA ZONA</p> <ul style="list-style-type: none"> Degradación ambiental paulatina de gran parte do litoral. Encarecemento e dependencia da enerxía fósil. Dificultade na comunicación da poboación. Ralentización dos intercambios comerciais, loxística... Diminución dos recursos extractivos pola contaminación do medio mariño. <p>POBOACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> Abandono dos pequenos núcleos poboacionais. Dificultade de atención das demandas sociais derivadas do envellecemento da poboación (persoas dependentes). <p>PESCA E MARISQUEO</p> <ul style="list-style-type: none"> Furtivismo. Invasión de especies foráneas que fan diminuír os recursos autóctonos. Pouco control das augas residuais por parte dos concellos. Desaparición das lonxas pequenas por falta de compradores. Importacións (baixa dos prezos de venda).

<p>dunha falta de armonización entre o sector extractivo e comercializador.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Marcada diferenza entre o prezo en orixe e o produto final ao consumidor. • Dificultades na comercialización do produto. • Falta de infraestruturas nas lonxas dalgunhas confrarías. • Custos inadecuados en relación con outras flotas competidoras. • Pouca concentración de compradores, sobre todo nas lonxas pequenas. • Falta de iniciativa na comercialización. • Falta dunha estratexia de imaxe e comunicación. • Dificultade no cumprimento do etiquetado, fundamentalmente ao final da cadea comercial. • Escaseza de produtos certificados, marcas xenéricas, signos distintivos, etc. • Tendencias cara a busca de fórmulas alternativas no comercio maiorista. • Escasa inversión privada na promoción de produtos da pesca. • Especies excedentarias con pouca demanda do consumidor nacional. • Escaseza na utilización de mecanismos de intervención no mercado, e inexistencia dos mesmos para os produtos de acuicultura. <p>TRANSFORMACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Pouca capacidade comercializadora de pequenas e medianas empresas. • Custos elevados de produción. • Imposibilidade de competir por prezo cos principais produtores mundiais de terceiros países. • Custo desproporcionado do despacho de mercadorías. • Marxes comerciais moi reducidas. • Fortes investimentos requiridos para a renovación e/ou adecuación ás novas esixencias (ambientais, seguridade, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> • Descoñecemento do produto por parte do consumidor final en canto a calidade, sustentabilidade e orixe (pensar que toda a oferta de peixe no mercado é a mesma). • Imposibilidade dun cambio na comercialización por falta de depuradoras de marisco. • Comercio desleal de produtos capturados por flotas ilegais de outras bandeiras. • Boas estratexias de promoción de produtos pesqueiros desenvolvidas por outros países. • Riscos comerciais derivados de posibles alertas sanitarias. • Constante incremento de prezos finais ao consumidor, sen que teña repercusión nos prezos de primeira venda. <p>TRANSFORMACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Competencia de terceiros países con esixencias ambientais e laborais moito máis permisivas. • Difícil subsistencia de micro e pequenas empresas con perda de emprego.
--	---

FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>RECURSOS DA ZONA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Riqueza natural, paisaxística, cultural, artesanal e gastronómica moi grande e diversa. • Galicia conta cunha situación privilexiada para a produción de enerxía renovable. <p>POBOACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Forte identidade da poboación co territorio. • Transmisión da propia actividade pesqueira de pais a fillos “senti-lo mar”. <p>PESCA E MARISQUEO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Alta calidade dos produtos e con grande valor comercial. • Alimento saudable e dietético. • Recoñecemento mundial como país produtor experiencia do sector en tódalas modalidades de pesca e tipos de pesqueira. • Vantaxes competitivas respecto a outras flotas e oportunidades para poder pescar en aqueles caladoiros onde existan posibilidades de pesca. • Demanda forte e sostida que garante o comercio dos produtos. • Apoio institucional á mellora da calidade e promoción ao consumo dos produtos pesqueiros. 	<p>RECURSOS DA ZONA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Potenciar estruturas de protección ambiental. • Turismo natural, gastronómico e cultural. • Fomentar as actividades de educación ambiental e sensibilización. • Moitos usos e actividades do litoral son fundamentais dende o punto de vista económico. • A UE concede un amplo protagonismo ao uso sostible das enerxías. <p>POBOACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Potenciar o desenvolvemento económico endógeno. • Aumento da inmigración en tódolos concellos da comarca na última década. <p>PESCA E MARISQUEO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Mellora da flota artesanal nas súas diferentes vertentes. • Desenvolvemento dun programa de axuste da capacidade pesqueira dos recursos. • Incorporación de novos colectivos ao traballo a bordo, tras unha fase de formación axeitada a inmigrantes e novos. • Fomento dunha maior presenza da muller no sector. • Diminución da sinestralidade na flota. • Medidas de mellora das condicións hixiénico sanitarias. • Modernización de buques de pesca mediante a instalación a bordo de equipos que aumenten a seguridade e saúde das tripulacións, así como equipos de tratamento das capturas que contribúan a preservar a calidade do peixe (Plans de I+D+i). • Mellora do medio, a través da modernización de buques de pesca que posibilite a instalación de sistemas que eviten as verteduras contaminantes e sistemas que reduzan os consumos de

<p>TRANSFORMACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Recoñecemento mundial como país consumidor, produtor e transformador de produtos pesqueiros. • Grande experiencia no sector. • Achega valor engadido ao produto. • Altos estándares de calidade, trazabilidade e seguridade alimentaria. • Consumo nacional elevado. • Alimento saudable. • Diversificación de producións e boa adaptación ás demandas do consumidor. • Creación de emprego, importante repercusión no feminino. • Nivel de implantación nacional. 	<p>combustible e as emisións de gases nocivos (Plans de I+D+i).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Incorporación dos valores ambientais á pesca e educación ambiental para o desenvolvemento da actividade. • Recuperación dos caladoiros a través de Plans de Recuperación con paradas temporais subvencionadas. • Impulso á implantación de reservas mariñas. • Prioridade por incrementar a calidade do produto. • Inverter en identificar e diferenciar os nosos produtos. • Concertar os puntos de primeira venda. • Potenciar os distintivos de calidade e o concepto de marca. • Internacionalización de empresas e aumento da competitividade. • Desenvolvemento de I+D en Centros Tecnolóxicos existentes, novas presentacións, produtos, tecnoloxías loxística, etc. • Melloras nos sistemas de trazabilidade e etiquetado de produtos pesqueiros que respondan a unha maior esixencia do consumidor. • Necesidade de avaliar métodos alternativos para a subhasta. <p>TRANSFORMACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Desenvolvemento de especies procedentes da acuicultura. • Posibilidade de transformación de novas especies. • Desenvolvemento de "Industria Alternativa" non dirixida á alimentación humana. (Ex.: Utilización de subprodutos, algas, transformación doutros recursos mariños). • Desenvolvemento de I+D en Centros tecnolóxicos existentes. • Implantación de novas presentacións de peixe fresco. • Especialización en Nichos de Mercado: "Delicatessen". • Fomento dunha maior presenza da muller no Sector.
---	---

<ul style="list-style-type: none">• Conciencia de saúde: Estratexia NAOS.	<ul style="list-style-type: none">• Recoñecemento da dieta mediterránea, da dieta atlántica e da nosa riqueza gastronómica.
---	---

1.3. PREVISIÓN DE CREACIÓN DE EMPREGO

O sector da pesca, especialmente nos subsectores da pesca artesanal e marisqueo , sufriron unha importante perda de emprego na última década. Frenar este acusado descenso do número de traballadores e traballadoras do mar e a procura de actividades alternativas ou complementarias á actividade da pesca son obxectivos xerais deste plan estratéxico.

O plan estratéxico do GAC1 puntúa positivamente aqueles proxectos, productivos e non productivos, con potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación e mantemento de emprego na zona. O gasto total en canto a proxectos produtivos está calculado en 4.444.444 €, este gasto pode xerar na zona unha cantidade importante de empregos. Dado que aqueles proxectos cuxos promotores sexan mulleres ou empreguen a mulleres contan con maior puntuación e polo tanto maior subvención, esperase unha creación de emprego neste colectivo mais destacado.

2. PROPOSTA ESTRATÉGICA DE ACTUACIÓN

2.1. ESTRATEXIA A SEGUIR POLO GAC AO ABEIRO DAS PRIORIDADES ESTABLECIDAS NO FEP

Os Grupos de Acción Costeira que se definan en Galicia serán xestores directos dos Fondos Europeos da Pesca correspondentes ao eixo 4. Se nos remitimos ao *REGLAMENTO (CE) No 1198/2006 do Consello de 27 de xullo de 2006 relativo ao Fondo Europeo de Pesca* vemos que define este eixo estratéxico como un acompañamento necesario para a consecución dos obxectivos da política pesqueira común, tendo en conta, en particular os seus efectos económicos.

As medidas destinadas a este eixo, segundo o regulamento, deberán axudar ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca e ser levadas a práctica por entidades e grupos locais que representen a interlocutores públicos e privados procedentes dos distintos sectores socioeconómicos. O grupo deberá propoñer e aplicar unha estratexia de desenvolvemento local integrado e baseado nun planteamento ascendente. Os obxectivos das medidas de desenvolvemento sostible das zonas de pesca destinaranse aos seguintes logros:

1. Manter a prosperidade social e económica destas zonas e ofrecer valor engadido aos produtos da pesca e a acuicultura.
2. Manter e promover o emprego nas zonas de pesca, a través do apoio á diversificación ou á reestruturación económica e social das zonas que se enfrontan a dificultades socioeconómicas debido á evolución do sector da pesca
3. Promover a calidade do medio costeiro.
4. Promover a cooperación nacional e transnacional entre zonas de pesca.

As medidas subvencionables a aplicar segundo o regulamento son as seguintes:

1. Consolidar a competitividade das zonas de pesca.
2. Reestruturar e reorientar as actividades económicas, en particular a través da promoción do turismo ecolóxico, sempre que estas actividades non dean lugar a un aumento do esforzo pesqueiro.

3. Diversificar actividades a través da promoción da pluriactividad dos pescadores, mediante a creación de empregos adicionais fóra do sector pesqueiro.
4. Ofrecer valor engadido aos produtos da pesca.
5. Axudar a pequenas infraestruturas e servizos relacionados coa pesca e o turismo en beneficio de pequenos municipios dedicados á pesca.
6. Protexer o medio ambiente nas zonas de pesca, a fin de manter o seu atractivo, rexenerar e desenvolver as aldeas e pobos costeiros con actividade pesqueira e protexer e mellorar o seu patrimonio natural e arquitectónico.
7. Restablecer o potencial de produción do sector pesqueiro afectado por catástrofes naturais ou industriais.
8. Promover a cooperación interrexional e transnacional entre grupos nas zonas de pesca, principalmente a través do establecemento de redes e a difusión de boas prácticas.
9. Adquirir competencias e facilitar a preparación e aplicación da estratexia de desenvolvemento local.
10. Contribuír a sufragar os gastos de funcionamento dos grupos.

A definición da estratexia a seguir polo Grupo de Acción Costeira A Mariña-Ortegal, así como a diagnose socioeconómica realizada previamente basearonse nas prioridades e condicións establecidas polo Fondo Europeo da Pesca anteriormente indicadas. Ademais disto, o traballo dende a Asociación xirou entorno ao convencemento da necesidade de que a definición da estratexia debería ter como actor principal ao propio sector pesqueiro. A participación activa do sector planteouse con dous obxectivos principais: que un sector como o pesqueiro, que tradicionalmente só se ocupou da súa actividade no mar aproveite a oportunidade de "mirar a terra", contribuíndo deste modo á sustentabilidade da actividade pesqueira e que a poboación das zonas pesqueiras se beneficie directa ou indirectamente deste novo plantexamento da actividade pesqueira.

DIAGNOSE

O traballo de diagnose realizado consistiu na recompilación de datos socioeconómicos da zona 1 e entrevistas con diversos axentes sociais e empresariais e con tódalas confrarías da zona, entendidas estas últimas como axentes dinamizadores do sector pesqueiro e participantes activos na actividade socioeconómica das zonas pesqueiras. Asemade contouse coa experiencia no desenvolvemento de proxectos de investigación e

desenvolvemento no sector pesqueiro de todo o equipo técnico do Centro Tecnolóxico da Pesca (CETPEC).

As conclusións mais destacadas acadadas do diagnose realizado son as seguintes:

- A actividade da pesca é unha actividade esencial para economía da zona e da que dependen directa ou indirectamente moitos outros sectores.
- A imposibilidade dos pescadores e mariscadores de conseguir un precio xusto en primeira venda para as súas capturas é neste momento o obstáculo principal para o desenvolvemento sostible da pesca.
- Existe na zona gran variedade de oferta e calidade de produtos pesqueiros.
- A actividade marítimo-pesqueira aporta á zona riqueza patrimonial material e inmaterial e supón un factor diferencial de oferta turística.
- É evidente a desconexión e descoñecemento na zona do produto e actividade pesqueira, incluso en sectores como o hostaleiro.
- Baixo nivel de aproveitamento dos recursos endóxenos por parte do sector turístico.
- Existencia no territorio dunha enorme riqueza natural, que contrasta coa percepción por parte de moitos dos axentes entrevistados dun progresivo descenso dos recursos naturais dispoñibles e o empeoramento da calidade do medio natural, especialmente da auga.

ESTRATEGIA

Unha vez analizadas e debatidas as conclusións da diagnose a Asociación propón a idea do mantemento sustentable da actividade pesqueira como eixo básico arredor do cal debe xirar a estratexia de actuación. Entendendo a actividade pesqueira no sentido mais amplo, dende a actividade extractiva ata a actividade indirecta necesaria para o mantemento da mesma.

Esta estratexia de grupo baseada nun desenvolvemento sustentable da actividade pesqueira deberá servir como vector dinamizador da zona,

potenciando outros sectores como o turístico e permitindo por en valor, para beneficio de toda a sociedade, o patrimonio cultural e natural marítimo-pesqueiro.

Para levar a cabo esta estratexia o Grupo de Acción Costeira de A Mariña-Ortegal actuará como órgano coordinador, establecendo unha estratexia común e aproveitando tódalas sinerxias do proxecto especialmente as xeradas polo tándem turismo-producto pesqueiro.

O mantemento da actividade pesqueira, eixo básico da estratexia, pasa necesariamente por unha mellora nos prezos de primeira venda, de maneira que as persoas que aportan un maior valor en termos de actividade tamén sexan as que obteñan un maior retorno económico.

Actualmente as variables que provocan a baixa rendibilidade da produción pesqueira son diversas: atomización da oferta, inestabilidade de subministro, descoñecemento do produto por parte do consumidor, ineficacia da cadea de distribución, etc. É por isto que a estratexia a desenvolver prestará especial atención aos proxectos que teñan por obxectivo un aumento do valor económico dos produtos pesqueiros, a través de melloras na comercialización, na loxística, na organización ou a través da valorización do produto. As graves dificultades que conleva por en marcha este tipo de proxectos levanos a propoñer, dentro da estratexia, a formalización de proxectos piloto. Ademais os promotores contarán co apoio de estudos previos realizados coa axuda dos fondos adicados á promoción do programa.

Na procura de posibilitar que os traballadores do mar, pescadores, mariscadoras, redeiras, etc... obteñan uns ingresos complementarios aos propios da actividade pesqueira, propónse a liña de actuación de turismo-mariñeiro. Para un desenvolvemento efectivo desta liña, creemos necesario a creación e modernización de servizos turísticos relacionados coa actividade marítimo-pesqueira, así como a coordinación das distintas accións a desenvolver neste ámbito.

As accións a desenvolver no ámbito da comercialización e das actividades turísticas necesitan ser acompañadas por actividades de conservación, promoción e divulgación da actividade pesqueira e a súa cultura material e inmaterial asociada, así como fomentar actuacións dirixidas á protección do medio natural. Tendo en conta o alto custo que supón levar a cabo medidas deste tipo, a estratexia do Grupo de Acción Costeira de A Mariña-Ortegal plantea realizar unha serie de accións, na súa maioría de carácter colaborativo, efectivas e de orzamentos axustados como: Actividades turístico-pesqueiras, Conservación e mellora do patrimonio no entorno

pesqueiro, Actividades de Divulgación e Coñecemento do Sector Pesqueiro, Estratexias de Educación Ambiental e Mellora de Sendeiros pola franxa costeira.

2.2. ACTUACIÓNS PREVISTAS SEGUNDO AS LIÑAS ESTRATÉXICAS ESTABLECIDAS NO PEZ, AGRUPADAS NOS EIXOS PRIORITARIOS

Estruturação das actuacións do PEZ

As diferentes liñas de acción propostas polo GAC da Mariña-Ortegal articularanse sobre a base dos eixos estratéxicos establecidos no PEZ, os eixos prioritarios e as medidas subvencionables establecidas no artigo 44 do Regulamento (CE) Nº 1198/2006 do Consello de 27 de Xullo relativo ao Fondo Europeo da Pesca.

Con respecto aos eixos de carácter transversal, sinalar que o fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías e o fomento de igualdade de oportunidades serán criterios transversais aplicados a todos e cada un dos proxectos que se presenten, polo que non se considera necesario desenvolver unha acción específica. Neste senso, sinalar que se incluíu unha liña para a mellora da aplicación das TIC nas Confrarías dentro da acción de "Fortalecemento do Sector Pesqueiro", xa que na diagnose realizada e nas reunións da mesa sectorial pesqueira, detectouse a necesidade de mellora deste tipo de infraestrutura e a dificultade por parte das Confrarías de solicitar axudas por outras vías. O fomento da participación e a cooperación así como a promoción e sensibilización consideranse accións propias da difusión, sensibilización e funcionamento do GAC. A igualdade de oportunidades entre homes e mulleres contará con especial atención na medida de mellora de competencias profesionais.

Deste xeito, os **eixos estratéxicos** seleccionados polo GAC son 4:

- Eixo 1.** Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro
- Eixo 2.** Diversificación e fortalecemento da economía nas zonas pesqueiras
- Eixo 3.** Promoción da cohesión social
- Eixo 4.** Mellora ambiental nas zonas de pesca

En cada un destes eixos estableceñse Liñas de Actuación definindo a estrutura orzamentaria do proxecto. Estas liñas de actuación podrán ser produtivas ou improdutivas.

Con carácter xeral, os proxectos produtivos poderán ser subvencionados ata un importe máximo de **150.000 euros en valores absolutos**, e do **60%** de financiamento FEP. Para proxectos non produtivos o importe máximo de subvención poderá acadar os **300.000 euros en valores absolutos**, e o **100%** de financiamento FEP.

As diferentes liñas de actuación abrirán o prazo de convocatoria de xeito simultáneo e poderán aprobar axudas ata que exista crédito orzamentario nas diferentes liñas de acción. En caso de que unha liña esgótese rapidamente e noutras exista remanente poderá plantexarse unha modificación substancial do PEZ e realizar unha modificación orzamentaria entre liñas estratéxicas, sempre que sexa aprobado pola Consellería de Pesca e Asuntos marítimos e sen que se desvirtúen os obxectivos iniciais do proxecto.

Os importes, porcentaxes e procedementos de concesión de axudas propostos polo GAC A Mariña-Ortegal, **poderán sufrir modificacións cando sexa publicada a Orde de Convocatoria correspondente por parte da Consellería de Pesca**, e sempre co obxectivo de adaptarse á devandita orde de convocatoria.

A **estrutura económica da estratexia** a seguir está reflexada no **Anexo IA-ORZAMENTO POR LIÑAS DE ACTUACIÓN** que acompaña a este documento.

EIXO ESTRATÉGICO 1: FORTALECIMENTO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR PESQUEIRO.

OBXECTIVO XERAL

A principal prioridade de todo o Plan estratéxico deseñado é o reforzamento do sector pesqueiro entendido como elemento dinamizador da actividade da zona. Tendo en conta que ningunha acción deseñada pode aumentar o esforzo pesqueiro.

Esta medida de actuación busca o **mantemento da actividade pesqueira** a través da diversificación da actividade dos mariñeiros. Pretende a

participación activa dos traballadores do mar con iniciativas que partan do propio sector integrándose desta maneira en toda a cadea produtiva.

Co desenvolvemento deste eixo ábrese un camiño para que as persoas que aportan un maior valor en termos de actividade tamén sexan as que teñan un maior retorno económico.

Liñas de actuación.

A estratexia de actuación prevista lévanos a definir as seguintes liñas de actuación:

- **Liña 1:** Mellora das canles de comercialización dos produtos pesqueiros
- **Liña 2:** Aumento do valor engadido dos produtos pesqueiros
- **Liña 3:** Turismo mariñeiro
- **Liña 4:** Aplicación das Tecnoloxías da Información e Comunicación nas confrarías e lonxas de A Mariña-Ortegal

Destinatarios/as finais:

Como é unha medida dirixida principalmente ao sector pesqueiro, os beneficiarios finais serán principalmente as confrarías de pescadores de A Mariña-Ortegal e os traballadores do mar de forma individual. Como esta medida incide notablemente na mellora da cadea comercial, tamén serán beneficiarias as empresas que comercializan o peixe e marisco da comarca, así como as empresas que forman parte da cadea de transformación de produtos do mar. As actividades a subvencionar non poderán intensificar o esforzo pesqueiro.

[Liña 1.1: Mellora das canles de comercialización dos produtos pesqueiros](#)

OBXECTIVO XERAL

Incentivar a introdución de diferentes produtos pesqueiros nas canles de comercialización axeitadas. Realizar unha explotación do recurso seguindo as demandas das diferentes canles de distribución intentando atopar a máxima rendibilidade de cada especie. Colaboración coas infraestruturas lóxicas existentes aproveitando a súa potencialidade para crear novas

canles de comercialización, mediante sistemas de venda directa dirixida a diferentes segmentos do mercado, ferramentas B2B B2C.

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

Na actualidade as canles de comercialización empregadas por confrarías e portos rematan nunha primeira venda en poxa. O produto queda nas mans de exportadores que o revenden a diferentes mercas, peixarías, intermediarios, etc. A gama de produtos de máis alta gama como son os mariscos, bivalvos, peixes, etc. chegan a estas lonxas coa máxima calidade. Roturas na cadea de frío, manipulacións inadecuadas, exceso de tempo na súa venda ao consumidor final repercuten en que o esforzo pesqueiro non teña o nivel de calidade xusto no punto final.

As diferentes tipoloxías de produto pesqueiro existentes esixen diferentes canles de distribución. Especies de baixo valor como o lirio ou a cabala requiren vías de comercialización diferentes ao rodaballo, santiaguiño ou a robaliza.

O procesado nalgúns casos pode e debe ir ligado á procura de novas canles de comercialización. Experiencias realizadas polo Centro Tecnolóxico da Pesca demostran que debido ás demandas dos consumidores, se poden atopar novas vías de comercialización a partir do fileteado de certas especies.

Outro reto a ter en conta será manter o máximo control de calidade posible nas diferentes canles de distribución, mediante a comercialización directa dos produtos de máis alta gama, a través de sistemas de trazabilidade, mediante convenios con empresas distribuidoras, etc

Novos produtos pesqueiros, como o filete de panga, que pouco a pouco están inundando os mostradores de peixarías, supermercados, comedores escolares, etc. Esta é unha evidencia de que a sociedade esta cambiando; hai novos segmentos de poboación, novas demandas e polo tanto novas oportunidades para entrar en novas canles de comercialización.

A sustentabilidade do sector pesqueiro require dunha importante transformación, deixar de mirar ao mar e empezar a mirar a terra, é necesario pasar dunha orientación cara á produción (canto máis se pesca mellor) a unha orientación cara ao cliente (o que se pesca véndese o mellor posible).

As actividades que se deben realizar para abordar esta liña de actuación deben desenvolverse en torno a estes puntos:

- Estudo das especies capturadas na zona. Capacidade e estabilidade de subministración para dar resposta ás demandas das diferentes canles.
- Creación de gamas de produto segundo as demandas do mercado.
- Estudo das canles de comercialización idóneas para estas gamas de produto.
- Cronograma de traballo, avaliación de recursos necesarios.
- Pilotos comerciais que mostren a mellora e eficiencia das novas canles.
- Selección dos pilotos que resulten rendibles para a súa posta en marcha a nivel global.
- Elección da forma xurídica mais axeitada para a aplicación do modelo de comercialización escollido.

Liña 1.2: Aumento do valor engadido dos produtos pesqueiros

OBXECTIVO XERAL

Implementar todas aquelas actuacións que afecten á mellora do valor final de produto pesqueiro. Priorizar todas aquelas actuacións que permitan ás diferentes especies das zonas competir no mercado con especies similares tendo un valor maior.

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

Na actualidade a venda e comercialización dos produtos pesqueiros desenvólvese a través dun sistema de información opaco para o consumidor. Noutras gamas de produto como o viño ou o xamón é impensable pensar nunha revalorización dun produto sen unha información que acompañe a estes produtos. O consumidor vai ás peixarías e restaurantes e non é capaz de saber o tipo de produto que lle están a ofrecer.

A etiquetaxe, a trazabilidade e o packaging preséntanse como ferramentas clave na aposta pola revalorización de cada unha das especies pesqueiras.

A segmentación será outra liña de traballo importante, xa que será preciso traballar en diferentes gamas dirixidas aos clientes adecuados, aqueles que poidan pagar mellor os diferentes produtos.

As actividades que se deben realizar para abordar esta liña de actuación deben desenvolverse en torno a estes puntos:

- Estudar as demandas de comunicación dos diferentes públicos obxectivos aos que se dirixirá cada gama de produto tanto en etiquetaxe, coma en packaging e outros soportes de comunicación dos puntos de venda ou consumo.
- Implementar todas aquelas actuacións que sirvan para mellorar a conservación e calidade do produto, tendo a súa repercusión no prezo final.
- Analizar a revalorización das diferentes especies a través da creación de novos produtos, frescos, refrixerados ou conxelados.
- Implementar nos produtos coñecementos achegados polo sector pesqueiro que poidan dar maior valor aos seus produtos e sirvan como valor diferencial no punto de venda.
- Transmitir todos os valores saudables como valor que incentive o consumo destes produtos.

Liña 1.3: Turismo Mariñeiro-Pesca Turismo

OBXECTIVO XERAL

Posibilitar que os traballadores do mar; pescadores, mariscadoras, redeiras..., obteñan uns ingresos complementarios aos propios da actividade pesqueira, ao mesmo tempo que se permite dar a coñecer e valorizar a súa cultura, así como promocionar o consumo dos seus produtos.

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

Esta liña de actuación desenvolverase a través dun conxunto de actividades dos profesionais da pesca que, tendo por finalidade a difusión, a valorización e a promoción dos modos de vida, os costumes e a cultura das persoas dedicadas á pesca, posibilitan que terceiros alleos a actividade pesqueira, mediante unha contraprestación económica, embarquen nos

buques de pesca ou participen das distintas actividades da actividade pesqueira.

En todos os casos, péscas-turismo debe ser unha actividade complementaria á pesca profesional á que se incorporen libremente aqueles pescadores que o desexen, sen perder os seus dereitos como pescadores profesionais.

As accións levadas a cabo dentro desta liña deberán coordinarse coas que se promocionen dentro da liña de servizos relacionados co turismo mariñeiro (liña 4.2), co obxectivo da viabilidade e sostenibilidade deste tipo de actividade. É fundamental asociar á oferta de turismo mariñeiro outros servizos turísticos de calidade para compoñer unha oferta turística relamente atractiva que logre a desestacionalización do turismo na zona.

Liña 1.4: Aplicación das Tecnoloxías da Información e Comunicación nas confrarías e lonxas de A Mariña-Ortegal

OBXECTIVO XERAL

Mellorar a prestación dos servizos e a xestión interna das confrarías e lonxas a través da incorporación das tecnoloxías da información e as comunicacións

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

Na diagnose realizada detectouse un baixo nivel de integración das distintas confrarías na chamada sociedade da información. Esta situación provoca unha baixa eficacia e eficiencia na xestión dos recursos.

Neste senso sinalanse como metas:

- Mellora da xestión interna a través da introducción de software de xestión.
- Introdución e mellora da eficiencia das infraestruturas e redes de información.
- Introdución e mellora dos servizos a través da internet (e-comercio, transaccións electrónicas, trazabilidade de produto,...)

Hai que ter en conta que estas melloras son indispensables para a aplicación do resto de liñas do plan, afectando directamente a cuestións

como desenvolvemento de novas canles de comercialización e promoción de actividades de turismo-mariñeiro.

EIXO ESTRATÉGICO 2: Diversificación e fortalecemento da economía nas zonas pesqueiras

OBXECTIVO XERAL

O obxectivo xeral deste eixo é a consolidación da competitividade das zonas de pesca.

Liñas de actuación.

A estratexia de actuación prevista levanos a definir as seguintes liñas de actuación:

- **Liña 1:** Modernización e creación de PEMES relacionadas coa pesca
- **Liña 2:** Creación e modernización de servizos turísticos relacionados coa actividade marítimo-pesqueira
- **Liña 3:** Fomento de actividades turístico-pesqueiras
- **Liña 4:** Conservación e mellora do patrimonio no entorno pesqueiro
- **Liña 5:** Actividades de divulgación e coñecemento do sector pesqueiro

Destinatarios/as finais:

O obxectivo deste eixo pretende dinamizar as zonas costeiras, polo tanto os destinatarios finais poderán ser calquera entidade privada ou pública con iniciativas encadradas dentro das liñas descritas.

Liña 2.1: Modernización e creación de PEMES especialmente vinculadas coa actividade pesqueira

OBXECTIVO XERAL

Modernización e creación de PEMES relacionadas principalmente coa actividade pesqueira, co obxectivo de diversificar a actividade económica da zona ao mesmo tempo que se contibue á sostenibilidade da pesca.

DESCRINCIÓN DA ACCIÓN

As accións a realizar nesta liña poderán ser:

- Apoio a negocios típicos da zona (Redeiras, produtos mariñeiros....).
- Recuperación de asteleiros tradicionais.
- Apoio a creación de empresas que incidan positivamente no medioambiente: novas enerxías, tratamento de residuos (especialmente vinculados co mar).
- Apoio aos investimentos relacionados coas TIC das empresas do mar, por exemplo, sistemas de comunicación en barcos e lonxas.

Estas accións servirán de apoio necesario a aplicación das restantes liñas de actuación.

Liña 2.2: Creación e modernización de servizos turísticos relacionados coa actividade marítimo-pesqueira

OBXECTIVO XERAL

Mellora e amplificación da oferta hosteleira e de ocio da zona a través da creación e modernización de servizos turísticos relacionados coa actividade marítimo-pesqueira.

DESCRINCIÓN DA ACCIÓN

A diagnose realizada reflicteu un baixo nivel de aproveitamento do carácter de zona costeira por parte do sector turístico. O consumo hosteleiro está relacionado principalmente co turismo de praia e é altamente estacional. A

oferta gastronómica de hoteles, bares e restaurantes non aproveita o tipismo diferenciador existente na zona.

Esta liña está orientada a diversificación da oferta turística a través do aproveitamento dos recursos marítimo-pesqueiros endóxeos: patrimonio natural, produto pesqueiro, gastronómico, patrimonio cultural,...

Os servizos turísticos poderán estar orientados hacia:

- Creación de servizos de turismo agroalimentario, cultural, etnográfico, aventura, mergullo, náutico ou de congresos.
- Rutas gastronómicas, rutas culturais, rutas de carácter medioambiental e outras.

As iniciativas dentro desta liña estarán apoiados por outras liñas, produtiva e non produtivas, incluídas dentro do plan como: "Fomento de actividades turísticas", "Conservación e mellora do patrimonio marítimo-pesqueiro", "Actividade de divulgación e coñecemento do sector pesqueiro" e a "Mellora ambiental".

Nesta liña non se entenderán como subvencionables a creación de novas prazas hoteleiras.

Liña 2.3: Fomento das actividades turístico-pesqueira

OBXECTIVO XERAL

Introducir no mercado turístico as actividades turístico-pesqueiras como elemento de venda nos paquetes turísticos da zona. Integración de todas as accións relativas as actividades turísticas.

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

O desenvolvemento das actividades turístico-pesqueiras require dunha promoción e divulgación que fomente o seu crecemento. O atractivo destas actividades sería potenciado incluíndoas dentro do paraugas do resto de atractivos da zona, realizando unha venda cruzada dos diferentes produtos e servizos turísticos.

As accións a realizar nesta liña podrán ser:

- Promoción e divulgación a través de tour-operadores.
- Promoción e divulgación en establecementos hostaleiros, restaurantes, bares, mesóns, peixarías, etc.
- Creación de paquetes turísticos que inclúan as iniciativas de turismo mariñeiro.
- Abrir liñas de colaboración e desenvolvemento de promoción con distintas entidades públicas e privadas que sirvan para fomentar o uso e desfrute destas novas actividades turísticas. (concursos de pinchos, rutas gastronómicas, promoción de venda en peixarías a partir do desenvolvemento de receitas con especies de tempada, etc..)

Liña 2.4: Conservación e mellora do patrimonio no entorno marítimo-pesqueiro

OBXECTIVO XERAL

Conservación e mellora do patrimonio, material e inmaterial, relacionado coa tradición marítimo-pesqueiro da zona GAC1.

DESCRICIÓN DA ACCIÓN

Na zona correspondente ao GAC1, ao igual que no resto de zonas pesqueiras de Galicia, existe gran variedade e riqueza de patrimonio inmaterial relacionado coas comunidades pesqueiras. Entendendo como inmateriais os empregos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas -xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos asociados- que as comunidades, os grupos e nalgúns casos os individuos recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural. Así mesmo, a zona conta cun gran patrimonio material como faros, antigas cetáreas, lonxas, fábricas de conserva, casetas de pescadores, etc.. Nesta liña desenvolveranse accións que permitan poñer en valor, salvagardar e revitalizar este patrimonio material e inmaterial co que contamos.

Dado o orzamento co que se conta, non se pode pensar en grandes actuacións de restauración de infraestructuras, pero si se procurará promover proxectos que poñan en valor o seu entorno a través de pequenas accións, como por exemplo acondicionamento e sinalización. O GAC deberá de servir como axente dinamizador fronte ás distintas

administracións para intentar promover accións que necesitan dun maior orzamento.

Promoverase a conservación do patrimonio inmaterial a través da recopilación, catalogación e inventariado do mesmo. Procurarase tamén a publicación do traballo recollido a través dun escaparate virtual para a difusión e posta en valor do noso patrimonio cultural, un lugar onde calquera interesado poderá facerse unha idea da riqueza do noso patrimonio inmaterial e que serva, ao mesmo tempo, para facilitar a súa transmisión

Liña 2.5: Actividades de divulgación e coñecemento do sector e o produto pesqueiro

OBXECTIVO XERAL

Potenciar e dar a coñecer a actividade pesqueira e os produtos pesqueiros a toda a sociedade, incidindo en determinados colectivos, como escolares, consumidores e persoas da terceira idade.

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

Durante a realización das enquisas nas confrarías e nas reunións das distintas mesas sectoriais, detectouse un gran descoñecemento do sector e o produto pesqueiro por parte da sociedade non vinculada especificamente co mar. É por isto que o plan estratéxico zonal conta con unha liña que pretende ampliar e mellorar este coñecemento.

A gastronomía pasou a ser unha actividade lúdica na que o coñecemento da orixe e sistemas de produción xogan un papel fundamental como parte do ritual do consumo dos diferentes alimentos, sobre todo en aqueles que teñen un maior valor e/ou son exclusivos e/ou escasos, como é o caso dalgúns mariscos, especies de baixura como as luras de potera, o rodaballo, os santiaguíños, etc. As bodegas estanse a transformar en espazos turísticos deseñados por recoñecidos arquitectos, constituíndo verdadeiros iconos da difusión dos diferentes valores de calidade dos viños. As publicacións relacionadas cos produtos cobran cada día maior interese, libros especializados como "tabula bacalo" desenvolvido polo famoso chef Andoni Luis Aduriz do restaurante Mugariz, esgotáronse en diversas edicións.

A asociación de información pesqueira e produto pode achegar importantes ferramentas de comunicación dirixidas á poboación infantil, co obxectivo de

introducilos na cultura do consumo do peixe a través de ferramentas de comunicación e mercadotecnia cercanas e atractivas para eles.

As actividades que se deben realizar para abordar esta liña de actuación deben desenvolverse en torno a estes puntos:

- Estudo de potencialidades do coñecemento pesqueiro.
- Realización de publicacións específicas sobre os produtos ou a actividade pesqueira.
- Realización de feiras e mercados tradicionais.
- Análise dos soportes de comunicación e difusión axeitados para cada canle de comunicación. Liña de comunicación para a hostalaría, peixarías, restauración, público infantil, etc.
- Creación de ferramentas de difusión baseadas nas novas tecnoloxías da comunicación: guías virtuais, aplicacións para móbiles, xogos sinxelos para nenos, etc.
- Habilitación ou potenciación de espazos como centros de coñecemento pesqueiro: barcos, exposicións interactivas que poidan desenvolverse en diferentes localidades da zona, mediante lonas, autobuses, etc.

EIXO ESTRATÉGICO 3: COHESIÓN SOCIAL

OBXECTIVO XERAL

Promocionar as competencias profesionais, proporcionar formación, particularmente á muller, coa intención de facilitar o acceso ao emprego tanto no sector pesqueiro, como en actividades relacionadas con el; sempre e cando formen parte da estratexia de desenvolvemento do plan. Estas actividades deberán protexer o medio ambiente nas zonas de pesca e non dar lugar a un aumento do esforzo pesqueiro, apoiando así unha estratexia de desenvolvemento sostible, reestruturando e diversificando as actividades económicas.

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

Na zona de A Mariña-Ortegal existe unha relación histórica co mar; as mulleres da costa son protagonistas da actividade pesqueira, adquirindo unha importancia socioeconómica decisiva no sector pesqueiro, xa que participan en toda a cadea produtiva, dende o subsector extractivo até a comercialización final do produto.

Todas as actividades pesqueiras dependen en maior ou menor medida, desta relación histórica creadora de todo tipo de ligazóns de natureza económica, onde as mulleres foron protagonistas: pescando, cultivando, transformando, vendendo e transmitindo saberes (coñecemento) para repetir xeración tras xeración esa relación íntima entre habitantes e mar.

O coñecemento que as mulleres mariscadoras de a pé teñen das praias, do seu ecosistema, da racionalidade específica da vida do mar e no mar, conforman un criadeiro de capacidade de pescar que non existe noutros países, noutras formacións sociais onde a pesca declinou no momento en que os seus habitantes de beiramar empezaron a vivir de costas á praia.

Cando se analiza o seu papel no sector pesqueiro, estimase que ocupan o 35% dos postos de traballo, concentrándose na maior parte no marisqueo, en traballos de transformación nas empresas pesqueiras e na fabricación, reparación e preparación de aparellos. Existen dous problemas: primeiro, que estes traballos son temporais e estacionais, e frecuentemente realizados como economía somerxida, o que implica a inexistencia de cobertura social e a infravaloración da actividade; segundo, que practicamente non existe un relevo xeracional, debido tamén en parte a esta infravaloración da actividade.

É necesario polo tanto un cambio de mentalidade para intentar conseguir valorar e promocionar e diversificar o traballo neste sector, axudando á formación de xente nova e facilitando a consecución das infraestruturas necesarias para que non so xurdan novos empregos, senón que se manteñan ao longo do tempo.

Outras actividades a desempeñar, ademais do marisqueo e reparación de redes, poden ser as de guía turístico e as vinculadas á divulgación do mar.

As actuacións previstas para o desenvolvemento do proxecto baséase nos seguintes elementos:

-
- Formación de redeiras e mariscadoras para divulgación do medio e do sector.
 - Apoio á incursión en novas actividades, como guía turístico e divulgación do mar e as súas actividades.
 - Apoio á creación de novas empresas e ao asociacionismo.
 - Formación do persoal das confrarías, lonxas, asociacións de mariscadoras, etc.. en materia de tecnoloxías da información e comunicación.

Estes proxectos contarán con actuacións de apoio e asesoramento por parte do Grupo de Acción Costeira da zona.

DESTINATARIOS/AS FINAIS:

Os destinatarios finais poderán ser os participantes en calquera das iniciativas da estratexia con necesidades de formación. Prestando especial atención ás mulleres ou persoas con dificultades de acceso ao mundo laboral.

EIXO ESTRATÉXICO 4: MELLORA AMBIENTAL NAS ZONAS DE PESCA

OBXECTIVO XERAL

Inculcar á sociedade o valor natural do medio no que vive e contribuir ao seu uso e disfrute.

Liñas de actuación.

A estratexia de actuación prevista lévanos a definir as seguintes liñas de actuación:

- **Liña 1:** Estratexia de Educación Ambiental e Voluntariado
- **Liña 2:** Sendeirismo na franxa costeira

Destinatarios/as finais:

As actuacións deste eixo están dirixidas á sociedade en xeral. Definíndose en particular para cada tipo de actuación.

Liña 4.1: Estratexia de Educación Ambiental e Voluntariado

OBXECTIVO XERAL

Creación dunha estratexia de educación ambiental e voluntariado que permita inculcar á sociedade o valor natural do medio no que vive e o papel de cada persoa á hora de conservalo e transmitilo.

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

Na diagnose detectouse unha realidade contraditoria: dunha banda, a existencia no territorio dunha enorme riqueza natural (paisaxes moi diversas, extraordinaria biodiversidade, presenza de diferentes hábitats e incluso zonas microclimáticas, incremento dos espazos protexidos, etc.). Doutra banda, a percepción por parte de moitos dos axentes entrevistados dun progresivo descenso dos recursos naturais dispoñibles e o empeoramento da calidade do medio natural, especialmente da auga.

As zonas costeiras son tan ricas como fráxiles e sensibles, estando ademais sometidas a importantes presións que están a deteriorar, dun xeito veloz e en moitos casos irreparable, a súa riqueza. A isto hai que engadir o pensamento extendido e equivocado na sociedade de que o entorno ten unha capacidade ilimitada de rexeneración e reparación ("o mar é tan inmenso que lle podes arroxar calquera cousa que non se vai notar", "aquí chove moito, non é necesario aforrar auga", "non pasa nada por matar este animal ou planta porque sempre houbo moitos", "poido ir no meu coche por calquera camiño porque sempre o fixen", "non pasa nada por queimar calquera cousa na cociña o na fogueira", etc.).

Moitas veces a propia riqueza do medio onde vivimos fainos pensar que sempre vai estar aí para nos. Por iso é tan fráxil, e moitas veces a sociedade tan pouco conscente dos danos que se fai a sí mesma.

As persoas son os principais axentes do cambio social necesario para conservar e mellorar o noso entorno. Ben unidos en comunidade, ben dun xeito individual, podemos chegar a conseguir grandes logros no eido do medioambiente costeiro. Pero sen unha sensibilización previa que permita á poboación ser consciente da importancia de cada un dos seus actos será

prácticamente imposible. De aí a necesidade urxente dunha axeitada estratexia de educación ambiental orientada ó sector costeiro, mariño e pesqueiro, que actúe na terra e no mar.

A Educación Ambiental logra que cada persoa aprenda e ensine a súa vez; se a fai súa durará toda a vida, e se estende a tódolos ámbitos onde se move: fogar, escola, traballo e ocio. A educación ambiental debe estar orientada á acción: contribuir ó cambio social, cultural e incluso económico, a partires da incorporación de novos valores e actitudes nas persoas, para que asuman un papel construtivo.

A disponibilidad presupuestaria considerase reducida para poder dirixir os recursos a afrontar obras puntuais de reparación ambiental. A estratexia para conseguir unha mellora global en toda a zona orientarase a inculcar na sociedade una sensibilización que sexa o xermen dunha nova demanda de melloras ambientais, dun xeito individual e colectivo. Preténdese ademais que as persoas coñezan e valoren o seu entorno para que contribúan a conservalo. Valoraranse os proxectos que inclúan a participación activa dos colectivos na mellora ambiental a través de programas de voluntariado ambiental.

As accións concretas destinaranse a:

- Elaboración de actividades e programas de Educación Ambiental dirixidos ós diferentes colectivos da zona para que a sociedade:
- Coñeza, valore e respecte a riqueza natural do mar e da costa: valores ambientais, sociais, culturais, paisaxísticos e gastronómicos (educación para a sostibilidade).
- Diferencie estes recursos respecto aos dispoñibles noutros territorios: o valor do que é único e a fraxilidade da riqueza marítima e costeira.
- Sexa consciente do papel de cada persoa na conservación dos recursos do territorio.
- Se identifique coa riqueza do seu territorio: coñecer, protexer, transmitir e dar a coñecer o noso.
- Intercambie experiencias con colectivos doutras zonas.

- Coñeza os medios dos que dispón para mellorar o seu entorno, e sexa capaz de transmitirlos.
- Involucrar ás persoas que traballan nas empresas cun determinado impacto na zona para que inclúan actuacións ambientais no desenvolvemento da súa actividade.

As actividades a desenvolver terán carácter de educación non formal. Para isto utilizaranse as ferramentas didácticas máis axeitadas á consecución dos obxectivos establecidos, o territorio particular onde se desenvolverán, e os diferentes colectivos ós que van dirixidos (itinerarios ambientais, talleres, actividades de educación ambiental, xogos de simulación, etc).

As actuacións dirixidas a empresas estarán encamiñadas a dar a coñecer as ferramentas coas que se conta para desenvolver a actividade dun xeito responsable co medio e coa sociedade.

Liña 4.2. Sendeirismo na franxa costeira

OBXECTIVO XERAL

Identificación, deseño e posta a punto de carreiros que permitan percorrer certas zonas de interese natural, especialmente aqueles que permitan conectar a pé elementos culturais e/ou pesqueiros da zona (portos, baleeiras, etc.).

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

Dado que o orzamento dispoñible non é elevado, é de prever que non sexa suficiente expor un proxecto baseado na creación de carreiros e posta a punto dos mesmos, que implican custos de acondicionamento de camiños e rutas, sinalización, etc.

Contéplase a posibilidade de crear guías para a realización de itinerarios autointerpretativos que identifiquen aqueles elementos característicos da paisaxe e da zona (naturais, culturais, de actividades abandonadas...) e urbanos a través da propostas de rutas factibles (preferiblemente a pé ou bicicleta) para o senderista.

As guías permitirán realizar unha interpretación ambiental a través da achega de claves para o mellor coñecemento da contorna, interpretando os

elementos que se poden observar no terreo, e se é posible comprender os cambios que poida sufrir.

Farase especial fincapé no respecto ao medio, vivindo a paisaxe de modo que o que veña detrás atópeo igual que nós.

Contéplase a creación de carrís bici que permitan potenciar o uso dunha alternativa ao automóbil en calquera lugar da zona.

2.3. CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS: BAREMO E REGRAS PARA A ASIGNACIÓN DAS PORCENTAXE DE AXUDA PÚBLICA.

I. Límites de axuda pública máxima

A proposta inicial en canto aos límites de axuda pública do GAC1, á espera da convocatoria de proxectos que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ten previsto publicar ao respecto, é a seguinte:

Proxectos produtivos:

Subvención máxima: 60%

Importe máximo de subvención: 150.000 €

Proxectos non produtivos:

Subvención máxima: 100%

Importe máximo de subvención: 300.000 €

II. Baremo e regras para a asignación de subvención

A proposta inicial en canto aos criterios para a selección e priorización de proxectos do GAC1, á espera da convocatoria de proxectos que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ten previsto publicar ao respecto, é a seguinte:

a) Requisitos de subvencionalidade dos proxectos:

1. Carácter innovador, entendido non só como innovacións tecnolóxicas senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos que se presentan no territorio.
2. Viabilidade: O proxecto deber ser viable técnica e economicamente, comprobarase especialmente a súa viabilidade financeira.
3. Adecuación do proxecto á estratexia do programa.

b) Baremo de proxectos produtivos:1. Viabilidade técnica e económica do proxecto: 10 puntos

1.1. Viabilidade técnica: 5 puntos

1.2. Viabilidade económica e financeira: 5 puntos

2. Impacto sobre o territorio: 15 puntos.

2.1. Capacidade de arrastre do proxecto: 10 puntos.

Este criterio valorará o efecto multiplicador do proxecto, a súa capacidade motora para a economía da zona, concretada nos seguintes aspectos:

- Capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona ou afianzar empresa e actividades existentes.

2.2. Incidencia ambiental: 5 puntos.

Valoraranse aqueles aspectos do proxecto que teñan incidencia ambiental positiva ou ben que contribúan a minorar os danos ou problemas ambientais existentes na zona (utilización sustentable dos recursos endóxenos, contribución á biodiversidade e conservación de hábitats, xestión de recursos hídricos, etc.)

3. Carácter innovador/dinamizante: 20 puntos

O grao de innovación do proxecto valorarase atendendo a:

-Aparición de novos produtos ou servizos que incorporen trazos específicos locais: 8 puntos

-Utilización de enerxías renovables e/ou incorporación de TIC: 6 puntos

-Incorporación de innovacións tecnolóxicas e novas formas de explotación dos recursos do territorio en que se executa o proxecto: 6 puntos

4. Utilización de factores produtivos da zona: 20 puntos

5. Igualdade de oportunidades: 10 puntos.

Valorarase que o proxecto sexa solicitado por unha entidade asociativa: 5 puntos

Valorarase que o peso (mais do 50%) dentro das persoas ou entidades que promoven o proxecto sexan mulleres: 5 puntos

6. Creación/mantemento de emprego: 20 puntos.

6.1. Volume de empregos creados: 12 puntos.

Valorarase con 4 puntos cada un dos empregos directos creados. Os empregos computaranse polo equivalente anual de empregos a tempo completo.

6.2. Incidencia na creación de emprego para determinados colectivos: 8 puntos

Este criterio valorarase segundo a porcentaxe dos empregos directos creados que correspondan aos seguintes colectivos:

- Menores de 35 anos e maiores de 45 (Porcentaxe maior ou igual ao 50% dos empregos creados): 2 puntos.
- Persoa con discapacidade (Porcentaxe maior ou igual ao 25% dos empregos creados): 3 puntos.
- Mulleres (Porcentaxe maior ou igual ao 50% dos empregos creados): 3 puntos.

7. Garantía de solvencia económico-financiera e empresarial do promotor: 5 puntos

c) Baremo de proxectos non produtivos:

1. Viabilidade técnica e económica do proxecto: 10 puntos

1.1. Viabilidade técnica: 5 puntos

1.2. Viabilidade económica e financeira: 5 puntos

2. Impacto sobre o territorio: 30 puntos.

2.1. Volume de poboación beneficiada polo proxecto e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida: 8 puntos

2.2. Potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego na zona: 6 puntos

2.3. Incidencia na mellora ambiental: 8 puntos

Valoraranse aqueles aspectos do proxecto que teñan incidencia ambiental positiva ou ben que contribúan a minorar os danos ou problemas ambientais existentes a zona (utilización sustentable dos recursos endóxenos, contribución á biodiversidade e conservación de hábitats, xestión de recursos hídricos, contribución á prevención de incendios, etc.)

2.4 Incidencia sobre colectivos determinados: mulleres, mozos/as, persoas con discapacidade: 8 puntos.

3. Carácter innovador/dinamizante: 30 puntos

O grao de innovación do proxecto valorarase atendendo a:

-Aparición de novos produtos ou servizos que incorporen trazos específicos locais: 10 puntos

-Utilización de enerxías renovables e/ou incorporación de TIC: 10 puntos

-Incorporación de innovacións tecnolóxicas e novas formas de explotación dos recursos do territorio en que se executa o proxecto: 10 puntos

4. Aproveitamento de recursos endóxeos: 20 puntos

5. Igualdade de oportunidades: 10 puntos.

Valorarase que o proxecto sexa solicitado por unha entidade asociativa: 5 puntos

Valorarase que o peso (mais do 50%) dentro das persoas ou entidades que promoven o proxecto sexan mulleres: 5 puntos

d) Regras para a asignación das porcentaxe de axuda pública

A puntuación mínima que deberá de acadar un proxecto **produtivo** para ser subvencionado será de 20 puntos.

A porcentaxe de axuda para proxectos produtivos con puntuación mínima será dun 30%. A puntuación a partir da cal se asignará a porcentaxe de axuda máxima será de 50 puntos.

A puntuación mínima que deberá de acadar un proxecto **non produtivo** para ser subvencionado será de 30 puntos.

A porcentaxe de axuda para proxectos non produtivos con puntuación mínima será dun 50%. A puntuación a partir da cal se asignará a porcentaxe de axuda máxima será de 60 puntos.

As porcentaxes de axuda, unha vez definidas a puntuación de corte e a puntuación á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima, quedan definidas como se establece nos seguintes cadros:

AVALIACIÓN PROXECTOS PRODUTIVOS

Nº	CRITERIOS	VALOR MÍN.	VALOR MÁX.
1.	Viabilidade técnica e económica do proxecto	10	10
1.1.	Viabilidade técnica	5	5
1.2.	Viabilidade económica e financeira	5	5
2.	Impacto sobre o territorio		15
2.1.	Capacidade de arrastre do proxecto		10
2.2.	Incidencia ambiental		5
3.	Carácter innovador/dinamizante		20
3.1.	Novos produtos ou servizos que incorporen trazos específicos locais		8
3.2.	Utilización de enerxías renovables e/ou incorporación de TICs		6
3.3.	Incorporación de innovacións tecnolóxicas e novas formas de explotación dos recursos do territorio		6
4.	Utilización de factores produtivos da zona		20
4.1	Utilización de recursos humanos da zona		10
4.2	Utilización de recursos materiais da zona		10
5.	Igualdade de oportunidades		10
5.1.	proxecto solicitado por unha entidade asociativa		5
5.2.	mais do 50% das persoas ou entidades que promoven o proxecto son mulleres		5
6.	Creación/mantemento de emprego		20
6.1.	Volume de empregos creados (4 ptos./1 emprego directo creado)		12
6.2.	Incidencia na creación de emprego para determinados colectivos		8
	6.2.1. <35 e >45 anos (>/= ao 50% dos empregos creados)		2
	6.2.2. persoa con discapacidade (>/= ao 25% dos empregos creados)		3
	6.2.3. mulleres (>/= ao 50% dos empregos creados)		3
7.	Garantía de solvencia económico-financieira e empresarial do promotor		5

BANDAS DE PUNTUACIÓN	% DE COFINANCIACIÓN
De 20 a 25 ptos.	30%
De 26 a 30 ptos.	35%
De 31 a 35 ptos.	40%
De 36 a 40 ptos.	45%
De 41 a 49 ptos.	55%
>/= de 50 ptos.	60%

AVALIACIÓN PROXECTOS NON PRODUTIVOS

Nº	CRITERIOS	VALOR MÍN.	VALOR MÁX.
1.	Viabilidade técnica e económica do proxecto	10	10
1.1.	Viabilidade técnica	5	5
1.2.	Viabilidade económica e financeira	5	5
2.	Impacto sobre o territorio		30
2.1.	Volume de poboación beneficiada e incidencia sobre a súa calidade de vida		8
2.2.	Potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais e creación de emprego na zona		6
2.3.	Incidencia na mellora ambiental		8
2.4.	Incidencia sobre colectivos determinados: mulleres, mozos/as, persoas con discapacidade		8
3.	Carácter innovador/dinamizante		30
3.1.	Novos produtos ou servizos que incorporen trazos específicos locais		10
3.2.	Utilización de enerxías renovables e/ou incorporación de TICs		10
3.3.	Incorporación de innovacións tecnolóxicas e novas formas de explotación dos recursos do territorio		10
4.	Aproveitamento de recursos endóxeos		20
4.1	Utilización de recursos humanos da zona		10
4.2	Utilización de recursos materiais da zona		10
5.	Igualdade de oportunidades		10
5.1.	proxecto solicitado por unha entidade asociativa		5
5.2.	mais do 50% das persoas ou entidades que promoven o proxecto son mulleres		5

BANDAS DE PUNTUACIÓN	% DE COFINANCIACIÓN
De 30 a 35 ptos.	50%
De 36 a 40 ptos.	65%
De 41 a 45 ptos.	70%
De 46 a 50 ptos.	80%
De 51 a 59 ptos.	90%
>/= de 60 ptos.	100%

3. PROPOSTA DE EXECUCIÓN DO PLAN

3.1. PLAN FINANCEIRO

O Plan financeiro do PEZ aparece reflexado no Anexo A. Este reparto realizouse tendo en conta as medidas financiáveis e as condicións orzamentarias sobre éstas do Regulamento (CE) Nº 1198/2006 do Consello de 27 de Xullo relativo ao Fondo Europeo da Pesca.

3.2. CRONOGRAMA DE EXECUCIÓN DO PLAN

O cronograma de execución presentase no **Anexo IB_cronograma** que acompaña a este documento.

3.3. GASTOS DE XESTIÓN E PROMOCIÓN

O equipo xestor do programa, terá como función principal o apoio técnico na execución do Plan Estratéxico Zonal do GAC1 ao abeiro da *Resolución que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publique ao respecto*.

Efectuará así mesmo as seguintes labores xenéricas:

- Mobilización, animación e dinamización: O obxectivo é acadar unha efectiva participación da poboación, fomentando que xurdan novas iniciativas, tanto no inicio do programa coma no desenvolvemento do mesmo.
- Promoción e captación das iniciativas.
- Maduración dos proxectos e apoio aos promotores.
- Apoio técnico para a selección de proxectos.
- Acompañamento dos promotores na evolución posterior dos proxectos, de forma que se siga en contacto máis alá da tramitación das axudas.
- En aras do aproveitamento máximo das axudas e co obxectivo de asesorar da mellor forma aos posibles promotores, o equipo xestor deberá coñecer as convocatorias de axuda pública das distintas administracións, especialmente as convocadas pola Consellería de

Pesca e Asuntos Marítimos. Deberá orientar aos promotores hacia aquelas convocatorias que mellor se adapaten as necesidades do proxecto, evitando ao mesmo tempo recurrir aos fondos asignados ao GAC1 cando non sexa necesario.

As funcións específicas do equipo xestor serán as seguintes:

- Mobilización, animación e dinamización: Fomentar o coñecemento e participación da poboación no Programa.
- Promoción e captación de iniciativas: Fomentar que xurdan novas iniciativas, tanto no inicio do programa coma no desenvolvemento do mesmo.
- Asesoramento e información acerca das diversas axudas financeiras as que se pode acoller unha iniciativa, dentro do Programa ou en outras convocatorias de axuda pública.
- Asesoramento e orientación dos promotores na realización e execución dos seus proxectos, especialmente no referente a adecuación dos mesmos aos obxectivos e estratexias do Programa.
- Informar a Xunta Directiva sobre o funcionamento e xestións realizadas polo equipo xestor.
- Realización dos informes técnicos necesarios para a análise dos proxectos presentados
- Emisión dos informes necesarios para o procedemento de instrucción dos proxectos
- Seguimento dos proxectos.
- Xestión administrativa, especialmente no que se refire ao seguimento administrativo dos expedientes que xere o Programa.
- Atención e información ao público.

O programa de promoción e sensibilización centrarase nas seguintes cuestións:

-
- Promoción e Publicidade
 - o Promoción do Plan Estratéxico Zonal
 - o Diseño e implementación dunha páxina web
 - o Publicacións
 - o Promocións do produto pesqueiro da zona
 - Estudos e traballos técnicos:
 - o Estudos de mercado para os produtos da pesca
 - o Plan de deseño de novos produtos turísticos e ideas que reforcen a diferenciación do territorio
 - Seminarios
 - o Seminarios de desenvolvemento local sobre as liñas do PEZ

Os gastos relativos á xestión e á promoción do programa están especificados no plan financeiro (ANEXO I).

3.4. SISTEMAS DE CONTROL E SEGUIMIENTO DO PLAN

Sistemas de control

O GAC fará as seguintes actuacións relativas ao control e seguimento dos proxectos:

- Recibir os estudos e traballos que deban presentar os promotores.
- Levantar acta de non inicio, antes de seleccionar os proxectos.
- Recibir a documentación xustificativa da execución dos proxectos subvencionables, comprobando que esté completa en función do Réxime de Axudas, que está pendente de publicar por parte da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

- Velar polo cumprimento da correcta xustificación das axudas concedidas, comprobando in situ a realidade do investimento e a consecución dos fins para o que se concederon.
- Comunicar á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, no momento en que as coñeza, as irregularidades que detecte na aplicación do PEZ.

O GAC someterase ás actuacións de comprobación que, respecto da colaboración na execución do PEZ e da xestión dos fondos asignados, poida efectuar a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos, estatais como comunitarios, para o que achegará canta información lle sexa requirida en relación ao exercicio das funcións que lle corresponden.

Avaliación e seguimento do Plan. Cadro de mando do PEZ "A Mariña-Ortegal"

O seguimento e avaliación das accións a desenvolver no PEZ teñen como obxectivo determinar o grao de eficacia da execución e dos recursos empregados a través da utilización dunha serie de indicadores.

Para avaliar o presente Plan Estratéxico Zonal seleccionáronse unha serie de indicadores. Estes indicadores veñen recollidos en cadros, por eixes estratéxicos de actuación, e desglosados nas distintas liñas de actuación.

Ver os anexos: **Anexo I indicadores, Anexo II indicadores e Anexo III indicadores.**

Normativa de aplicación

A normativa aplicable á xestión das axudas do Fondo Europeo de Pesca, sen carácter taxativo, e a seguinte:

- Orde do 17 de xullo de 2008 da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos pola que se convoca o concurso para a selección de GAC.
- Orde (en espera da súa publicación) da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos pola que se convocan axudas para a execución dos

plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos aos grupos de acción costeira.

- O presente plan estratéxico zonal do GAC "A Mariña-Ortegal" para a zona pesqueira número 1.
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- Lei 4/2006, do 30 de xuño , de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega
- Regulamento (CE) 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca.
- Regulamento (CE) nº 498/2007 da Comisión, do 26 de marzo de 2007, polo que se establecen as disposición de aplicación do Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello relativo ao Fondo Europeo de Pesca.
- Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO PEZ

4.1. MECANISMOS DE GARANTÍA DOS PRINCIPIOS DE OBXECTIVIDADE, PUBLICIDADE, IMPARCIALIDADE E LIBRE CONCORRENCIA.

En aras da transparencia, o GAC divulgará a información máis completa posible sobre as oportunidades de financiación que ofrece o plan estratéxico así como o seu contido e alcance.

A toma de decisións seguirán os procedementos marcados pola normativa de Réxime de Axudas que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos estableza. Así como o articulado dos estatutos da Asociación solicitante.

En canto os procesos de contratación, respetaranse os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, sendo de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de Xuño. Prestarase especial atención a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e daqueles colectivos especialmente desfavorecidos.

4.2. ENFOQUE INNOVADOR DA ESTRATEXIA E DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS

O enfoque innovador da estratexia e das actuación previstas neste plan, enténdese non so como innovacións tecnolóxicas, senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos de cada territorio. A viabilidade das propostas non pasa solo pola orixinalidade da idea. Non é necesario buscar solucións diferentes e absolutamente innovadoras, senón que as propostas poden consistir en potenciar actividades xa existentes.

A calidade das propostas dependerán en boa medida da aplicación da lóxica e dunha visión de futuro, sobre a base do coñecemento que os axentes sociais teñen do territorio onde desenvolven a súa actividade.

4.3. PLAN DE INFORMACIÓN, PUBLICIDADE E TRANSFERENCIA

O Plan de Información ten por obxectivo dar a coñecer aos posibles beneficiarios a oportunidade de acceder aos fondos referidos neste GAC, coa finalidade de que se formulen iniciativas que dean lugar ao cumprimento dos obxectivos establecidos nel.

O equipo técnico do GAC deberá promover actividades no territorio para facer chegar a toda a poboación dos trece Concellos da Zona 1 non só a información necesaria para promover proxectos senón que deberá actuar como plataforma de incentivo e axuda para que os diferentes axentes se sintan motivados para a posta en marcha de iniciativas.

Este equipo deberá elaborar un Plan de Comunicación para a difusión dos obxectivos do GAC no que se especifique:

- Segmentación. Creación dunha base de datos cos diferentes grupos costeiros agrupados por determinadas características como a súa actividade, natureza xurídica, etc.
- Definición da estratexia de difusión. Deseño das actividades/ferramentas de comunicación axeitadas á tipoloxía de cada segmento obxectivo.
- Produción dos soportes de comunicación necesarios para a axeitada transferencia do plan de desenvolvemento: folletos, dosieres, etc.
- Programa de actividades durante toda a duración destes fondos (2007-2013).
- Elaboración do calendario de actividades.
- Designación de recursos humanos.
- Definición das áreas xeográficas para cubrir todo o territorio da Zona 1.

Dentro desta estratexia de difusión utilizaranse de forma prioritaria as seguintes ferramentas de comunicación:

- Xornadas de Información para dar a coñecer de forma directa os obxectivos definidos neste PEZ. Estas Xornadas serán periódicas no tempo e realizaranse como mínimo unha vez ao ano, a ser posible en Concellos diferentes da Zona 1. Nestas xornadas facilitaranse tódolos datos necesarios para que calquera axente interesado acceda de forma sinxela á información particular que desexe (persoas de contacto, teléfono, correo electrónico, páxina web, situación dos locais do GAC da Zona 1, etc.).
- De xeito complementario, deberá definirse un Programa de Reunións en función do sector económico, do colectivo particular, etc. que sexa flexible de maneira que poida readaptarse e redefinirse en función

das necesidades que se vaian contemplando ao longo do desenvolvemento do Plan.

- Comunicación fluída cos medios de comunicación: Radio, Prensa Televisión, tendo unha prioridade especial por aqueles que sexan locais. Buscarase a súa colaboración a través de entrevistas, roldas de prensa, reportaxes, etc.
- Creación de páxinas web do GAC Zona 1:
 - Web Pública: para que calquera persoa que o desexe poida consular de xeito actualizado toda a información relacionada co GAC da Zona 1. Deberase propiciar que exista un link a ela dende outras páxinas web que garden relación cos GAC (accioncosteira, asociados, etc.) a nivel rexional, estatal e mesmo comunitario na medida do posible. Esta páxina deberá ofrecer a posibilidade de que calquera persoa que o solicite sexa informada periodicamente (a xeito de boletín de subscripción informática, axenda de noticias, etc.) sobre calquera novidade relacionada con este GAC. Neste sentido deberá facilitarse un correo electrónico de contacto para solicitude de información.
 - Web de acceso restrinxido para os asociados. O obxecto desta páxina é a total difusión interna da información, de maneira que cada asociado teña un nome de usuario e un contrasinal. Desta forma poderá consultar en cada momento toda a documentación na súa última versión (axenda de reunións, documentos xerados, presentacións, etc.).
- Realización de Xornadas Técnicas polo menos unha vez ao ano. Nelas facilitarase o intercambio de coñecementos entre persoas vinculadas ao GAC e convidados externos.
- Valorarase a promoción de Cursos Formativos, para facilitar a transferencia de coñecemento dende os diferentes grupos (asociados dos diferentes sectores, e público en xeral).
- Creación de soportes informativos para divulgación, e planificación do modo de distribución para que chegue ao maior número de poboación posible: DVDs, folletos, carteis, notas de prensa, etc.

A xestión documental derivada deste programa deberá estar baseada nos estándares dos sistemas de xestión da calidade, na que como mínimo se estableza unha codificación para os documentos xerados.

Tódalas reunións serán documentadas e elaborárase un informe no que se detallan as conclusións obtidas de cada unha delas.

O plan de información deberá contemplar a elaboración dunha metodoloxía que garanta unha comunicación vertical bidireccional, dispoñendo de ferramentas que faciliten a información dos novos axentes interesados, así como das novas iniciativas que se formulen.

Estableceranse as bases que definan os pasos a seguir para lograr o mantemento e mellora do plan durante a duración de todo o programa. Para iso definiranse as responsabilidades dentro do grupo, para determinar que tódolos colectivos sexan atendidos durante o período de duración dos fondos, e garantir a transparencia no tratamento dos datos e toma de decisións.

Estableceranse as bases para fomentar a coordinación con outros GAC así como cos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR), potenciando as sinerxías que poidan xurdir entre eles.

4.4. SUSTENTABILIDADE DO PROXECTO E DO GAC MÁIS ALÁ DA XESTIÓN DO PROGRAMA

As actuacións a realizar polo GAC1 deberán ir mais alá da propia xestión do programa. O GAC1 actuará como un axente dinamizador, económico e social, da zona 1. Neste senso, deberá ter como obxectivos:

- Participar en cantas iniciativas zonais, rexionais, nacionais, e internacionais que contribúan a potenciar o desenvolvemento socioeconómico do sector pesqueiro da zona.
- Sevir ás entidades asociadas de centro receptor, canalizador e distribuidor de toda a información relativa ao campo de acción do desenvolvemento local e rexional.
- Ser factor de sensibilización das administracións, entidades públicas e privadas, así como ás institucións comunitarias europeas co obxecto de poder optimizar o aproveitamento dos recursos endóxenos da zona de cara ao seu desenvolvemento harmónico, equilibrado, sotido e integral.
- Posibilitar entre as entidades asociadas o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo e intervención no ámbito do desenvolvemento zonal e rexional.

- Promover a cooperación interrexional e transnacional con outras asociacións ou organizacións creadas ao abeiro do eixe do Fondo Europeo da Pesca.
- Calquera outra que favoreza o desenvolvemento sostible do territorio conforme aos obxectivos establecido no apartado II do artigo 43 do Regulamento CE 1198/2006 do FEP.

5. FONTES DE CONSULTA

- "Climate Change and European Fisheries", Parlamento Europeo.
- "Evidencias do Cambio Climático en Galicia", Consellería de Medioambiente e Desenvolvemento Sostible.
- "Plan Galego de Acción Fronte ao Cambio Climático 2008-2012", Xunta de Galicia
- Análise Socioeconómica Augas Galicia Costa
- Banco de datos do INE (Instituto Nacional de Estadística)
- Banco de datos municipais do IGE (Instituto Galego de Estadística)
- Datos da Consellería do Medio Rural
- Datos de paro da Consellería de Traballo
- Datos públicos da Consellería de Medioambiente e Desenvolvemento Sostible.
- Datos públicos da Diputación Provincial da Coruña
- Datos públicos da Diputación Provincial de Lugo
- Informe de Sotenibilidade Ambiental do Programa operativo FEDER de Galicia 2007-2013
- Plan Estratégico Nacional del Fondo Europeo de la Pesca, Junio 2007.
- Programa Operativo Español do Fondo Europeo da Pesca 2007-2013.
- Publicacións de Tourgalicia: "Ferrol e Ortegal" e "A Mariña Lucense".
- Rexistros Administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia. Xunta de Galicia.
- Sistema de Información Territorial de Galicia - SITGA

**Documento elaborado polo Centro Tecnolóxico da Pesca,
CETPEC**



ANEXO A-Gasto Público para o Eixo 4 do FEP

Medidas		Tipo de proxecto	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL GASTO PUBLICO	Gasto Privado	Gasto Total	%	
SECTORIAIS OU VERTICAIS	1. Diversificación de actividades do sector pesqueiro.	Produtivos	320.246,82 €	187.900,80 €	169.862,33 €	162.082,37 €	131.880,69 €	971.973,01 €	1.187.967 €	2.159.940 €	45%	
		Non Produtivos										
	2. Promoción e mellora das competencias profesionais	Produtivos										
		Non Produtivos	25.066,55 €	18.357,73 €	22.428,27 €	20.189,88 €	26.673,84 €	112.716,27 €	48.307 €	161.023 €	70%	
	3. Mellora do entorno natural e a calidade medioambiental	Produtivos										
		Non Produtivos	142.879,35 €	79.272,03 €	73.605,52 €	76.721,54 €	73.716,78 €	446.195,22 €	191.227 €	637.422 €	70%	
	4. Diversificación e fortalecemento da economía nas zonas pesqueiras	Produtivos	266.051,20 €	138.757,52 €	156.795,99 €	164.575,95 €	194.777,63 €	920.958,29 €	1.125.616 €	2.046.574 €	45%	
		Non Produtivos	165.439,24 €	88.117,12 €	89.713,10 €	88.835,47 €	85.356,27 €	517.461,21 €	221.769 €	739.230 €	70%	
HORIZONTALS OU TRANSVERSAIS	5. Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías.	Produtivos										
		Non Produtivos										
	6. Fomento da igualdade de oportunidades	Produtivos										
		Non Produtivos										
	7. Fomento da cooperación e da participación	Produtivos										
		Non Produtivos										
TOTAL PROXECTOS		PRODUTIVOS	586.298,02 €	326.658,32 €	326.658,32 €	326.658,32 €	326.658,32 €	1.892.931,30 €	2.313.583 €	4.206.514 €	45%	
		NON PRODUTIVOS	333.385,14 €	185.746,89 €	185.746,89 €	185.746,89 €	185.746,89 €	1.076.372,70 €	461.303 €	1.537.675 €	70%	
		TOTAL	919.683,16 €	512.405,21 €	512.405,21 €	512.405,21 €	512.405,21 €	2.969.304,00 €	2.774.885 €	5.744.189 €	52%	
Gastos de Funcionamento do GAC			114.960,40 €	64.050,65 €	64.050,65 €	64.050,65 €	64.050,65 €	371.163,00 €				
Gastos de Difusión e Sensibilización			114.960,40 €	64.050,65 €	64.050,65 €	64.050,65 €	64.050,65 €	371.163,00 €				
Total Gastos de Xestión			229.920,80 €	128.101,30 €	128.101,30 €	128.101,30 €	128.101,30 €	742.326,00 €				
Total do Plan Estratégico Zonal			1.149.603,96 €	640.506,51 €	640.506,51 €	640.506,51 €	640.506,51 €	3.711.630,00 €	2.774.885 €	5.744.189 €	65%	

ANEXO IA ORZAMENTO POR LIÑAS DE ACTUACIÓN

	1.892.931,30 €	1.076.372,70 €		
2.969.304,00 €	PRODUCTIVOS	NON PRODUCTIVOS	TOTAL	% TOTAL
1. Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro	971.973,01 €		971.973,01 €	33%
Mellora das canles de comercialización dos produtos pesqueiros	427.668,12 €			
Aumento do valor engadido dos produtos pesqueiros	291.591,90 €			
Turismo Mariñeiro	252.712,98 €			
Aplicación das TIC nas confrarías e lonxas de A Mariña-Ortegal				
2. Diversificación e fortalecemento da economía nas zonas pesqueiras	920.958,29 €	517.461,21 €	1.438.419,50 €	48%
Modernización/creación de PEMES relacionadas coa pesca	377.592,90 €			
Creación/Modernización de servizos relacionados co turismo mariñeiro	405.221,65 €			
Fomento das actividades turístico pesqueiras	138.143,74 €			
Conservación e mellora do patrimonio no entorno pesqueiro		310.476,73 €		
Actividades de divulgación e coñecemento do sector pesqueiro		206.984,48 €		
3. Cohesión social		112.716,27 €	112.716,27 €	4%
Mellora das competencias profesionais relacionadas coa estratexia especialmente dirixidas á muller e discapacitados				
4. Mellora do entorno natural e a calidade medioambiental		446.195,22 €	446.195,22 €	15%
Estratexia de Educación Ambiental e Voluntariado		156.168,33 €		
Sendeirismo na franxa costeira		290.026,89 €		

ANEXO IIA ORZAMENTO FUNCIONAMENTO E PROMOCIÓN

		2.009	2.010	2.011	2.012	2.013
ORZAMENTO TOTAL (20% DO PEZ)	742.326,00 €	229.920,80 €	128.101,30 €	128.101,30 €	128.101,30 €	128.101,30 €
PROMOCIÓN		114.960,40 €	64.050,65 €	64.050,65 €	64.050,65 €	64.050,65 €
Actuacions de publicidade e divulgación						
Estudos e traballos técnicos	371.163,00 €					
Formación						
Xornadas/Seminarios e Congresos previstos						
FUNCIONAMENTO		114.960,40 €	64.050,65 €	64.050,65 €	64.050,65 €	64.050,65 €
Equipo de traballo (persoal: 1-2 persoas)						
Outros (evaluación, auditoría, asist. técnica)	371.163,00 €					
Gastos operativos de funcionamento:						

ANEXO IB CRONOGRAMA

	2009				2010				2011				2012				2013			
LINAS DE ACTUACION	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T
1. Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro																				
Mellora das canles de comercialización dos produtos pesqueiros																				
Aumento do valor engadido dos produtos pesqueiros																				
Turismo Mariñeiro																				
Aplicación das TIC nas confrarías de A Mariña-Ortegal																				
2. Diversificación e fortalecemento da economía nas zonas pesqueiras																				
Modernización/creación de PEMES relacionadas coa pesca																				
Creación/Modernización de servizos relacionados co turismo mariñeiro																				
Fomento das actividades turístico pesqueiras																				
Conservación e mellora do patrimonio no entorno pesqueiro																				
Actividades de divulgación e coñecemento do sector pesqueiro																				
3. Cohesión social																				
Mellora das competencias profesionais relacionadas coa estratexia especialmente dirixidas á muller e discapacitados																				
4. Mellora do entorno natural e a calidade medioambiental																				
Estratexia de Educación Ambiental e Voluntariado																				
Axudas para a realización de actividades de sendeirismo																				
ACCIONS DE PROMOCIÓN E SENSIBILIZACIÓN																				
<i>Actuacions de publicidade e divulgación</i>	tarefas continuas																			
<i>Estudos e traballos técnicos</i>																				
<i>Formación</i>																				
<i>Xornadas/Seminarios e Congresos previstos</i>																				
XESTION DO PROXECTO																				
<i>Equipo de traballo (persoal)</i>	tarefas continuas																			
<i>Asistencia externa (evaluación, auditoría e asistencia técnica)</i>																				
<i>Gastos xerais de funcionamento</i>																				

ANEXO I INDICADORES

Eixo 1. Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro				
Liñas estratéxicas	1.1. Mellora das canles de comercialización dos produtos pesqueiros	1.2. Aumento do valor engadido dos produtos pesqueiros	1.3. Turismo Mariñeiro	1.4. Aplicación das Tecnoloxías da Información e Comunicación nas confrarías e lonxas de A Mariña-Ortegal
Indicadores	1. Empregos directos xerados	1. Empregos directos xerados	1. Número de traballadores do mar que participan nestas actividades	1. Número de confradías e lonxas participantes
	2. % de mulleres empregadas	2. % Mulleres empregadas	3. % de mulleres que participan nos proxectos	2. Inversión anual en tecnoloxías da infomación e comunicación en cada confradía
	3. Valor do produto comercializado en primeira venda	3. Novos produtos comercializados	4. Enquisas de satisfacción dos clientes	3. Enquisas de uso de internet
	4. Canais de comercialización / clientes atendidos	4. Especies comercializadas	5. Colaboración co sector hosteleiro.	
	5. Especies comercializadas	5. Valor de venda do produto comercializado ao consumidor	6. Nº de proxectos	
	6. Nº de proxectos	6. Nº de proxectos		

ANEXO II INDICADORES

Eixo 2. Diversificación e fortalecemento da economía nas zonas pesqueiras					
Liñas estratéxicas	2.2.Modernización/creación de PEMES relacionadas coa actividade pesqueira	2.2. Creación e modernización de servizos turísticos relacionados coa actividade marítimo-pesqueira	2.3.Fomento de actividades turístico-pesqueiras	2.4.Conservación e Mellora do Patrimonio no entorno pesqueiro	2.5.Actividades de divulgación e coñecemento do sector pesqueiro
Indicadores	1. Empregos directos xerados	1. Empregos directos xerados	1. Accións levadas a cabo	1. Accións levadas a cabo sobre patrimonio material	1. Accións levadas a cabo
	2. % de mulleres empregadas	2. Mulleres empregadas	2. Nº de proxectos en colaboración	2. Patrimonio material catalogado	2. Nº de proxectos en colaboración
	3.Nº de empresas creadas relacionadas con oficios tradicionais	3. Novos/mellora de produtos turísticos comercializados	3. Nº de proxectos con participación de entidades públicas	3. Patrimonio inmaterial catalogado	3. Nº de persoas participantes nos eventos
	4.Nº de empresas creadas relacionadas coas TIC	4. Recursos endóxeos utilizados dentro dos input	4. Nº de proxectos	4. Publicacións virtuais ou físicas realizadas	4. Sectores da sociedade obxectivo da divulgación
	5. Nº de empresas creadas relacionadas coas enerxías renovables	5. Colaboracións co sector pesqueiro		5. Nº de proxectos en colaboración con entidades públicas	5. Enquisas de coñecemento
	6. Nº de proxectos	6. Nº de proxectos		6. Nº de proxectos	

ANEXO III INDICADORES

Eixo 3. Cohesión social	
Liñas estratéxicas	3.1. Mellora das competencias profesionais relacionadas coa estratexia
Indicadores	1. N ^o Actividades de formación
	2. % de mulleres participantes
	3. Incorporación dos formados na actividade empresarial

Eixo 4. Mellora do entorno natural e calidade medioambiental		
Liñas estratéxicas	4.1. Estratexia de Educación Ambiental e Voluntariado	4.2. Sendeirismo
Indicadores	1. Número de accións levadas a cabo	1. Km de recorrido habilitado (bicicleta e a pe)
	2. N ^o de persoas participantes nas actividades desenvolvidas	2. Sinais colocadas
	3. N ^o de proxectos colaborativos	3. Usuarios dos sendeiros
	4. Valoración das actividades polos participantes e avaliación dos coñecementos e valores adquiridos.	